

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**13645** *Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

#### PREÁMBULO

##### I

O fornecemento de enerxía eléctrica constitúe un servizo de interese económico xeral, pois a actividade económica e humana non pode entenderse na actualidade sen a súa existencia. A ordenación dese servizo distingue actividades realizadas en réxime de monopolio natural e outras en réxime de mercado.

A aprobación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, supuxo o inicio do proceso de liberalización progresiva do sector mediante a apertura das redes a terceiros, o establecemento dun mercado organizado de negociación da enerxía e a redución da intervención pública na xestión do sistema.

Así, procedeuse á desintegración vertical das distintas actividades, segregando as actividades en réxime de monopolio natural (transporte e distribución) daquelas que se desenvolven en réxime de libre competencia (xeración e comercialización). A retribución da actividade de produción baseouse na organización dun mercado grosista, abandonando o principio de recoñecemento de custos. No caso das redes, estableceuse o principio de acceso de terceiros ás redes e o seu réxime retributivo continuaría fixándose administrativamente, en función dos custos da actividade. Con esta lei apareceu, ademais, a actividade de comercialización de enerxía eléctrica como unha actividade independente do resto das actividades destinadas ao fornecemento, actividade que foi dotada dun marco normativo para permitir a liberdade de contratación e escolla por parte dos consumidores. Por último, encomendouse a xestión do sistema ás correspondentes sociedades mercantís e privadas, responsables, respectivamente, da xestión económica e técnica do sistema.

Transcorridos dezaseis anos desde a entrada en vigor da Lei 54/1997, do 27 de novembro, pódese dicir que, esencialmente, gran parte dos seus obxectivos se cumpriron. O nivel de seguranza e calidade do fornecemento é elevado, dado o nivel de investimentos en redes emprendidas nos últimos anos e a existencia dunha mestura de fontes de enerxía diversificada, sobre todo tendo en conta a situación de illamento do sistema que presenta pola propia configuración física do territorio. Polo seu lado, o proceso de liberalización desenvolveuse mesmo máis rápido que o exixido polas directivas europeas, o que permitiu aos consumidores a capacidade de escolla de fornecedor. Finalmente, todo este proceso enmarcouse dentro dos principios de protección ambiental dunha sociedade moderna.

Neste senso, a Lei 54/1997, do 27 de novembro, contribuíu notablemente ao cumprimento dos compromisos derivados do paquete Enerxía e Cambio Climático, que establecen como obxectivos para 2020 a redución de gases de efecto invernadoiro do 20 por cento na Unión Europea con respecto a 1990, alcanzar un 20 por cento de

participación de enerxías renovables na enerxía primaria e conseguir un 20 por cento de mellora da eficiencia enerxética.

Non obstante, durante este tempo producíronse cambios fundamentais no sector eléctrico que provocaron a continua actuación do lexislador e motivan a necesidade de dotar o sistema eléctrico dun novo marco normativo. Entre eles convén destacar o alto nivel de investimento en redes de transporte e distribución, a elevada penetración das tecnoloxías de xeración eléctrica renovables, a evolución do mercado grosista de electricidade, coa aparición de novos axentes e o aumento da complexidade das ofertas, e a aparición dun exceso de capacidade de centrais térmicas de ciclo combinado de gas, necesarias, por outra parte, para asegurar a protección do sistema. Así mesmo, un elemento determinante para abordar esta reforma foi a acumulación, durante a última década, de desequilibrios anuais entre ingresos e custos do sistema eléctrico, que provocou a aparición dun déficit estrutural.

As causas deste desequilibrio encóntranse no crecemento excesivo de determinadas partidas de custos por decisións de política enerxética, sen que se garantise o seu correlativo ingreso por parte do sistema e todo isto agravado pola ausencia de crecemento da demanda eléctrica, fundamentalmente como consecuencia da crise económica.

A pesar de que as peaxes creceron un cento vinte e dous por cento entre 2004 e 2012, situando o prezo da electricidade no noso país moi por cima da media da Unión Europea, eran insuficientes para cubrir os custos do sistema. Esta situación de desequilibrio chegou ao punto de que a débeda acumulada do sistema eléctrico supera no momento actual os vinte e seis mil millóns de euros, o déficit estrutural do sistema alcanza os dez mil millóns anuais e de que a falta de corrección do desequilibrio introduciu un risco de quebra do sistema eléctrico.

A Lei 54/1997, do 27 de novembro, revelouse insuficiente para garantir o equilibrio financeiro do sistema, entre outras causas porque o sistema de retribución das actividades reguladas carecía da flexibilidade necesaria para a súa adaptación a cambios relevantes no sistema eléctrico ou na evolución da economía.

Por tanto, a experiencia da última década puxo de manifesto que a inestabilidade económica e financeira do sistema eléctrico, provocada polo déficit de tarifa, impediu garantir un marco regulatorio estable, necesario para o correcto desenvolvemento dunha actividade como a eléctrica, moi intensiva en investimento.

Así, a insustentabilidade económica do sistema eléctrico, xunto á continua evolución do sector durante os últimos dezaseis anos, obrigou o lexislador a adaptar en numerosas ocasións a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, en moitas delas mediante a aprobación de medidas urxentes por real decreto lei, polo que na actualidade existe unha dispersión normativa non desexable nun sector económico tan relevante.

O Real decreto lei 14/2010, do 23 de decembro, polo que se establecen medidas urxentes para a corrección do déficit tarifario do sector eléctrico, elevou os límites máximos de déficit que se estableceran para os anos 2010, 2011 e 2012 no Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social, mantendo o obxectivo de non aparición de novo déficit no sistema eléctrico a partir de 2013. Ademais, procedeuse a adoptar outras medidas puntuais de protección do consumidor e de redución de determinadas partidas dos custos e dos ingresos do sistema. Entre elas, limitábanse as horas equivalentes primadas de funcionamento das instalacións fotovoltaicas e establecíase a obrigación dos produtores de enerxía de faceren fronte a unha peaxe de xeración, dada a incidencia desta actividade no desenvolvemento das redes de transporte e distribución.

Entre as medidas que se adoptaron no ano 2012 destacan, en primeiro lugar, o Real decreto lei 1/2012, do 27 de xaneiro, polo que se procede á suspensión dos procedementos de preasignación de retribución e á supresión dos incentivos económicos para novas instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de coxeración, fontes de enerxía renovables e residuos, que suprimiu os incentivos para a construción das instalacións de tecnoloxías de réxime especial, a fin de evitar a incorporación de novos custos ao sistema eléctrico.

Despois disto, o Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo, polo que se traspoñen directivas en materia de mercados interiores de electricidade e gas e en materia de comunicacións electrónicas, e polo que se adoptan medidas para a corrección das desviacións por desaxustes entre os custos e ingresos dos sectores eléctrico e gasista, fixou uns novos criterios para a regulación da retribución das actividades de distribución e transporte, axustando a retribución correspondente ao ano 2012 e diminuindo o importe que se había satisfacer ás empresas de xeración de electricidade, entre outros, polo concepto de garantía de potencia. Da mesma forma, adoptáronse medidas para corrixir a retribución da actividade de xeración nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, a través do custo que se recoñecía pola adquisición de combustible e vinculando o pagamento por garantía de potencia á dispoñibilidade real das instalacións.

Na mesma liña, o Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, incorporou outras medidas adicionais relativas ao réxime retributivo das centrais de xeración en réxime ordinario nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, e modificou, ademais, a retribución da actividade de transporte, establecendo que a retribución en concepto de investimento se recoñecerá para activos en servizo non amortizados e que se tomará como base para a súa retribución financeira o valor neto destes.

Así mesmo, o Real decreto lei 29/2012, do 28 de decembro, de mellora de xestión e protección social no sistema especial para empregados de fogar e outras medidas de carácter económico e social, dispuxo que os desaxustes temporais de liquidacións do sistema eléctrico producidos en 2012 tivesen a consideración de déficit de ingresos do sistema de liquidacións eléctrico para ese ano e que xeraría dereitos de cobramento que poderían ser cedidos polos seus titulares ao Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico, e isto con carácter adicional aos 1.500 millóns de euros de déficit xa recoñecido na disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico. Por outro lado, para garantir o obxectivo final para que foi establecido o mecanismo de preasignación de retribución para as instalacións de réxime especial, isto é, asegurar un réxime económico baixo o presuposto e a condición da completa execución da instalación nun prazo concreto, introduciuse unha habilitación para a supresión ou corrección do réxime económico primado en caso de constatación do incumprimento das obrigacións que constitúen presuposto esencial da definitiva adquisición de tal réxime económico.

Ademais, aprobouse a Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética, que recoñece como obxectivo a harmonización do sistema fiscal cun uso máis eficiente e respectuoso co ambiente e a sustentabilidade, en liña cos principios básicos que rexen a política fiscal, enerxética e ambiental da Unión Europea. Dado o forte impacto económico e ambiental do sector enerxético, esta lei introduciu medidas de carácter excepcional para que os custos do sistema fosen financiados tanto cos ingresos que proceden das peaxes de acceso e demais prezos regulados, como de determinadas partidas provenientes dos orzamentos xerais do Estado. Introducíronse aspectos relacionados co dereito á percepción dun réxime económico primado por instalacións de enerxía renovable que utilicen combustibles.

Pola súa parte, a Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, estableceu entre outras, e con vixencia exclusiva para 2013, que non serían de aplicación as limitacións a avais do Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico establecidos na disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, relativa á suficiencia das peaxes de acceso e desaxustes de ingresos das actividades reguladas do sector eléctrico. Tamén, en coherencia coa Lei 15/2012, do 27 de decembro, estableceu unha serie de achegas para financiar os custos do sistema eléctrico referidos ao fomento de enerxías renovables equivalentes á suma da estimación da recadación anual correspondente ao Estado derivada dos tributos incluídos na Lei de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética e o 90 por cento do ingreso estimado pola poxa dos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, cun máximo de 450 millóns de euros.

Non sendo suficientes as medidas aprobadas durante o ano 2012 para eliminar o déficit do sistema eléctrico, no ano 2013 adoptáronse coa mesma finalidade dous reais decretos leis e un crédito extraordinario no orzamento do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. O Real decreto lei 2/2013, do 1 de febreiro, introduciu novas medidas para corrixir os desaxustes entre os custos do sector eléctrico e os ingresos obtidos a partir dos prezos regulados, tentando evitar a asunción dun novo esforzo por parte dos consumidores. Para isto, modificouse o índice de actualización dos custos do sector eléctrico, a fin de utilizar unha referencia máis estable que non se vise afectada pola volatilidade dos prezos de alimentos non elaborados nin dos combustibles de uso doméstico, e introducíronse dúas opcións de venda da enerxía producida en instalacións de réxime especial: a cesión da electricidade ao sistema percibindo unha tarifa regulada ou a venda da electricidade no mercado de produción de enerxía eléctrica, sen complemento de prima.

Así, aprobouse a Lei 15/2013, do 17 de outubro, pola que se establece o financiamento para o ano 2013 con cargo aos orzamentos xerais do Estado de determinados custos do sistema eléctrico, ocasionados polos incentivos económicos para o fomento da produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxías renovables, e se concede un crédito extraordinario por un importe de 2.200.000.000 de euros no orzamento do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Adicionalmente a este axuste dos custos, adoptáronse outras normas que supuxeron un incremento das peaxes de acceso para os consumidores e, por conseguinte, dos ingresos do sistema eléctrico.

Finalmente, aprobouse o Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, polo que se adoptan medidas urxentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico, que, entre outros aspectos, establece un novo réxime retributivo para as instalacións de xeración de enerxía renovable, coxeración e residuos e unha serie de principios retributivos adicionais para o transporte e a distribución de enerxía eléctrica, fixando o concepto de rendibilidade razoable, en liña coa doutrina xurisprudencial sobre o particular traída a lume nos últimos anos, nunha rendibilidade de proxecto que xirará, antes de impostos, sobre o rendemento medio no mercado secundario das obrigacións do Estado a dez anos aplicando o diferencial adecuado.

En definitiva, os continuos cambios normativos supuxeron unha importante distorsión no normal funcionamento do sistema eléctrico que é necesario corrixir cunha actuación do lexislador que proporcione a estabilidade regulatoria que a actividade eléctrica necesita. Esta seguranza regulatoria, unida á necesidade de emprender as reformas necesarias para garantir a sustentabilidade do sistema a longo prazo e de resolver as sinaladas deficiencias existentes no funcionamento do sistema, aconsellan a aprobación dunha reforma global do sector, baseada nun novo réxime de ingresos e gastos do sistema eléctrico, que tenta devolver ao sistema unha sustentabilidade financeira perdida hai tempo e cuxa erradicación non se conseguiu até hoxe mediante a adopción de medidas parciais.

Esta lei enmárcase, así mesmo, no ámbito da reforma estrutural do sector eléctrico incluída na Recomendación do Consello relativa ao Programa nacional de reformas de 2013 de España, aprobadas polo Consello da Unión Europea no 9 de xullo de 2013.

## II

Esta lei ten como finalidade básica establecer a regulación do sector eléctrico garantindo o fornecemento eléctrico cos niveis necesarios de calidade e ao mínimo custo posible, asegurar a sustentabilidade económica e financeira do sistema e permitir un nivel de competencia efectiva no sector eléctrico, todo isto dentro dos principios de protección ambiental dunha sociedade moderna.

O principio de sustentabilidade económica e financeira do sistema eléctrico será un principio reitor das actuacións das administracións públicas e demais suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación da lei. En virtude del, calquera medida normativa en relación co sector que supoña un incremento de custo para o sistema eléctrico ou

unha redución de ingresos deberá incorporar unha redución equivalente doutras partidas de custos ou un incremento equivalente de ingresos que asegure o equilibrio do sistema. Desta maneira descártase definitivamente a posibilidade de acumulación de novos déficits como ocorreu no pasado.

Este principio refórzase co establecemento de restricións taxadas á aparición de desaxustes temporais anuais, establecendo como mecanismo correctivo a obrigación de revisión automática das peaxes e cargos que correspondan se se superan determinados limiares. Os limiares introducidos permiten unha mínima desviación provocada por circunstancias conxunturais que, como tales, poden revertirse no seguinte período sen necesidade dunha modificación das peaxes e cargos.

Os desfases temporais que se produzan desde a entrada en vigor da lei, sen excederen os citados limiares, serán financiados por todos os suxeitos do sistema de liquidación en función dos dereitos de cobramento que xeren. Ao contrario do sistema anterior, non serán financiados exclusivamente polos grandes operadores e os dereitos de cobramento correspondentes a déficit de ingresos non se poderán ceder ao Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico desde o 1 de xaneiro de 2013.

Introdúcese a obrigación de aprobación con carácter anual por parte do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, con informe previo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, das previsións da evolución anual das diferentes partidas de ingresos e custos do sistema eléctrico para os seis seguintes anos.

Mantense o financiamento dos custos do sistema por parte dos consumidores mediante o pagamento das peaxes de acceso ás redes e o resto de cargos, así como mediante outros instrumentos financeiros e, excepcionalmente e para os supostos especificamente previstos, mediante as partidas provenientes dos orzamentos xerais do Estado. Esta dobre contribución corresponsabiliza no financiamento do sistema os consumidores eléctricos, en maior medida, e o orzamento público, cando así estea prescrito dado o carácter de servizo esencial do fornecemento eléctrico e a afección territorial, ambiental e estratéxica do sistema eléctrico.

A diferenciación de peaxes e cargos responde á terminoloxía utilizada nas directivas europeas e á conveniencia de diferenciar os pagamentos por contribución á cobertura dos custos das redes de transporte e distribución (peaxes) daqueles pagamentos relacionados con outros aspectos regulados do sistema (cargos). Así, as peaxes de acceso destínanse a cubrir o custo das actividades de transporte e distribución de enerxía eléctrica, en liña co disposto na Directiva 2009/72/CE, sobre mercado interior de electricidade. Os cargos introdúcense como novidade na presente lei e estarán destinados a cubrir os custos das actividades do sistema que correspondan, tendo en conta as contías que tamén proceden das partidas orzamentarias ou doutros mecanismos. Así, entre outros, os cargos cubrirán o réxime retributivo específico da actividade de xeración a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración de alta eficiencia e residuos, retribución do extracusto da actividade de produción nos sistemas eléctricos nos territorios non peninsulares con réxime retributivo adicional, retribución asociada á aplicación de mecanismos de capacidade e anualidades correspondentes aos déficits do sistema eléctrico, cos seus correspondentes xuros e axustes.

Tal e como se expuxo, a experiencia adquirida coa aplicación da lei anterior permitiu identificar aquelas barreiras cuxa superación resulta precisa para continuar avanzando no proceso de liberalización do fornecemento, de mellora dos procesos de participación no mercado e de garantía da adecuada protección aos consumidores co obxectivo último de asegurar o fornecemento de enerxía eléctrica en condicións competitivas e coa calidade adecuada. Ao mesmo tempo, a nova lei avanza no exercicio de integración nun só texto das disposicións con rango legal dispersas nas distintas normas aprobadas desde a entrada en vigor da Lei 54/1997, do 27 de novembro.

A nova lei enmárcase tamén nun contexto de integración dos mercados eléctricos europeos. Neste senso, a lei ten en conta a normativa europea de aplicación no sector eléctrico, en particular, a Directiva 2009/72/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade, que

foi trasposta polo Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo. Tamén ten en conta o marco europeo de intercambios transfronteirizos de electricidade fixado polo Regulamento (CE) n.º 714/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, relativo ás condicións de acceso á rede para o comercio transfronteirizo de electricidade.

Ademais, resulta relevante o Regulamento (UE) n.º 1227/2011, sobre integridade e transparencia do mercado grosista de enerxía, polas súas siglas en inglés, REMIT, o cal establece normas que prohiben as prácticas abusivas que afectan os mercados grosistas da enerxía, e o Convenio Internacional entre o Reino de España e a República Portuguesa do 1 de outubro de 2004, asinado co fin de promover a integración dos seus sistemas eléctricos, o que deu lugar a que ambos os países compartan desde o 1 de xullo de 2006 un mercado organizado a prazo con subxacente eléctrico e, desde o 1 de xullo de 2007, un mercado ao contado de electricidade.

Tamén procede á clarificación das competencias da Administración xeral do Estado, mantendo, en esencia, as competencias atribuídas pola Lei 54/1997, do 27 de novembro, e incorporando os criterios que resultan das sentenzas ditadas durante os últimos anos en relación cos conflitos xurdidos entre administracións. Así, establécese a competencia do Goberno para a regulación básica do sector, para o establecemento e adxudicación dos réximes económicos de aplicación ás distintas actividades e para garantir a seguranza de fornecemento de enerxía eléctrica aos consumidores.

En relación coa planificación eléctrica mantense o carácter vinculante da planificación da rede de transporte, incorporando ferramentas para adecuar o nivel de investimentos á situación do ciclo económico e aos principios de sustentabilidade económica.

A notoriedade da situación do déficit tarifario e a consecuente ameaza á viabilidade mesma do sistema eléctrico motivou a necesidade de abordar cambios importantes no réxime retributivo das actividades reguladas. Ante a deterioración progresiva da sustentabilidade do sistema eléctrico, os suxeitos deste non podían confiar lexitimamente na conservación dos parámetros que dexeneraran na situación descrita e calquera operador dilixente podía anticipar a necesidade destes cambios.

Para as actividades con retribución regulada, a lei reforza e clarifica os principios e criterios para o establecemento dos réximes retributivos, para os cales se considerarán os custos necesarios para realizar a actividade por unha empresa eficiente e ben xestionada, mediante a aplicación de criterios homoxéneos en todo o territorio español. Estes réximes económicos permitirán a obtención de rendibilidades adecuadas en relación co risco da actividade.

Para os sistemas eléctricos non peninsulares, que adoptan esta nova denominación, establécese a posibilidade de establecemento dun réxime singular para o que se terán en consideración exclusivamente os extracustos destes sistemas eléctricos asociados ao seu carácter illado.

A xestión técnica e económica do sistema manteñen en esencia o resto de criterios retributivos, incorporando na retribución do operador do sistema incentivos á redución de custos do sistema derivados da operación.

A elevada penetración das tecnoloxías de produción a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, incluídas no denominado «réxime especial de produción de enerxía eléctrica», ocasionou que a súa regulación singular ligada á potencia e á súa tecnoloxía careza de obxecto. Polo contrario, fai preciso que a regulación contemple estas instalacións de maneira análoga á do resto das tecnoloxías que se integran no mercado e, en todo caso, que sexan consideradas por razón da súa tecnoloxía e implicacións no sistema, en lugar de pola súa potencia, polo que se abandonan os conceptos diferenciados de réxime ordinario e especial. Por este motivo procédese a unha regulación unificada, sen prexuízo das consideracións singulares que sexa preciso establecer.

O réxime retributivo das enerxías renovables, coxeración e residuos basearase na necesaria participación no mercado destas instalacións, complementando os ingresos de mercado cunha retribución regulada específica que permita a estas tecnoloxías competiren en nivel de igualdade co resto de tecnoloxías no mercado. Esta retribución

específica complementaria será suficiente para alcanzar o nivel mínimo necesario para cubrir os custos que, contrariamente ás tecnoloxías convencionais, estas non poidan recuperar no mercado e permitiralles obter unha rendibilidade adecuada con referencia á instalación tipo aplicable en cada caso.

A taxa de retribución para as actividades de rede e a taxa de rendibilidade para a actividade de produción a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, para o primeiro período regulatorio, establecidas no Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, polo que se adoptan medidas urxentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico, son plenamente coherentes cos principios contidos nesta lei. Para o cálculo da retribución específica consideraranse, para unha instalación tipo, os ingresos pola venda da enerxía xerada valorada ao prezo do mercado de produción, os custos de explotación medios necesarios para realizar a actividade e o valor do investimento inicial da instalación tipo, todo isto para unha empresa eficiente e ben xestionada.

Ademais, dispónse que en ningún caso se terán en consideración os custos ou investimentos que veñan determinados por normas ou actos administrativos que non sexan de aplicación en todo o territorio español e que tales custos deberán responder exclusivamente á actividade de produción de enerxía eléctrica.

Este novo marco regulatorio dá unha resposta global ao relevante cambio das circunstancias experimentado nos últimos anos no ámbito das tecnoloxías de xeración baseadas en fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, en termos que obedecen a motivos sobexamente xustificadas pola situación descrita. Os investimentos nestas tecnoloxías seguirán estando protexidos e fomentados en España por este novo marco normativo, que consagra o principio de rendibilidade razoable e establece o criterio de revisión dos parámetros retributivos cada seis anos para cumprir co citado principio. Deste modo téntase consolidar a continua adaptación que a regulación experimentou para manter esta rendibilidade razoable mediante un sistema previsible e sometido a concreción temporal.

A lei prevé a posibilidade, con carácter excepcional, de establecemento de novos réximes retributivos específicos para fomentar a produción a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración de alta eficiencia e residuos, cando exista unha obriga de cumprimento de obxectivos enerxéticos derivados de directivas europeas ou doutras normas do dereito da Unión Europea ou cando a súa introdución supoña unha redución do custo enerxético e da dependencia enerxética exterior.

Así mesmo, a lei precisa os criterios de prioridade de acceso e despacho para a electricidade de fontes de enerxía renovables e de coxeración de alta eficiencia, de acordo co establecido nas directivas comunitarias.

En relación coa fixación das retribucións das actividades de redes, sistemas eléctricos non peninsulares e réxime de enerxías renovables e coxeración, a lei introduce o concepto de período regulatorio, habitual na regulación doutros países do noso contorno, e fíxao nun período de seis anos. A lei introduce ferramentas de flexibilidade coa finalidade de adaptar as retribucións á situación cíclica da economía e ás necesidades do sistema, conxugando a necesidade de estabilidade e previsibilidade para os axentes coa exigencia de adaptación dos réximes retributivos.

O desenvolvemento do autoconsumo como fonte alternativa de xeración de electricidade á marxe do sistema eléctrico require a regulación dunha actividade que non tiña até a data un marco legal e regulamentario específico. A lei ten por finalidade garantir un desenvolvemento ordenado da actividade, compatible coa necesidade de garantir a sustentabilidade técnica e económica do sistema eléctrico no seu conxunto. Neste senso, o articulado da lei establece a obriga das instalacións de autoconsumo de contribuír ao financiamento dos custos e servizos do sistema na mesma contía que o resto dos consumidores. Transitoriamente, establécense excepcións para os casos en que o autoconsumo supón unha redución de custos para o sistema e para as instalacións existentes de coxeración.

A norma impulsa o principio de competencia efectiva no sector eléctrico. Así, introdúcese neste senso un mecanismo competitivo para a redución do poder de

monopolio nos mercados de restricións, un novo réxime de regulación das enerxías renovables, de coxeración e residuos que reduce as distorsións que estas creaban no mercado e as fai partícipes del no senso de que a súa retribución non será allea ao mercado, un aumento da competencia nas comercializadoras de referencia, a mellora da posición do consumidor canto a información dispoñible e facilitación de procesos de cambio de fornecedor, entre outros.

No mesmo senso, o acceso dos suxeitos ás redes constitúe un dos esteos sobre os cales se sustenta o funcionamento do sistema eléctrico, fundamental para a garantía de fornecemento e de competencia efectiva no mercado. A presente lei procede a unha maior concreción dos conceptos de acceso e conexión ás redes, reforzando os principios de obxectividade, transparencia e non discriminación no seu outorgamento, e fixando o réxime de outorgamento e denegación baixo criterios exclusivamente técnicos.

No relativo aos consumidores, a presente lei establece a regulación sobre a cal se han basear as relacións entre os consumidores e as empresas comercializadoras e distribuidoras en relación co fornecemento de enerxía eléctrica, mediante o establecemento dos seus dereitos e obrigacións no marco xeral de contratación. Para isto, obsérvanse as disposicións da citada Directiva 2009/72/CE, do 13 de xullo de 2009, relativas a dereitos dos consumidores.

Establécese o denominado prezo voluntario para o pequeno consumidor como o prezo máximo de referencia a que poderán contratar os consumidores de menos de determinada potencia contratada que desexen utilizar esta modalidade fronte a unha negociación bilateral cunha comercializadora.

Defínese tamén a figura do consumidor vulnerable, vinculado a determinadas características sociais, de consumo e poder adquisitivo, e establécese a adopción das medidas oportunas para garantir unha protección adecuada a estes consumidores. Estes consumidores terán dereito a unha tarifa reducida respecto do prezo voluntario para o pequeno consumidor.

Finalmente, procédese a unha reformulación do réxime sancionador para adaptalo á evolución que experimentou o sector desde o inicio do proceso de liberalización, así como a un reforzamento dos mecanismos de control do sistema por parte das autoridades públicas en materia de inspección, rexistro de actividades e control da fraude.

### III

A lei do sector eléctrico está conformada por oitenta artigos e estrutúrase en dez títulos, vinte disposicións adicionais, dezaseis disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e seis disposicións derradeiras.

O título I contén as disposicións xerais onde se establece o obxecto e as finalidades da norma; o réxime de actividades, introducindo como novidade a consideración do fornecemento de enerxía eléctrica como un servizo de interese económico xeral; clarifícase a distribución de competencias entre as distintas administracións públicas; regúlanse os aspectos básicos da planificación eléctrica incorporando ferramentas para vincular o nivel de investimentos á situación do ciclo económico e aos principios de sustentabilidade económica e establecendo uns límites de investimento anual, ademais da posibilidade dunha revisión excepcional daquela ante feitos sobrevidos que afecten a a eficiencia, a garantía ou a seguranza, así como a necesaria coordinación da planificación cos plans urbanísticos.

A ordenación do fornecemento regúlase no título II. En primeiro lugar, defínense os suxeitos: produtores, operador do mercado e do sistema, transportistas, distribuidores, comercializadores, consumidores e xestores de cargas do sistema; e introdúcese a definición, xa existente na antiga lei, de representantes dos axentes. En segundo lugar, e en relación coa garantía de fornecemento, refórzase o papel da Administración xeral do Estado, en canto titular último da garantía e seguranza de fornecemento enerxético, mellorando as ferramentas de actuación por parte desta en caso de situacións de risco para a seguranza de fornecemento, coa necesaria colaboración coas comunidades autónomas afectadas. En terceiro lugar, regúlase o funcionamento do sistema eléctrico



en termos similares aos regulados na Lei 54/1997, do 27 de novembro. Destaca neste título a regulación do autoconsumo de enerxía eléctrica, que distingue tres modalidades e establece que as instalacións que estean conectadas ao sistema deberán contribuir á cobertura dos custos e servizos do sistema eléctrico nos mesmos termos que a enerxía consumida polo resto de suxeitos do sistema. Por outra parte, prevese a aplicación dun réxime específico ás actividades para o fornecemento de enerxía eléctrica en territorios non peninsulares e abandónase a terminoloxía de sistemas eléctricos non peninsulares. A seguir régulanse os intercambios intracomunitarios e internacionais de electricidade e, finalmente, inclúese un artigo relativo á separación de actividades que introduce determinadas obrigacións para as empresas comercializadoras de referencia e determinadas exencións das obrigacións de separación de actividades para as empresas distribuidoras.

O título III desenvolve o principio de sustentabilidade económica e financeira do sistema polo que se entende a capacidade para satisfacer a totalidade dos seus custos. Por un lado, defínense os ingresos do sistema eléctrico e os seus custos que, aínda que xa estaban definidos na normativa anterior, con esta nova lei se recollen nun só artigo. Así mesmo, establécense dous principios fundamentais: por unha parte, que os ingresos do sistema serán suficientes para satisfacer a totalidade dos custos do sistema eléctrico e, por outra, que para manter os teitos de custos e ingresos toda medida normativa en relación co sector eléctrico que supoña un incremento de custos para o sistema eléctrico ou unha redución de ingresos deberá incorporar unha redución equivalente doutras partidas de custos ou un incremento equivalente de ingresos que asegure o equilibrio do sistema. Ademais, con carácter anual, aprobarase unha previsión da evolución das diferentes partidas de ingresos e custos do sistema eléctrico para os seguintes seis anos.

Por outro lado, e en relación coa retribución das actividades destinadas ao fornecemento de enerxía eléctrica, determínase de forma expresa que os ingresos do sistema eléctrico serán destinados a pagar exclusivamente a retribución propia das actividades destinadas ao fornecemento eléctrico, sen se poderen destinar a outros fins, e que a metodoloxía do cálculo das retribucións do transporte, distribución, xestión técnica e económica e produción non peninsular considerará os custos necesarios para realizar a actividade por unha empresa eficiente e ben xestionada aplicando criterios homoxéneos en todo o territorio español. Os parámetros para o establecemento das retribucións terán unha vixencia de seis anos e para a súa revisión, que se levará a cabo antes do comezo do período regulatorio, terase en conta a situación cíclica da economía, da demanda eléctrica e dunha rendibilidade adecuada para estas actividades.

Igualmente, régulanse os criterios de redes e de funcionamento das instalacións de xeración con retribución regulada, que serán fixados polo Goberno con carácter básico e de maneira homoxénea para todo o territorio español en función das mellores prácticas das actividades, dos índices de calidade e dos niveis de protección do ambiente, que serán utilizados na planificación da rede de transporte.

Así mesmo, neste título distínguese entre as peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución e os cargos que son necesarios para cubrir outros custos das actividades do sistema que correspondan, que se fixarán de acordo co método que estableza o Goberno, peaxes e cargos que se revisarán con carácter xeral anualmente ou cando se produzan circunstancias que afecten de modo relevante os custos regulados ou os parámetros utilizados para o seu cálculo.

Resulta innovadora a regulación dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor, que serán únicos en todo o territorio español. Estes prezos defínense, en liña coas anteriormente denominadas tarifas de último recurso, como os prezos máximos que poderán cobrar os comercializadores de referencia aos consumidores que se acollan a eles. Deste modo, a denominación de tarifas de último recurso queda reservada a dous colectivos de consumidores: os denominados vulnerables e aqueles consumidores que, sen teren dereito aos prezos voluntarios para o pequeno consumidor, carezan transitoriamente dun contrato de fornecemento cun comercializador. Os ditos prezos voluntarios para o pequeno consumidor incluírán de forma aditiva, por analoxía coa actual

tarifa de último recurso definida segundo a normativa vixente, os conceptos de custo de produción de enerxía eléctrica, as peaxes de acceso e cargos que correspondan e os custos de comercialización que correspondan.

O réxime xurídico do cobramento e liquidación das peaxes, cargos, prezos e retribucións reguladas establece, como novidade, que as liquidacións de ingresos e custos do sistema eléctrico se realizarán, con carácter xeral, mensualmente e con igual periodicidade.

Destaca, ademais, a regulación dos desaxustes temporais entre ingresos e custos do sistema. Defínese a nivel legal o concepto de desaxuste, que xa se viña utilizando na normativa do sector. Límitanse os desaxustes por déficit de ingresos de tal forma que a súa contía non poderá superar o 2 por cento dos ingresos estimados para ese exercicio e a débeda acumulada por desaxustes non poderá superar o 5 por cento deses ingresos. No caso de que non se cumpran eses límites, revisarase as peaxes ou cargos que correspondan. A parte do desaxuste que non se compense por suba de peaxes e cargos será financiada polos suxeitos do sistema de liquidación de forma proporcional aos dereitos de cobramento pola actividade que realizan. As cantidades achegadas por este concepto serán devoltas nas liquidacións correspondentes aos cinco anos seguintes con recoñecemento dun tipo de xuro. Canto aos superávits de ingresos que puideren resultar, destinaranse a compensar desaxustes de anos anteriores, e mentres existan débedas pendentes de anos anteriores as peaxes de acceso ou cargos non poderán ser revisados á baixa.

Por último, e no relativo á contabilidade e información, amplíase a obrigaición de levar contabilidade separada non soamente das actividades eléctricas daquelas que non o sexan, como estaba establecido até agora, senón tamén separar a contabilidade da actividade de produción con retribución regulada e libre. Esta obrigaición que até agora afectaba os produtores con réximes económicos específicos amplíase a todos os produtores con retribución regulada.

O título IV regula a produción de enerxía eléctrica. Elimínanse os conceptos diferenciados de réxime ordinario e especial sen prexuízo das consideracións singulares que for preciso establecer. Unha das principais novidades introducidas nesta lei é a regulación do feche temporal de instalacións de produción, o cal, igual que a posta en funcionamento, modificación, transmisión e feche definitivo de instalacións, estará sometido ao réxime de autorización administrativa previa. Igualmente, régulanse neste título os aproveitamentos hidráulicos necesarios para a produción de enerxía eléctrica e o sistema de ofertas no mercado diario, coa particularidade de que todas as unidades de produción deben realizar ofertas ao mercado, incluídas as do extinto réxime especial. Completan este título a regulación da demanda e contratación da enerxía, os dereitos e obrigaicións dos produtores de enerxía eléctrica, así como o rexistro de réxime retributivo específico.

A xestión económica e técnica do sistema trátase no título V. Por unha parte, régulanse as funcións do operador do sistema e do operador do mercado, así como os procedementos de certificación do operador do sistema pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e de autorización e designación como xestor da rede de transporte polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, que se notificarán á Comisión Europea, así como o de certificación en relación con países non pertencentes á Unión Europea. Por outra, régulase o acceso e a conexión ás redes, definindo claramente os conceptos de dereito de acceso e dereito de conexión, así como os permisos de acceso e conexión, o procedemento e os requisitos para a súa concesión e os suxeitos encargados de concedelos ao abeiro duns criterios técnicos e económicos que se establecerán regulamentariamente.

O título VI regula a actividade de transporte de enerxía eléctrica. Neste título régulase que instalacións se integran na rede de transporte incluíndo a definición de rede de transporte aplicable aos territorios non peninsulares, que anteriormente estaba recollida en normas de menor rango. Así mesmo, introdúcese expresamente o requisito de estar incluído na planificación para o recoñecemento da retribución das novas instalacións.

Finalmente, recóllense as funcións que deberá desenvolver o transportista, anteriormente dispersas en normas de rango legal e regulamentario.

A actividade de distribución de enerxía eléctrica contense no título VII, no cal, principalmente, se detalla o concepto de actividade de distribución, se introduce a definición de instalacións de distribución e se recollen as obrigacións e funcións das empresas de distribución de enerxía eléctrica, distinguindo entre aquelas que son executadas como titulares das redes de distribución e aquelas que son realizadas como empresas xestoras da rede de distribución.

O título VIII, relativo ao fornecemento de enerxía eléctrica, estrutúrase en dous capítulos. O capítulo I, referido ao fornecemento dos usuarios e á xestión da demanda eléctrica, no cal se profunde nas medidas de protección ao consumidor seguindo as directrices da Directiva 2009/72/CE, do 13 de xullo de 2009. Deste modo, ao dereito xa recollido actualmente de poder escoller fornecedor e contratar a enerxía directamente no mercado ou a través dun comercializador, engádense, entre outros, o de recibir o servizo cos niveis de seguranza, regularidade e calidade que se determinen, ser subministrados a uns prezos fácil e claramente comparables, transparentes e non discriminatorios, e dispor de procedementos para tramitar as súas reclamacións. Ademais, establécense as obrigacións dos consumidores e, en relación co consumidor vulnerable, recóllese o previsto no Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, polo que se adoptan medidas urxentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico, engadindo que o bono social será considerado obrigación de servizo público de acordo coa citada Directiva 2009/72/CE, do 13 de xullo de 2009. Completan este capítulo os dereitos e obrigacións das empresas comercializadoras, o servizo de recarga enerxética, e a xestión da demanda, e os plans de aforro e eficiencia enerxética.

O capítulo II deste título VIII regula a calidade do fornecemento entendido como conxunto de características, técnicas e de atención e relación cos consumidores ou produtores, exhibibles ás empresas que realicen actividades destinadas ao fornecemento eléctrico. Así mesmo, prevé o réxime xurídico da suspensión do fornecemento eléctrico.

O título IX contén o réxime de autorizacións, expropiación e servidumes. Por razóns de clareza e simplificación normativa recóllense nun mesmo artigo as autorizacións necesarias para as instalacións de transporte, distribución, produción, liñas directas, transmisión e feche das instalacións. O resto dos preceptos do título refírese á declaración de utilidade pública e aos seus efectos, así como ás servidumes de paso.

Finalmente, o título X regula o réxime de inspeccións, infraccións e sancións, diferenciando tres capítulos. Destaca neste título a revisión da tipificación de infraccións e a inclusión de novas infraccións, ao ter identificado determinadas condutas que non foran tidas en conta na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e que teñen un impacto negativo na sustentabilidade económica e no funcionamento do sistema eléctrico. Révisase a contía das sancións, amplíanse as sancións accesorias existentes e modifícase a competencia para a imposición de sancións.

Canto á parte final, a lei complétase con vinte disposicións adicionais, dezaseis disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e seis disposicións derradeiras.

## TÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta lei ten por obxecto establecer a regulación do sector eléctrico coa finalidade de garantir o fornecemento de enerxía eléctrica e de adecualo ás necesidades dos consumidores en termos de seguranza, calidade, eficiencia, obxectividade, transparencia e ao mínimo custo.

2. Son actividades destinadas ao fornecemento de enerxía eléctrica a xeración, transporte, distribución, servizos de recarga enerxética, comercialización e intercambios

intracomunitarios e internacionais, así como a xestión económica e técnica do sistema eléctrico.

## Artigo 2. *Réxime das actividades.*

1. Recoñécese a libre iniciativa empresarial para o exercicio das actividades destinadas ao fornecemento de enerxía eléctrica reguladas na presente lei, sen prexuízo das limitacións que se poidan establecer para as actividades que teñan carácter de monopolio natural.

2. O fornecemento de enerxía eléctrica constitúe un servizo de interese económico xeral.

3. Corresponde ao Goberno e ás administracións públicas a regulación e o control das actividades destinadas ao fornecemento de enerxía eléctrica. Así mesmo, o operador do mercado e o operador do sistema terán as funcións que expresamente se lles atribúan.

4. Na regulación da prestación do fornecemento de enerxía eléctrica poderanse ter en conta os plans e recomendacións aprobados no seo dos organismos internacionais, en virtude dos convenios e tratados en que o Reino de España sexa parte.

## Artigo 3. *Competencias da Administración xeral do Estado.*

Corresponden á Administración xeral do Estado, nos termos establecidos na presente lei, as seguintes competencias:

1. Establecer a regulación básica das actividades destinadas ao fornecemento de enerxía eléctrica.

2. Determinar, no ámbito da súa competencia, as medidas necesarias para garantir o fornecemento de enerxía eléctrica.

3. Determinar as medidas necesarias para garantir a sustentabilidade económica e financeira do sistema eléctrico.

4. Exercer as facultades de planificación eléctrica nos termos establecidos no artigo seguinte.

5. Establecer o réxime retributivo e fixar a retribución daquelas actividades que teñan unha retribución regulada de acordo co previsto na presente lei.

6. Outorgar e revogar o réxime retributivo das instalacións e dos suxeitos aos cales sexa aplicable de acordo co previsto na presente lei e na súa normativa desenvolvemento.

7. Regular a estrutura dos cargos por custos regulados e das peaxes correspondentes ao uso de redes de transporte e distribución, así como establecer os criterios para o outorgamento de garantías polos suxeitos que corresponda e fixar, se for o caso, o prezo voluntario para o pequeno consumidor como prezo máximo do fornecemento de enerxía eléctrica aos consumidores que regulamentariamente se determinen.

8. Exercer as funcións de ordenación previstas no título II.

9. Regular a organización e o funcionamento do mercado de produción de enerxía eléctrica.

10. Regular os termos en que se deba desenvolver a xestión económica e técnica do sistema, aprobando as regras de mercado e os procedementos de operación de carácter instrumental e técnico necesarios.

11. Establecer os requisitos de calidade e seguranza que rexerán o fornecemento de enerxía eléctrica, tendo en conta os criterios establecidos no artigo 1.

12. Determinar os dereitos e obrigacións dos suxeitos relacionados co fornecemento de enerxía eléctrica.

13. Autorizar as seguintes instalacións eléctricas:

a) Instalacións peninsulares de produción de enerxía eléctrica, incluíndo as súas infraestruturas de evacuación, de potencia eléctrica instalada superior a 50 MW eléctricos, instalacións de transporte primario peninsular e conexións de servizo de tensión igual ou superior a 380 kV.

b) Instalacións de produción incluíndo as súas infraestruturas de evacuación, transporte secundario, distribución, conexións de servizo e liñas directas, que excedan o ámbito territorial dunha comunidade autónoma, así como as liñas directas conectadas a instalacións de xeración de competencia estatal.

c) Instalacións de produción situadas no mar territorial.

d) Instalacións de produción de potencia eléctrica instalada superior a 50 MW eléctricos situadas nos territorios non peninsulares, cando os seus sistemas eléctricos estean efectivamente integrados co sistema peninsular, de acordo co establecido no artigo 25.2.

e) Instalacións de transporte primario e conexións de servizo de tensión nominal igual ou superior a 380 kV situadas nos territorios non peninsulares, cando estes estean conectados electricamente co sistema peninsular.

14. Impartir, no ámbito da súa competencia, instrucións relativas á ampliación, mellora e adaptación das redes e instalacións eléctricas de transporte e distribución, en garantía dunha adecuada calidade e seguranza no fornecemento de enerxía, cun mínimo impacto ambiental.

15. Inspeccionar, no ámbito da súa competencia, os suxeitos que realicen actividades destinadas ao fornecemento de enerxía eléctrica reguladas na presente lei, así como as súas instalacións, nos termos previstos na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.

16. Sancionar, no ámbito da súa competencia e de acordo co disposto na presente lei e disposicións que a desenvolvan, as infraccións cometidas.

#### Artigo 4. *Planificación eléctrica.*

1. A planificación eléctrica terá por obxecto prever as necesidades do sistema eléctrico para garantir o fornecemento de enerxía a longo prazo, así como definir as necesidades de investimento en novas instalacións de transporte de enerxía eléctrica, todo isto baixo os principios de transparencia e de mínimo custo para o conxunto do sistema.

Unicamente terá carácter vinculante a planificación da rede de transporte coas características técnicas que nela se definen.

2. A planificación eléctrica será realizada pola Administración xeral do Estado, coa participación das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, requirirá informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e trámite de audiencia. Será sometida ao Congreso dos Deputados, de acordo co previsto no seu regulamento, con carácter previo á súa aprobación polo Goberno, e abranguerá períodos de seis anos.

3. A planificación incluírá os seguintes aspectos:

a) Con carácter indicativo, varios escenarios sobre a evolución futura da demanda eléctrica, incluíndo unha análise de sensibilidade en relación coa posible evolución da demanda ante cambios nos principais parámetros e variables que a determinan e unha análise dos criterios que conducen á selección dun escenario como o máis probable. Sobre o escenario seleccionado analizaranse os recursos necesarios para satisfacela e sobre as necesidades de nova potencia, todo isto en termos que fomenten un adecuado equilibrio entre a eficiencia do sistema, a seguranza de fornecemento e a protección do ambiente.

b) Estimación da capacidade mínima que debe ser instalada para cubrir a demanda prevista baixo criterios de seguranza do fornecemento e competitividade, diversificación enerxética, mellora da eficiencia e protección do ambiente.

c) Previsións relativas ás instalacións de transporte e distribución de acordo coa previsión da demanda de enerxía eléctrica que resulten óptimas conforme a análise de custo e beneficio das distintas opcións ou niveis de adecuación do sistema para atender esa demanda garantindo a seguranza de fornecemento.

d) O establecemento das liñas de actuación en materia de calidade do servizo tendentes á consecución dos obxectivos de calidade.

e) As actuacións sobre a demanda que optimicen a xestión dos recursos e fomenten a mellora do servizo prestado aos usuarios, así como a eficiencia e o aforro enerxéticos.

f) A evolución das condicións do mercado de produción para a consecución da garantía de fornecemento.

g) Os criterios de protección ambiental que deben condicionar as actividades de fornecemento de enerxía eléctrica, co fin de minimizar o impacto ambiental producido por tales actividades.

4. Os plans de desenvolvemento da rede de transporte, que se deberán incluír na planificación eléctrica, recollerán as liñas de transporte e subestacións previstas, abranguerán períodos de seis anos e incluírán criterios e mecanismos de flexibilidade canto á súa implantación temporal para adaptarse á evolución real da demanda de electricidade, sen prexuízo da súa revisión periódica cando os parámetros e variables que serviron de base para a súa elaboración tiveren variado.

Excepcionalmente, por acordo do Consello de Ministros, logo de trámite de audiencia, informes da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla afectadas e oído o operador do sistema, poderase proceder á modificación de aspectos puntuais dos plans de desenvolvemento cando se produza algunha das seguintes situacións:

a) De acordo cos criterios de planificación establecidos, se presente un feito imprevisto que poida afectar de maneira significativa a garantía e seguranza de subministración.

b) Xurdan novos fornecementos cuxa alimentación por motivos técnicos unicamente se poida realizar desde a rede de transporte e esta non se poida realizar baixo a planificación da rede de transporte vixente.

c) Concorran razóns de eficiencia económica do sistema.

Estas actuacións poderán ser propostas polo operador do sistema e xestor da rede de transporte motivando o seu carácter excepcional.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo, por proposta do operador do sistema e logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, poderá aprobar programas de execución anual das instalacións para a realización dos plans de desenvolvemento incluídos na planificación eléctrica, nos cales se poderán recoller as adaptacións de carácter técnico necesarias para a súa execución.

A planificación da rede de transporte de enerxía eléctrica, incluíndo as eventuais revisións que se poidan realizar, levarase a cabo suxeitándose ao principio de sustentabilidade económica e financeira do sistema eléctrico previsto no artigo 14 e, en todo caso, tendo en conta os límites de investimento anual que se establezan regulamentariamente.

5. Sen prexuízo do previsto nos números anteriores, o Goberno poderá aprobar, con carácter indicativo, plans relativos ao aproveitamento enerxético das fontes de enerxía renovables e de eficiencia enerxética no sector eléctrico, co obxecto de favorecer o cumprimento dos obxectivos que se poidan establecer para España nestas materias, derivados da pertenza á Unión Europea.

#### Artigo 5. *Coordinación con plans urbanísticos.*

1. A planificación das instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica que se encontren ou discorran en calquera clase e categoría de solo deberá terse en conta no correspondente instrumento de ordenación do territorio e urbanístico, o cal deberá precisar as posibles instalacións e cualificar adecuadamente os terreos, establecendo, en ambos os casos, as reservas de solo necesarias para as novas instalacións e a protección das existentes.

2. Cando existan razóns xustificadas de urxencia ou excepcional interese para o fornecemento de enerxía eléctrica que aconsellen o establecemento de instalacións de transporte e distribución que precisen dun acto de intervención municipal previo, observarse o disposto na disposición adicional décima do texto refundido da Lei do solo, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2008, do 20 de xuño. O mesmo procedemento será aplicable nos casos en que existan instrumentos de ordenación territorial e urbanística xa aprobados definitivamente, nos cales non se tivese en conta a planificación eléctrica conforme o número anterior.

3. En todo caso, no relativo ás instalacións de transporte cuxa autorización sexa competencia da Administración xeral do Estado observarse o establecido na disposición adicional décimo segunda da Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas.

4. Para todos os efectos, as infraestruturas propias das actividades do fornecemento eléctrico, recoñecidas de utilidade pública pola presente lei, terán a condición de sistemas xerais.

## TÍTULO II

### Ordenación do fornecemento

#### Artigo 6. *Suxeitos.*

1. As actividades destinadas ao fornecemento de enerxía eléctrica a que se refire o artigo 1.2 serán desenvolvidas polos seguintes suxeitos:

a) Os produtores de enerxía eléctrica, que son aquelas persoas físicas ou xurídicas que teñen a función de xerar enerxía eléctrica, así como as de construír, operar e manter as instalacións de produción.

b) O operador do mercado, que é aquela sociedade mercantil que ten as funcións que lle atribúe o artigo 29.

c) O operador do sistema, que é aquela sociedade mercantil que ten as funcións que lle atribúe o artigo 30.

d) O transportista, que é aquela sociedade mercantil que ten a función de transportar enerxía eléctrica, así como construír, manter e manobrar as instalacións de transporte e todas aquelas funcións que se recollen no artigo 36.

e) Os distribuidores, que son aquelas sociedades mercantís ou sociedades cooperativas de consumidores e usuarios que teñen a función de distribuír enerxía eléctrica, así como construír, manter e operar as instalacións de distribución destinadas a situar a enerxía nos puntos de consumo e todas aquelas funcións que se recollen no artigo 40.

f) Os comercializadores, que son aquelas sociedades mercantís ou sociedades cooperativas de consumidores e usuarios que, accedendo ás redes de transporte ou distribución, adquiren enerxía para a súa venda aos consumidores, a outros suxeitos do sistema ou para realizar operacións de intercambio internacional nos termos establecidos na presente lei.

Regulamentariamente estableceranse o procedemento e os requisitos para ser comercializador de referencia.

g) Os consumidores, que son as persoas físicas ou xurídicas que adquiren a enerxía para o seu propio consumo.

Aqueles consumidores que adquiren enerxía directamente no mercado de produción denominaranse «consumidores directos en mercado».

h) Os xestores de cargas do sistema, que son aquelas sociedades mercantís que, sendo consumidores, están habilitados para a revenda de enerxía eléctrica para servizos de recarga enerxética.

Os xestores de carga do sistema son os únicos suxeitos con carácter de cliente grosista nos termos previstos na normativa comunitaria de aplicación.

2. Os axentes que actúen por conta de calquera suxeito para os efectos da súa participación no mercado de produción e dos cobramentos e pagamentos das peaxes, cargos, prezos e retribucións reguladas terán a consideración de representantes. Os axentes que actúen como representantes non poderán actuar simultaneamente por conta propia e por conta allea. Entenderase que un representante actúa por conta propia cando participe de forma directa ou indirecta en máis dun 50 por cento do capital da sociedade que representa.

A representación por conta allea poderá ser indirecta, cando o representante actúa en nome propio, ou directa, cando o representante actúa en nome do representado.

#### Artigo 7. *Garantía do fornecemento.*

1. Todos os consumidores terán dereito ao acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica, no territorio nacional, nos termos establecidos nesta lei e nas condicións que regulamentariamente estableza o Goberno.

2. O Goberno poderá adoptar, para un prazo determinado, as medidas necesarias para garantir o fornecemento de enerxía eléctrica cando concorra algún dos seguintes supostos:

- a) Risco certo para a prestación do fornecemento de enerxía eléctrica.
- b) Situacións de desabastecemento dalgunha ou algunhas das fontes de enerxía primaria.
- c) Situacións das cales poida derivar ameaza grave para a integridade física ou a seguranza das persoas, de aparellos ou instalacións ou para a integridade da rede de transporte ou distribución de enerxía eléctrica, logo de comunicación ás comunidades autónomas afectadas.
- d) Situacións en que se produzan reducións substanciais da dispoñibilidade das instalacións de produción, transporte ou distribución ou dos índices de calidade do fornecemento imputables a calquera delas.

3. As medidas que adopte o Goberno para facer fronte ás situacións descritas no número anterior poderán referirse, entre outros, aos seguintes aspectos:

- a) Limitacións ou modificacións temporais do mercado de electricidade a que se refire o artigo 25 ou do despacho de xeración existente nos sistemas eléctricos illados.
- b) Operación directa das instalacións de xeración, transporte e distribución.
- c) Establecemento de obrigacións especiais en materia de existencias de seguranza de fontes primarias para a produción de enerxía eléctrica.
- d) Limitación, modificación temporal ou suspensión dos dereitos que se establecen no artigo 26 para os produtores de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovable, coxeración e residuos.
- e) Modificación das condicións xerais de regularidade no fornecemento con carácter xeral ou referido a determinadas categorías de consumidores.
- f) Limitación, modificación temporal ou suspensión dos dereitos e garantías de acceso ás redes por terceiros.
- g) Limitación ou asignación de abastecementos de enerxías primarias aos produtores de electricidade.
- h) Calquera outra medida que poida ser recomendada polos organismos internacionais de que España sexa membro ou que se determine en aplicación daqueles convenios en que se participe.

4. Nas situacións descritas, o Goberno determinará o réxime retributivo aplicable a aquelas actividades que se visen afectadas polas medidas adoptadas garantindo, en todo caso, unha repartición equilibrada dos custos.

5. Cando as medidas adoptadas polo Goberno de acordo co previsto no número 2 afecten unicamente unha comunidade autónoma, a decisión adoptarase en colaboración con esta.



Non obstante o anterior, no caso de que nos territorios non peninsulares se produzan situacións de risco certo para a prestación do fornecemento de enerxía eléctrica ou situacións das cales poida derivar ameaza para a integridade física ou a seguranza das persoas, de aparellos ou instalacións ou para a integridade da rede de transporte ou distribución de enerxía eléctrica, as medidas alí previstas poderán ser tamén adoptadas polas comunidades ou cidades autónomas afectadas, sempre que se restrinxan ao seu respectivo ámbito territorial. Neste suposto, tales medidas non terán repercusións económicas no sistema eléctrico, salvo que exista un acordo previo do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo que así o autorice.

6. Cando o incumprimento das obrigacións dos suxeitos definidos no artigo 6 poida afectar a continuidade e seguranza do fornecemento eléctrico, e a fin de garantir o seu mantemento, o Goberno poderá acordar a intervención da correspondente empresa de acordo co previsto no artigo 128.2 da Constitución, adoptando as medidas oportunas para isto.

Para estes efectos serán causas de intervención dunha empresa as seguintes:

1.º Cando medie declaración de concurso de acredores e a empresa non se ache en condicións de cumprir coas súas obrigacións e, en todo caso, se se produciu a apertura da fase de liquidación.

2.º A xestión irregular da actividade cando lle sexa imputable e poida dar lugar á súa paralización con interrupción do fornecemento aos usuarios.

3.º A grave e reiterada falta de mantemento adecuado das instalacións que poña en perigo a súa seguranza.

Nestes supostos, se as empresas que desenvolven as actividades destinadas ao fornecemento de enerxía eléctrica o fan mediante instalacións cuxa autorización sexa competencia exclusiva dunha comunidade autónoma, a intervención será acordada por esta, salvo que estea en risco a seguranza de fornecemento, e neste caso tamén poderá ser acordada polo Goberno, que o comunicará á comunidade autónoma.

7. En todo caso, porase ao dispor da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a información sobre a aplicación das medidas necesarias para garantir o fornecemento de enerxía eléctrica contida no presente artigo.

#### Artigo 8. *Funcionamento do sistema.*

1. A produción de enerxía eléctrica desenvolverase en réxime de libre competencia.

O mercado de produción de enerxía eléctrica é o integrado polo conxunto de transaccións comerciais de compra e venda de enerxía e doutros servizos relacionados co fornecemento de enerxía eléctrica.

O mercado de produción de enerxía eléctrica estrutúrase en mercados a prazo, mercado diario, mercado intradiario, os servizos de axuste e de balance e os mercados non organizados. Os suxeitos definidos no artigo 6 que actúen no mercado de produción a que se refire o parágrafo anterior poderán pactar libremente os termos dos contratos de compravenda de enerxía eléctrica que subscriban, respectando as modalidades e contidos mínimos previstos na presente lei e nos seus regulamentos de desenvolvemento.

O Goberno poderá determinar o funcionamento do mercado diario e intradiario con base en ofertas de unidades de produción, xa sexan físicas ou en carteira e, nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares, o funcionamento dun despacho técnico e económico.

2. A operación do sistema, a operación do mercado, o transporte e a distribución de enerxía eléctrica teñen carácter de actividades reguladas para efectos da súa separación doutras actividades, e o seu réxime económico e de funcionamento axustarase ao previsto na presente lei.

Garántese o acceso de terceiros ás redes de transporte e distribución nas condicións técnicas e económicas establecidas nesta lei e nos termos que estableza regulamentariamente o Goberno.

3. Sen prexuízo do establecido para a comercialización de referencia, a comercialización e os servizos de recarga enerxética exerceranse libremente nos termos previstos na presente lei e o seu réxime económico virá determinado polas condicións que pacten as partes.

4. Salvo pacto en contrario, a transmisión da propiedade da enerxía eléctrica entenderase producida no momento en que teña entrada nas instalacións do comprador.

No caso dos comercializadores e dos xestores de cargas, a transmisión da propiedade da enerxía eléctrica entenderase producida, salvo pacto en contrario, cando teña entrada nas instalacións do seu cliente.

## Artigo 9. *Autoconsumo de enerxía eléctrica.*

1. Para os efectos desta lei, entenderase por autoconsumo o consumo de enerxía eléctrica proveniente de instalacións de xeración conectadas no interior dunha rede dun consumidor ou a través dunha liña directa de enerxía eléctrica asociadas a un consumidor. Distínguense as seguintes modalidades de autoconsumo:

a) Modalidades de fornecemento con autoconsumo. Cando se trate dun consumidor que dispoña dunha instalación de xeración destinada ao consumo propio, conectada no interior da rede do seu punto de fornecemento e que non estea dada de alta no correspondente rexistro como instalación de produción. Neste caso, existirá un único suxeito dos previstos no artigo 6, que será o suxeito consumidor.

b) Modalidades de produción con autoconsumo. Cando se trate dun consumidor asociado a unha instalación de produción debidamente inscrita no rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica conectada no interior da súa rede. Neste caso existirán dous suxeitos dos previstos no artigo 6, o suxeito consumidor e o produtor.

c) Modalidades de produción con autoconsumo dun consumidor conectado a través dunha liña directa cunha instalación de produción. Cando se trate dun consumidor asociado a unha instalación de produción debidamente inscrita no rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica a que estea conectado a través dunha liña directa. Neste caso existirán dous suxeitos dos previstos no artigo 6, o suxeito consumidor e o produtor.

d) Calquera outra modalidade de consumo de enerxía eléctrica proveniente dunha instalación de xeración de enerxía eléctrica asociada a un consumidor.

2. No caso en que a instalación de produción de enerxía eléctrica ou de consumo estea conectada total ou parcialmente ao sistema eléctrico, os titulares de ambas estarán suxeitos ás obrigacións e dereitos previstos na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.

3. Todos os consumidores suxeitos a calquera modalidade de autoconsumo terán a obrigación de contribuír aos custos e servizos do sistema pola enerxía autoconsumida cando a instalación de xeración ou de consumo estea conectada total ou parcialmente ao sistema eléctrico.

Para isto estarán obrigados a pagar as mesmas peaxes de acceso ás redes, cargos asociados aos custos do sistema e custos para a provisión dos servizos de protección do sistema que correspondan a un consumidor non suxeito a ningunha das modalidades de autoconsumo descritas no número anterior.

O Goberno poderá establecer regulamentariamente reducións nas citadas peaxes, cargos e custos nos sistemas non peninsulares cando as modalidades de autoconsumo supoñan unha redución dos custos deses sistemas.

4. Os consumidores acollidos ás modalidades de autoconsumo de enerxía eléctrica terán a obrigación de inscribirse no rexistro administrativo de autoconsumo de enerxía eléctrica, creado para tal efecto no Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Reglamentariamente, logo de audiencia das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, o Goberno establecerá a organización, así como o procedemento de

inscrición e comunicación de datos ao rexistro administrativo de autoconsumo de enerxía eléctrica.

5. O Goberno establecerá as condicións administrativas e técnicas para a conexión á rede das instalacións con autoconsumo.

Así mesmo, o Goberno establecerá as condicións económicas para que as instalacións da modalidade b) de produción con autoconsumo vendan ao sistema a enerxía non autoconsumida.

#### Artigo 10. *Actividades nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares.*

1. As actividades para o fornecemento de enerxía eléctrica que se desenvolvan nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares poderán ser obxecto dunha regulamentación singular que atenderá ás especificidades derivadas da súa localización territorial e do seu carácter illado, logo de informe das comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla afectadas.

2. Esta regulamentación desenvolverá, ao menos, os seguintes mecanismos:

a) A planificación das infraestruturas da rede de transporte de enerxía eléctrica baseada en criterios de análise custo/beneficio, en relación co resto de actividades destinadas ao fornecemento, e nos termos previstos no artigo 4.

b) O establecemento dun réxime retributivo para a actividade de produción nos termos previstos no artigo 14.

c) O fomento de enerxías renovables cando sexan tecnicamente asumibles e supoñan unha redución de custos do sistema nos termos previstos no artigo 14.

d) A integración dos sistemas non peninsulares no mercado peninsular cando exista unha interconexión coa península de capacidade comercial suficiente e, até entón, a aplicación de criterios técnicos e de mercado para o despacho da enerxía.

e) O establecemento de incentivos económicos ao operador do sistema para que, mantendo a seguranza, se reduza progresivamente o custo de xeración nos sistemas non peninsulares.

f) A incorporación de sinais de prezos eficientes ao consumidor para que poida modular a súa demanda.

#### Artigo 11. *Intercambios intracomunitarios e internacionais de electricidade.*

1. Poderán realizarse libremente os intercambios intracomunitarios de electricidade nos termos previstos na presente lei.

2. As adquisicións de enerxía a través das interconexións con outros Estados membros da Unión Europea ou terceiros países poderán ser realizadas polos produtores, comercializadores e consumidores directos en mercado definidos no artigo 6.

A dita enerxía poderase adquirir mediante calquera das modalidades de contratación que se autoricen no desenvolvemento desta lei.

3. As vendas de enerxía a través das interconexións con outros Estados membros da Unión Europea ou terceiros países poderán ser realizadas polos produtores, comercializadores e consumidores directos en mercado definidos no artigo 6. Estas operacións deberán ser comunicadas ao operador do sistema, que poderá denegalas cando impliquen un risco certo para o fornecemento.

4. Os intercambios a curto prazo de enerxías de balance ou de reserva que teñan por obxecto o mantemento das condicións de calidade e seguranza do fornecemento de enerxía eléctrica no sistema e os intercambios de servizos transfronteirizos de axuste serán realizados polo operador do sistema ou por outros suxeitos do sistema nos termos que regulamentariamente se establezan.

5. Os intercambios de enerxía eléctrica a través das interconexións con terceiros países estarán, en todo caso, sometidos a autorización administrativa do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

6. O réxime xurídico e económico a que se someterán os intercambios intracomunitarios e internacionais establecerase regulamentariamente respectando os principios de competencia e transparencia que deben rexer o mercado de produción. En todo caso, os suxeitos que realicen operacións de exportación de enerxía eléctrica deberán aboar os custos do sistema que proporcionalmente lles correspondan.

## Artigo 12. *Separación de actividades.*

1. As sociedades mercantís que desenvolvan algunha ou algunhas das actividades de transporte, distribución e operación do sistema a que se refire o número 2 do artigo 8 deberán ter como obxecto social exclusivo o desenvolvemento destas sen poderen, por tanto, realizar actividades de produción, de comercialización ou de servizos de recarga enerxética, nin tomar participacións en empresas que realicen estas actividades.

2. Non obstante, un grupo de sociedades poderá desenvolver actividades incompatibles de acordo coa lei, sempre que sexan exercidas por sociedades diferentes e se cumpran os seguintes criterios de independencia:

a) As persoas responsables da xestión de sociedades que realicen actividades reguladas non poderán participar en estruturas organizativas do grupo empresarial que sexan responsables, directa ou indirectamente, da xestión cotiá de actividades de xeración, comercialización ou de servizos de recarga enerxética. Adicionalmente, e sen prexuízo do establecido no segundo parágrafo do artigo 34.2 en materia de transportista único e de exclusividade de desenvolvemento da actividade de transporte, o responsable de administración da rede de distribución non poderá participar na xestión cotiá das actividades de transporte.

b) Os grupos de sociedades garantirán, baixo a responsabilidade dos seus administradores, a independencia das persoas responsables da xestión de sociedades que realicen actividades reguladas mediante a protección dos seus intereses profesionais. En particular, establecerán garantías no que concirne á súa retribución e ao seu cesamento.

As sociedades que realicen actividades reguladas e as persoas responsables da súa xestión que se determine non poderán posuír accións de sociedades que realicen actividades de produción, comercialización ou de servizos de recarga enerxética.

Ademais, as sociedades que realicen actividades reguladas, así como os seus traballadores, non poderán compartir información comercialmente sensible coas empresas do grupo de sociedades a que pertencen, no caso de que estas realicen actividades liberalizadas.

c) As sociedades que realicen actividades reguladas terán capacidade de decisión efectiva, independente do grupo de sociedades, con respecto a activos necesarios para explotar, manter ou desenvolver a rede de transporte ou distribución de enerxía eléctrica.

Non obstante, o grupo de sociedades terá dereito á supervisión económica e da xestión das referidas sociedades, e poderá someter á aprobación o plan financeiro anual, ou instrumento equivalente, así como establecer límites globais ao seu nivel de endebedamento que non interfiran na viabilidade do orzamento elaborado pola sociedade regulada como sociedade individual.

En ningún caso poderá o grupo empresarial dar instrucións ás sociedades que realicen actividades reguladas respecto da xestión cotiá nin respecto de decisións particulares referentes á construción ou mellora de activos de transporte ou distribución, sempre que non se exceda o establecido no plan financeiro anual ou instrumento equivalente, nin tampouco poderá dar instrucións sobre cales servizos necesita contratar a sociedade regulada a outras sociedades do grupo se non presentan condicións económicas comparables ás que se obterían no exterior.

d) As sociedades que realicen actividades reguladas establecerán un código de conduta en que se expoñan as medidas adoptadas para garantir o cumprimento do estipulado nas alíneas a), b) e c) anteriores.

Este código de conduta establecerá obrigacións específicas dos empregados e o seu cumprimento será obxecto da adecuada supervisión e avaliación pola persoa ou órgano competente designado pola sociedade para tal efecto. O encargado de avaliar o cumprimento será totalmente independente e terá acceso a toda a información da sociedade e de calquera das súas empresas filiais que requira para o desempeño da súa función.

Anualmente, o encargado de supervisión presentará un informe ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia que será publicado no «Boletín Oficial del Estado», indicando as medidas adoptadas para lograr o cumprimento do estipulado nas alíneas a), b) e c) anteriores. Este informe será remitido antes do 31 de marzo de cada ano con respecto ao exercicio anterior.

e) A separación de actividades e, en particular, a separación funcional, para o cal as empresas obrigadas deberán remitir ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia o código de conduta previsto na alínea d) do presente artigo antes do 31 de marzo de cada ano, con relación ao exercicio anterior.

3. As empresas distribuidoras e as empresas comercializadoras de referencia que formen parte dun grupo de sociedades que desenvolva actividades reguladas e libres nos termos previstos na presente lei non crearán confusión na súa información e na presentación da súa marca e imaxe de marca respecto á identidade propia das filiais do seu mesmo grupo que realicen actividades de comercialización, sen prexuízo das infraccións previstas na normativa vixente a este respecto.

4. O conxunto de obrigacións establecidas no número 2 do presente artigo non será aplicable ás empresas distribuidoras con menos de 100.000 clientes conectados ás súas redes.

### TÍTULO III

#### **Sustentabilidade económica e financeira do sistema eléctrico**

Artigo 13. *Sustentabilidade económica e financeira do sistema eléctrico.*

1. As actuacións das administracións públicas e demais suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta lei estarán suxeitas ao principio de sustentabilidade económica e financeira do sistema eléctrico.

Entenderase por sustentabilidade económica e financeira do sistema eléctrico a capacidade para satisfacer a totalidade dos seus propios custos, conforme o establecido nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Os custos do sistema serán financiados mediante os ingresos do sistema eléctrico, que comprenderán:

a) As peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución satisfeitas polos consumidores e os produtores e os axentes polas exportacións de enerxía a países non comunitarios, destinados a cubrir a retribución do transporte e a distribución,

b) os cargos que se establezan para o pagamento das outras partidas de custos que non sexan cubertas por outros ingresos, segundo se encontran definidos no artigo 16,

c) calquera mecanismo financeiro establecido normativamente,

d) as partidas provenientes dos orzamentos xerais do Estado destinadas a cubrir, entre outros, as contías que se determinen correspondentes aos custos do réxime retributivo específico para o fomento da actividade de xeración a partir de fontes de enerxía renovables e ao extracusto da actividade de produción nos sistemas eléctricos nos territorios non peninsulares con réxime retributivo adicional, e

e) calquera outro ingreso atribuído expresamente por unha norma de rango legal ou regulamentario.

3. Os custos do sistema eléctrico, que se determinarán de acordo co disposto na presente lei e nas súas normas de desenvolvemento, serán os seguintes:

- a) Retribución das actividades de transporte e distribución.
- b) Réxime retributivo específico da actividade de xeración a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración de alta eficiencia e residuos.
- c) Retribución do extracusto da actividade de produción nos sistemas eléctricos nos territorios non peninsulares con réxime retributivo adicional.
- d) Retribución asociada á aplicación de mecanismos de capacidade, se for o caso,
- e) Retribución asociada aos mecanismos que se desenvolvan en aplicación do artigo 25.1, se for o caso.
- f) Compensación asociada á moratoria nuclear de acordo coa disposición adicional oitava da Lei 40/1994, do 30 de decembro, de ordenación do sistema eléctrico nacional.
- g) Dotación do fondo para o financiamento do Plan xeral de residuos radioactivos.
- h) Taxa da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.
- i) Imputación da diferenza de perdas asociada ao feche de enerxía no mercado de produción, se for o caso.
- j) Anualidades correspondentes aos déficits do sistema eléctrico, cos seus correspondentes xuros e axustes.
- k) Medidas de xestión da demanda, no caso de que así sexan recoñecidas conforme o establecido no artigo 49.
- l) Xestión técnica e económica do sistema en caso de desaxuste entre os ingresos e a retribución destas actividades conforme o establecido no artigo 14.11, e o importe recadado a través dos prezos regulados que cobran aos axentes.
- m) Calquera outro custo atribuído expresamente por unha norma con rango legal cuxo fin responda exclusivamente á normativa do sector eléctrico.

4. Os ingresos do sistema serán suficientes para satisfacer a totalidade dos custos do sistema eléctrico.

5. Toda medida normativa en relación co sector eléctrico que supoña un incremento de custos para o sistema eléctrico ou unha redución de ingresos deberá incorporar unha redución equivalente doutras partidas de custos ou un incremento equivalente de ingresos que asegure o equilibrio do sistema.

6. Con carácter anual, por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, e precedendo informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, será aprobada unha previsión da evolución das diferentes partidas de ingresos e custos do sistema eléctrico para os seis seguintes anos.

#### Artigo 14. *Retribución das actividades.*

1. As actividades destinadas ao fornecemento de enerxía eléctrica serán retribuídas na forma disposta na presente lei con cargo aos ingresos do sistema eléctrico definidos no artigo 13, aos derivados da participación no mercado de produción, así como aos ingresos provenientes da aplicación do disposto na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Os ingresos do sistema eléctrico serán destinados a pagar exclusivamente a retribución propia das actividades destinadas ao fornecemento eléctrico e o resto de custos do sistema definidos no artigo 13, sen se poderen destinar a outros fins.

2. A retribución das actividades establecerase regulamentariamente con criterios obxectivos, transparentes e non discriminatorios que incentiven a mellora da eficacia da xestión, a eficiencia económica e técnica desas actividades e a calidade do fornecemento eléctrico.

3. Para o cálculo da retribución das actividades de transporte, distribución, xestión técnica e económica do sistema, e produción nos sistemas eléctricos dos territorios non

peninsulares con réxime retributivo adicional consideraranse os custos necesarios para realizar a actividade por unha empresa eficiente e ben xestionada, mediante a aplicación de criterios homoxéneos en todo o territorio español, sen prexuízo das especificidades previstas para os territorios non peninsulares. Estes réximes económicos permitirán a obtención dunha retribución adecuada á dunha actividade de baixo risco.

4. Os parámetros de retribución das actividades de transporte, distribución, produción a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración de alta eficiencia e residuos con réxime retributivo específico e produción nos sistemas eléctricos non peninsulares con réxime retributivo adicional fixaranse tendo en conta a situación cíclica da economía, da demanda eléctrica e a rendibilidade adecuada para estas actividades por períodos regulatorios que terán unha vixencia de seis anos.

Estes parámetros retributivos poderanse revisar antes do comezo do período regulatorio. Se non se leva a cabo esta revisión, entenderanse prorrogados para todo o período regulatorio seguinte.

Na citada revisión para as actividades de transporte, distribución e produción nos sistemas eléctricos non peninsulares con réxime retributivo adicional poderase modificar a taxa de retribución aplicable a esas actividades, que se fixará legalmente.

No caso das instalacións de produción a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración de alta eficiencia e residuos con réxime retributivo específico, a modificación dos parámetros de retribución realizarase de acordo cos seguintes criterios:

1.º Na revisión que corresponda a cada período regulatorio poderanse modificar todos os parámetros retributivos e, entre eles, o valor sobre o cal xirará a rendibilidade razoable no que reste de vida regulatoria das instalacións tipo que se fixará legalmente.

En ningún caso, unha vez recoñecida a vida útil regulatoria ou o valor estándar do investimento inicial dunha instalación, se poderán revisar os valores.

2.º Cada tres anos revisaranse para o resto do período regulatorio as estimacións de ingresos pola venda da enerxía xerada, valorada ao prezo do mercado de produción, en función da evolución dos prezos do mercado e das previsións de horas de funcionamento.

Así mesmo, axustaranse os parámetros retributivos en función das desviacións do prezo do mercado respecto das estimacións realizadas para o período de tres anos anterior. O método de axuste establecerase regulamentariamente e será de aplicación no que reste de vida útil da instalación.

3.º Ao menos anualmente actualizaranse os valores de retribución á operación para aquelas tecnoloxías cuxos custos de explotación dependan esencialmente do prezo do combustible.

5. A retribución da actividade de produción incorporará os seguintes conceptos:

a) A enerxía eléctrica negociada a través dos mercados diario e intradiario, que se retribuirá sobre a base do prezo resultante do equilibrio entre a oferta e a demanda de enerxía eléctrica ofertada neles resultante dos mecanismos que se establezan.

A enerxía eléctrica negociada a través dos mercados de contratación bilateral ou física ou a prazo, que se retribuirá sobre a base do prezo das operacións contratadas en firme nos mencionados mercados.

Este concepto retributivo definirase considerando as perdas producidas nas redes e os custos derivados das alteracións do réxime normal de funcionamento do sistema de ofertas.

b) Os servizos de axuste do sistema necesarios para garantir un fornecemento adecuado ao consumidor.

Reglamentariamente determinarase que servizos se consideran de axuste do sistema, así como o seu réxime retributivo, diferenciando aqueles que teñan carácter obrigatorio daqueles potestativos.

c) Se for o caso, a retribución en concepto de mecanismo de capacidade, que se establecerá por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, que permita dotar o

sistema dunha marxe de cobertura adecuada e incentive a dispoñibilidade de potencia xestionable.

d) Se for o caso, a retribución adicional a que fai referencia o número 6 para a actividade de produción de enerxía eléctrica desenvolvida nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares.

e) Se for o caso, a retribución específica a que fai referencia o número 7 para a produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración de alta eficiencia e residuos.

6. O Goberno poderá determinar un concepto retributivo adicional para cubrir a diferenza entre os custos de investimento e explotación da actividade de produción de enerxía eléctrica desenvolvida nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares e os ingresos desa actividade de produción tomando como referencia a estrutura de prezos prevista nas alíneas a), b) e c) do número 5. O concepto retributivo adicional basearase nos seguintes principios:

a) Teranse en consideración exclusivamente os extracustos específicos destes sistemas eléctricos asociados á súa localización territorial e, se for o caso, ao seu carácter illado.

b) Para a determinación dos custos de investimento e explotación da actividade de produción de enerxía eléctrica considerarase unha instalación tipo, ao longo da súa vida útil regulatoria e en referencia á actividade realizada por unha empresa eficiente e ben xestionada.

c) Para o efecto de permitir unha retribución adecuada á dunha actividade de baixo risco, a taxa de retribución financeira do investimento neto recoñecido estará referenciada ao rendemento das obrigacións do Estado a dez anos no mercado secundario incrementado cun diferencial adecuado.

7. Excepcionalmente, o Goberno poderá establecer un réxime retributivo específico para fomentar a produción a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración de alta eficiencia e residuos, cando exista unha obrigación de cumprimento de obxectivos enerxéticos derivados de directivas ou outras normas de dereito da Unión Europea ou cando a súa introdución supoña unha redución do custo enerxético e da dependencia enerxética exterior, nos termos establecidos a seguir:

a) O outorgamento deste réxime retributivo específico establecerase mediante procedementos de concorrencia competitiva.

Este réxime retributivo, adicional á retribución pola venda da enerxía xerada valorada ao prezo do mercado de produción, estará composto por un termo por unidade de potencia instalada que cubra, cando proceda, os custos de investimento para cada instalación tipo que non poden ser recuperados pola venda da enerxía no mercado, e un termo á operación que cubra, se for o caso, a diferenza entre os custos de explotación e os ingresos pola participación no mercado de produción da dita instalación tipo.

Este réxime retributivo será compatible coa sustentabilidade económica do sistema eléctrico de acordo co disposto no artigo 13 e estará limitado, en todo caso, aos obxectivos de potencia que se establezan na planificación en materia de enerxías renovables e de aforro e eficiencia.

b) Para o cálculo da dita retribución específica consideraranse, para unha instalación tipo, ao longo da súa vida útil regulatoria e en referencia á actividade realizada por unha empresa eficiente e ben xestionada, os valores que resulten de considerar:

i. Os ingresos estándar pola venda da enerxía xerada valorada ao prezo do mercado de produción.

ii. Os custos estándar de explotación.

iii. O valor estándar do investimento inicial.



Para estes efectos, en ningún caso se terán en consideración os custos ou investimentos que veñan determinados por normas ou actos administrativos que non sexan de aplicación en todo o territorio español. Do mesmo modo, só se terán en conta aqueles custos e investimentos que respondan exclusivamente á actividade de produción de enerxía eléctrica.

Como consecuencia das singulares características dos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares, poderanse definir excepcionalmente instalacións tipo específicas para cada un deles.

O réxime retributivo non excederá o nivel mínimo necesario para cubrir os custos que permitan competir ás instalacións de produción a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración de alta eficiencia e residuos en nivel de igualdade co resto das tecnoloxías no mercado e que permita obter unha rendibilidade razoable referida á instalación tipo en cada caso aplicable. Esta rendibilidade razoable xirará, antes de impostos, sobre o rendemento medio no mercado secundario das obrigacións do Estado a dez anos aplicando o diferencial adecuado.

Excepcionalmente o réxime retributivo poderá incorporar, ademais, un incentivo ao investimento e á execución nun prazo determinado cando a súa instalación supoña unha redución significativa dos custos nos sistemas dos territorios non peninsulares.

c) O valor do investimento inicial determinarase mediante o procedemento de concorrencia competitiva para outorgar o réxime retributivo adicional a cada instalación.

A retribución adicional á do mercado que puider corresponder a cada instalación será a que resulte de aplicar o disposto nos números anteriores, considerando como valor estándar do investimento inicial o que resulte no procedemento de concorrencia competitiva.

d) A enerxía eléctrica imputable á utilización dun combustible nunha instalación de xeración que utilice como enerxía primaria algunha das enerxías renovables non consumibles non será obxecto de réxime retributivo específico, salvo no caso de instalacións híbridas entre fontes de enerxía renovables non consumibles e consumibles, e neste caso a enerxía eléctrica imputable á utilización da fonte de enerxía renovable consumible si poderá ser obxecto de réxime retributivo específico.

Para estes efectos, por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo publicarase a metodoloxía para o cálculo da enerxía eléctrica imputable aos combustibles utilizados.

e) O réxime retributivo específico devirá inaplicable se, como consecuencia dunha inspección ou de calquera outro medio válido en dereito, quedar constatado que con anterioridade ao prazo límite regulamentariamente establecido a instalación incumpriu algún dos seguintes requisitos:

i. Estar totalmente finalizada. Para estes efectos, considerarase que unha instalación está totalmente finalizada se conta con todos os elementos, equipamentos e infraestruturas que son necesarios para producir enerxía e vertela ao sistema eléctrico, incluíndo, cando corresponda, os sistemas de almacenamento.

ii. Que as súas características técnicas coincidan coas características técnicas proxectadas para a instalación no momento do outorgamento do dereito á percepción do réxime retributivo específico.

Naqueles casos en que a característica técnica que foi modificada sexa a potencia da instalación, sempre que tal circunstancia constase na inscrición no rexistro de instalacións de produción de enerxía eléctrica con anterioridade ao vencemento do prazo límite regulamentariamente establecido, o cumprimento do requisito do inciso ii desta alínea e) só será exigible para a parte da instalación correspondente á potencia inscrita. Nos ditos casos, a instalación unicamente terá dereito á percepción do réxime retributivo específico correspondente á dita potencia inscrita no rexistro e á fracción da enerxía imputable a ela.

Nas disposicións en que se establezan os mecanismos de asignación dos réximes retributivos específicos poderán eximirse novas instalacións que cumpran determinados requisitos do cumprimento do previsto no inciso ii desta alínea e).

A potencia ou enerxía imputable a calquera parte dunha instalación con dereito á percepción do réxime retributivo específico que non estivese instalada e en funcionamento con anterioridade ao prazo límite regulamentariamente establecido, non terá dereito ao réxime retributivo específico, sen prexuízo do réxime retributivo que estableza regulamentariamente o Goberno para as modificacións das instalacións.

As circunstancias recollidas nesta alínea e) e a conseguinte inaplicación ou modificación, segundo corresponda, do réxime retributivo específico aplicable ás distintas instalacións serán declaradas pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas logo da tramitación dun procedemento que garantizará, en todo caso, a audiencia ao interesado. O prazo máximo para resolver este procedemento e notificar a súa resolución será de seis meses.

8. As metodoloxías de retribución das actividades de transporte e distribución estableceranse regulamentariamente atendendo aos custos necesarios para construír, operar e manter as instalacións de acordo co principio de realización da actividade ao menor custo para o sistema eléctrico segundo o disposto no artigo 1.1.

Os réximes económicos das actividades de transporte e distribución tomarán como base os seguintes principios:

a) O nacemento do dereito e o cobramento da retribución xerado por instalacións de transporte e distribución postas en servizo o ano  $n$  iniciaranse desde o 1 de xaneiro do ano  $n+2$ .

b) A retribución en concepto de investimento farase para aqueles activos en servizo non amortizados, tomando como base para a súa retribución financeira o valor neto destes.

c) Para o efecto de permitir unha retribución adecuada á dunha actividade de baixo risco, a taxa de retribución financeira do activo con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico das empresas de transporte e distribución estará referenciado ao rendemento das obrigacións do Estado a dez anos no mercado secundario incrementado cun diferencial adecuado.

A metodoloxía de retribución da actividade de transporte deberá prever incentivos económicos, que poderán ter signo positivo ou negativo, para a mellora da dispoñibilidade das instalacións e outros obxectivos.

A metodoloxía de retribución da actividade de distribución deberá incluír a formulación para remunerar aquelas outras funcións reguladas efectuadas polas empresas distribuidoras, así como os incentivos que correspondan, que poderán ter signo positivo ou negativo, para a mellora da calidade do fornecemento, a redución das perdas, a loita contra a fraude, a innovación tecnolóxica e outros obxectivos.

Para o caso de activos que supoñan innovacións de carácter tecnolóxico e sempre que a súa introdución supoña unha maior eficiencia técnica e económica no sistema, poderase considerar unha vida útil regulatoria diferenciada para estes activos significativamente inferior.

9. Regulamentariamente o Goberno establecerá o réxime económico dos dereitos por conexións de servizo, enganches, verificación das instalacións, actuacións sobre os equipamentos de control e medida, aluguer de aparellos de medida, realización de estudos de conexión e acceso ás redes e demais actuacións necesarias para atender os requirimentos dos usuarios.

Os pagamentos por dereitos por conexións de servizo, enganches, verificación e actuacións sobre os equipamentos de control e medida derivados de decisións dos usuarios, aluguer de aparellos de medida e realización de estudos de conexión e de acceso ás redes serán realizados polos suxeitos do sistema aos titulares ou xestores da rede nos termos que se establezan regulamentariamente. En ningún caso estes pagamentos terán consideración de peaxes ou cargos.

10. Sen prexuízo do establecido en relación coa comercialización de referencia, a retribución á actividade de comercialización será a que libremente pacten as partes.

Os consumidores, xa sexa directamente ou a través do seu comercializador, poderán obter os ingresos que correspondan pola súa participación, se for o caso, nos servizos incluídos no mercado de produción de acordo co que se determine regulamentariamente.

11. A retribución do operador do mercado e do operador do sistema establecerase de acordo coa metodoloxía que determine o Goberno en función dos servizos que efectivamente presten e será financiada con base nos prezos que estes cobren aos axentes e suxeitos do sistema, respectivamente.

A retribución do operador do sistema poderá incorporar incentivos, que poderán ter signo positivo ou negativo, á redución de custos do sistema derivados da operación na determinación dos servizos de axuste, á mellora das previsións e a outros obxectivos.

A retribución de ambos os operadores e os prezos que deben cobrar serán fixados anualmente polo ministro de Industria, Enerxía e Turismo.

*Artigo 15. Criterios de redes e criterios de funcionamento das instalacións de produción suxeitas a retribución regulada.*

1. O Goberno establecerá os criterios xerais de redes e os criterios de funcionamento das instalacións de produción de enerxía eléctrica suxeitas a retribución regulada. As metodoloxías retributivas que se establezan con cargo aos ingresos do sistema eléctrico terán unicamente en consideración os custos derivados de aplicación de tales criterios.

Para estes efectos teranse en conta as mellores prácticas nas actividades de transporte, distribución e produción, os índices de calidade establecidos na normativa estatal e os niveis de protección ambiental derivados da normativa estatal e europea.

Os criterios previstos neste número serán os utilizados na planificación da rede de transporte.

2. As empresas titulares de activos de redes e de instalacións de produción de enerxía eléctrica suxeitas a retribución regulada ás cales se apliquen, nalgunha das súas áreas, normativas específicas sobre redes ou instalacións de produción que supoñan uns maiores custos na actividade que desempeñen, poderán establecer convenios ou outros mecanismos coas administracións públicas para cubrir o sobrecusto ocasionado. En ningún caso o sobrecusto causado por estas normas formará parte do investimento ou dos custos de explotación recoñecidos a estas empresas para o cálculo da retribución, e non pode, por tanto, ser sufragado a través dos ingresos do sistema eléctrico.

3. Excepcionalmente, e con carácter temporal, o Goberno poderá autorizar o sobrecusto derivado de cambios de combustible nas instalacións de produción dos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares imprescindibles para garantir o fornecemento neses territorios.

*Artigo 16. Peaxes de acceso ás redes e cargos asociados aos custos do sistema.*

1. O ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, ditará as disposicións necesarias para o establecemento:

a) Dos prezos das peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución, que se establecerán de acordo coa metodoloxía establecida pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia considerando para estes efectos o custo da retribución destas actividades.

b) Os cargos necesarios que se establecerán de acordo coa metodoloxía prevista no presente artigo para cubrir outros custos das actividades do sistema que correspondan.

As peaxes e cargos así calculados serán únicos en todo o territorio nacional e non incluírán ningún tipo de impostos.

2. As peaxes que deberán satisfacer os consumidores terán en conta as especialidades por niveis de tensión e as características dos consumos por períodos horarios e potencia.

As peaxes que deberán satisfacer os produtores de enerxía eléctrica estableceranse regulamentariamente, tendo en conta a enerxía vertida ás redes.

3. O Goberno, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, establecerá a metodoloxía de cálculo dos cargos que deberán satisfacer os consumidores e, se for o caso, os produtores de enerxía eléctrica, e que cubrirán os custos do sistema que se determinen, sen prexuízo do disposto para as peaxes de transporte e distribución.

Estes cargos poderán ter en conta a estrutura de peaxes de acceso existentes.

4. En caso de que as actividades ou instalacións destinadas ao fornecemento eléctrico fosen gravadas, directa ou indirectamente, con tributos propios das comunidades autónomas ou recargas sobre tributos estatais, na peaxe de acceso ou cargo que corresponda poderase incluír un suplemento territorial que cubrirá a totalidade do sobrecusto provocado por ese tributo ou recarga e que deberá ser aboado polos consumidores do ámbito territorial da respectiva comunidade autónoma.

No caso de que os tributos sexan de carácter local, salvo os mencionados no artigo 59 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, na peaxe de acceso ou cargo que corresponda poderase incluír un suplemento territorial que cubra a totalidade do sobrecusto provocado.

Por orde do titular do Ministerio de Presidencia, por proposta conxunta dos titulares dos ministerios de Industria, Enerxía e Turismo e de Facenda e Administracións Públicas determinaranse, precedendo acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, os tributos e recargas concretos que serán considerados para efectos da aplicación dos citados suplementos territoriais, así como os mecanismos necesarios para a xestión e liquidación de tales suplementos.

5. Con carácter xeral, e sen prexuízo do disposto no artigo 19, as peaxes de acceso ás redes e os cargos a que se refire o número 1 do presente artigo serán establecidos anualmente polo ministro de Industria, Enerxía e Turismo, precedendo acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, con base nas estimacións realizadas. Estes cargos e peaxes de acceso poderán revisarse, así mesmo, cando se produzan circunstancias que afecten de modo relevante os custos regulados ou os parámetros utilizados para o seu cálculo.

6. As empresas que realicen as actividades con retribución regulada facilitarán á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo canta información sexa necesaria para a determinación das peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución, e os cargos necesarios para cubrir outros custos.

#### Artigo 17. *Prezos voluntarios para o pequeno consumidor e tarifas de último recurso.*

1. Os prezos voluntarios para o pequeno consumidor, que serán únicos en todo o territorio español, serán os prezos máximos que poderán cobrar os comercializadores que, segundo o teor do previsto na alínea f) do artigo 6, asuman as obrigacións de fornecemento de referencia, a aqueles consumidores que, de acordo coa normativa vixente, cumpran os requisitos para que lles resulten de aplicación.

Estes prezos fixaranse de forma que no seu cálculo se respecte o principio de suficiencia de ingresos, aditividade e non ocasionen distorsións da competencia no mercado.

2. Os prezos voluntarios para o pequeno consumidor terán en conta as especialidades a que se refire o artigo 16.2 que correspondan. Para o seu cálculo, incluíranse de forma aditiva na súa estrutura os seguintes conceptos:

a) O custo de produción de enerxía eléctrica, que se determinará con base en mecanismos de mercado atendendo ao prezo medio previsto no mercado de produción durante o período que regulamentariamente se determine e que será revisable de forma independente ao do resto de conceptos do prezo voluntario para o pequeno consumidor.

b) As peaxes de acceso e cargos que correspondan.

c) Os custos de comercialización que correspondan.

3. Defínense as tarifas de último recurso como aqueles prezos de aplicación a categorías concretas de consumidores de acordo co disposto na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Estas tarifas de último recurso resultarán de aplicación:

- a) Aos consumidores que teñan a condición de vulnerables, e
- b) a aqueles que, sen cumpriren os requisitos para a aplicación do prezo voluntario para o pequeno consumidor, transitoriamente non dispoñan dun contrato de fornecemento en vigor cun comercializador en mercado libre.

As tarifas de último recurso serán únicas en todo o territorio nacional e na súa fixación poderanse incorporar descontos ou recargas sobre os prezos voluntarios para o pequeno consumidor, segundo se determine para cada categoría de consumidores. As tarifas de último recurso serán os prezos que poderán cobrar os comercializadores que, segundo o teor do previsto na alínea f) do artigo 6, asuman as obrigacións de fornecemento de referencia, a aqueles consumidores que, de acordo coa normativa vixente, cumpran os requisitos que lles resulten de aplicación.

4. O Goberno establecerá a metodoloxía de cálculo dos prezos voluntarios para o pequeno consumidor e das tarifas de último recurso. Por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, precedendo acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, ditaranse as disposicións necesarias para o establecemento destes prezos voluntarios para o pequeno consumidor e tarifas de último recurso.

5. Sobre os prezos voluntarios para o pequeno consumidor e as tarifas de último recurso para cada categoría de consumo aplicaranse os correspondentes impostos.

6. En caso de que as actividades ou instalacións destinadas ao fornecemento eléctrico fosen gravadas, directa ou indirectamente, con tributos propios das comunidades autónomas ou recargas sobre tributos estatais, nos prezos voluntarios para o pequeno consumidor ou as tarifas de último recurso poderase incluír un suplemento territorial que cubrirá a totalidade do sobrecusto provocado por ese tributo ou recarga e que deberá ser aboado polos consumidores do ámbito territorial da respectiva comunidade autónoma.

No caso de que os tributos sexan de carácter local, salvo os mencionados no artigo 59 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, nos prezos voluntarios para o pequeno consumidor ou a tarifa de último recurso poderase incluír un suplemento territorial que cubra a totalidade do sobrecusto provocado.

Por orde do titular do Ministerio de Presidencia, por proposta conxunta dos titulares dos ministerios de Industria, Enerxía e Turismo e de Facenda e Administracións Públicas e logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, determinaranse os tributos e recargas concretos que serán considerados para efectos da aplicación dos citados suplementos territoriais, así como os mecanismos necesarios para a súa xestión e liquidación.

7. Co fin de que exista a maior transparencia nos prezos do fornecemento de enerxía eléctrica, desagregaranse na facturación ao usuario os diferentes conceptos na forma que regulamentariamente se determine, ao menos o custo da enerxía, as peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución e cargos que correspondan, e os tributos que graven o consumo de electricidade, así como os suplementos territoriais cando correspondan. Na facturación daqueles usuarios acollidos a tarifas de último recurso, incluírase, se for o caso, o importe do bono social minorando o prezo voluntario para o pequeno consumidor ou a recarga sobre o dito prezo no caso da tarifa de último recurso para aqueles consumidores que transitoriamente non dispoñan dun contrato de fornecemento en vigor cun comercializador en mercado libre.

Artigo 18. *Cobramento e liquidación das peaxes, cargos, prezos e retribucións reguladas.*

1. As peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución e os prezos ou cargos por outros servizos regulados destinados ao fornecemento de enerxía eléctrica serán recadados polas empresas distribuidoras e, se for o caso, polo operador do sistema, e deben dar ás cantidades ingresadas a aplicación que proceda de acordo co procedemento xeral de liquidacións previsto na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Para estes efectos, os ingresos por peaxes ou cargos serán os que terían que se ter facturado por aplicación da normativa que os estableza, con independencia da súa efectiva facturación e cobramento por parte dos suxeitos obrigados á súa recadación.

2. O Goberno establecerá regulamentariamente o procedemento xeral de liquidacións para a repartición dos fondos ingresados polos distribuidores e o transportista, así como das restantes partidas de ingresos, entre os que realicen as actividades incluídas no sistema, atendendo á retribución que corresponda de conformidade coa presente lei.

As liquidacións de ingresos e custos do sistema eléctrico realizaraas mensualmente o órgano encargado delas á conta da liquidación de feche de cada ano, que se efectuará con anterioridade ao 1 de decembro do ano seguinte ao que corresponde, considerando as partidas de ingresos incorporadas ao sistema de liquidacións até a citada data provenientes de calquera mecanismo financeiro establecido normativamente e dos orzamentos xerais do Estado, de acordo co disposto no artigo 13.

Calquera ingreso ou custo que se incorpore unha vez realizada a liquidación de feche dun exercicio terá a consideración de ingreso ou custo liquidable do sistema do exercicio en que se produza.

Con carácter xeral, nas actividades con retribución regulada que correspondan a unha partida de custos do sistema eléctrico, o cobramento desa retribución realizarase con cargo ás liquidacións do exercicio para o cal se establecesen e aplicárase a todas as actividades con igual distribución no cobramento. O anterior entenderase sen prexuízo de regularizacións que se poidan realizar con posterioridade ás liquidacións de cada exercicio ou do destino establecido para aquelas partidas de ingresos provenientes dos orzamentos xerais do Estado ou de mecanismos financeiros de acordo co establecido normativamente.

3. Os suxeitos a que se refire o artigo 6 adheriranse ás condicións que establezan o operador do mercado e o operador do sistema para a realización das operacións de liquidación e pagamento da enerxía que correspondan. Tales condicións serán públicas, transparentes e obxectivas e serán aprobadas polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

4. No suposto de que os suxeitos do sistema eléctrico a que corresponda efectuar pagamentos por liquidacións, de conformidade co disposto no presente artigo, non cumpran coa súa obrigaçión de ingresar en prazo as cantidades que lles correspondan, o órgano encargado de realizar as liquidacións requiriraos, inmediatamente despois de transcorrido o prazo para efectuar o pagamento, para que procedan ao ingreso dos importes correspondentes.

Nestes casos, cando o incumprimento da obrigaçión de ingreso corresponda a unha empresa pertencente a un grupo de sociedades que teña dereitos de cobramento na mesma liquidación, darase prioridade á repartición das cantidades non ingresadas de acordo coas seguintes regras:

- a) Imputaranse en primeiro lugar as contías incumpridas realizando unha minoración aos suxeitos con dereitos de cobramento do mesmo grupo de sociedades, e
- b) as cantidades restantes repartiranse entre o resto de suxeitos non pertencentes a ese grupo.

Sen prexuízo do anterior, a partir do día seguinte ao da finalización do período establecido para o pagamento comezarán a producirse, sen necesidade de requirimento

previo, xuros de demora, que serán equivalentes ao xuro legal do diñeiro incrementado en 150 puntos básicos.

5. A liquidación das obrigacións de pagamento ou, se for o caso, dos dereitos de cobramento que resulten da aplicación e a súa normativa de desenvolvemento de acordo co procedemento xeral de liquidacións terán a consideración de ingreso ou custo liquidable do sistema, segundo corresponda.

#### Artigo 19. *Desaxustes temporais entre ingresos e custos do sistema.*

1. Entenderase que se producen desaxustes temporais entre ingresos e custos do sistema eléctrico se, como resultado das liquidacións de feche do sistema eléctrico nun exercicio, resultar un déficit ou superávit de ingresos.

2. En caso de que se produza un desaxuste por déficit de ingresos nun exercicio, a súa contía non poderá superar o 2 por cento dos ingresos estimados do sistema para ese exercicio.

Adicionalmente, a débeda acumulada por desaxustes de exercicios anteriores non poderá superar o 5 por cento dos ingresos estimados do sistema para ese mesmo exercicio.

As peaxes, se for o caso, ou cargos que correspondan revisaranse, ao menos, nun total equivalente á contía en que se excedan os citados límites.

3. A parte do desaxuste que, sen exceder os citados límites, non se compense por suba de peaxes e cargos será financiada polos suxeitos do sistema de liquidación de forma proporcional á retribución que lles corresponda pola actividade que realicen.

Así mesmo, se nas liquidacións mensuais á conta da de feche de cada exercicio aparecen desviacións transitorias entre os ingresos e custos, estas desviacións serán soportadas polos suxeitos do sistema de liquidación de forma proporcional á retribución que lles corresponda en cada liquidación mensual.

Para estes efectos consideraranse suxeitos do sistema de liquidacións aqueles que reciben a liquidación da súa retribución con cargo ás diferentes partidas de custos do sistema, tanto directamente como a través do operador do sistema ou dos distribuidores.

Estes suxeitos terán dereito a recuperar as achegas por desaxuste que deriven da liquidación de feche nas liquidacións correspondentes aos cinco anos seguintes ao exercicio en que se producise o desaxuste temporal. As cantidades achegadas por este concepto serán devoltas con recoñecemento dun tipo de xuro en condicións equivalentes ás do mercado que se fixará na orde prevista no artigo 16.

4. Os superávits de ingresos que poidan resultar das liquidacións do sistema eléctrico en cada exercicio serán considerados ingresos liquidables do sistema do exercicio en curso. Sempre que existan desaxustes de anos anteriores estes ingresos destinaranse á redución das cantidades pendentes de devolución correspondentes a eles.

5. En todo caso, mentres as partidas de custos do sistema eléctrico reflectan pagamentos que correspondan a débedas pendentes de anos anteriores, os cargos non poderán ser revisados á baixa.

#### Artigo 20. *Contabilidade e información.*

1. As entidades que desenvolvan algunha ou algunhas das actividades a que se refire o artigo 1.2 da presente lei levarán a súa contabilidade de acordo co establecido no Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de sociedades de capital, mesmo que non teñan tal carácter.

O Goberno regulará as adaptacións que sexan necesarias para o suposto de que o titular da actividade non sexa unha sociedade anónima.

En calquera caso, as empresas deberán ter na súa sede central ao dispor do público unha copia das súas contas anuais.

2. Sen prexuízo da aplicación das normas xerais de contabilidade ás empresas que realicen as actividades a que se refire o artigo 1.2 desta lei ou ás sociedades que exerzan

control sobre elas, o Goberno poderá establecer para esas empresas as especialidades contables e de publicación de contas que se consideren adecuadas, de tal forma que se reflectan con nitidez os activos, pasivos, ingresos e gastos das actividades eléctricas e as transaccións realizadas entre sociedades dun mesmo grupo.

Entre as especialidades contables que establecerá Goberno para as empresas que realicen actividades eléctricas concederá especial atención á inclusión nas contas anuais da información relativa ás actuacións empresariais con incidencia sobre o ambiente, co obxectivo de integrar progresivamente os criterios de preservación do contorno nos procesos de decisión económica das empresas.

No caso das sociedades que teñan por obxecto a realización das actividades con retribución regulada, de acordo co disposto na presente lei, levarán na súa contabilidade contas separadas que diferencien entre os activos, pasivos, ingresos e custos imputables estritamente a cada unha das ditas actividades, a fin de evitar discriminacións, subvencións entre actividades distintas e distorsións da competencia.

Os comercializadores de referencia levarán na súa contabilidade interna contas separadas da citada actividade de fornecemento de referencia do resto das actividades.

As sociedades que desenvolvan actividades eléctricas diferentes ás establecidas no artigo 8.2 levarán contas separadas da actividade de produción, de comercialización, daquelas outras non eléctricas que realicen no territorio español e de todas aquelas outras que realicen no exterior.

Os produtores con retribución regulada ou réximes económicos específicos levarán na súa contabilidade interna contas separadas das actividades eléctricas e daquelas que non o sexan, así como da actividade de produción a mercado libre, con retribución regulada ou con réximes específicos.

A Rede Eléctrica de España, S.A.U. deberá levar contas separadas da actividade de transporte, da operación do sistema peninsular e da operación do sistema nos sistemas non peninsulares.

O operador do mercado deberá levar contas separadas da actividade de operación do mercado e do resto de actividades que realice de forma accesoria.

3. As entidades deberán explicar na memoria das contas anuais os servizos prestados e os custos repercutidos por outras entidades do grupo e partes vinculadas, así como os criterios aplicados polo grupo de sociedades na repartición de custos respecto ás outras entidades do grupo que realicen actividades eléctricas diferentes. Ademais, deberán informar na memoria das contas anuais sobre os criterios de asignación e imputación dos activos, pasivos, gastos e ingresos entre cada unha das actividades para as cales se lles exige levar contabilidade separada, así como das regras de amortización aplicadas e vidas útiles dos activos.

Os criterios deberán ser explícitos e concretos, de tal maneira que exista unha clara correspondencia entre os ditos criterios e os valores obtidos na contabilidade separada por actividades.

Estes criterios deberán manterse e non se modificarán, salvo circunstancias excepcionais. As modificacións e a súa xustificación deberán ser explicadas na memoria anual ao correspondente exercicio.

Incluirase tamén na memoria das contas anuais información sobre as operacións realizadas coas empresas do seu mesmo grupo empresarial nas condicións que regulamentariamente se establezan.

Así mesmo, incluirase un balance e conta de perdas e ganancias separado por actividades, segregando os activos, pasivos, gastos e ingresos de cada unha das actividades que a sociedade realice, para as cales se lle exige levar contabilidade separada, así como, de forma agregada, para o resto das actividades que poida realizar de forma accesoria.

4. As empresas deberán facilitar ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a información que lles sexa requirida da súa contabilidade separada por actividades e dentro destas, se for o caso, separada



por tecnoloxía ou instalacións concretas, así como das operacións realizadas coas empresas do seu mesmo grupo empresarial e outras partes vinculadas.

Así mesmo, as empresas deberanlles proporcionar a información que lles sexa requirida, en especial en relación cos seus estados financeiros, que deberá ser verificada mediante auditorías externas á propia empresa que se deberán realizar de conformidade co disposto no Real decreto lexislativo 1/2011, do 1 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de auditoría de contas.

Cando estas entidades formen parte dun mesmo grupo empresarial, a obrigaón de información estenderase, así mesmo, á sociedade que exerza o control da que realiza actividades eléctricas sempre que actúe nalgún sector enerxético e a aquelas outras sociedades do grupo que leven a cabo operacións coa que realiza actividades no sistema eléctrico.

Regulamentariamente poderanse establecer excepcións á obrigaón de auditar as contas para as empresas de pequeno ou mediano tamaño.

5. Deberá incluírse información nas contas anuais, relativa ás actuacións empresariais que se materialicen en proxectos de aforro, eficiencia enerxética e de redución do impacto ambiental para os cales se produza a dedución por investimentos prevista na presente lei.

6. Ademais do disposto nos números anteriores, os suxeitos que realicen calquera das actividades con retribución regulada de acordo co disposto na presente lei e nas súas normas de desenvolvemento deberán facilitar ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia información relativa ás condicións que determinaron o outorgamento destas retribucións, así como a información relativa aos custos que sexa necesaria para o seu adecuado establecemento e revisión. As marxes engadidas polas operacións intragrupo deberán ser transparentes, explícitas e cuantificadas na información que se comunique.

7. Os suxeitos definidos no artigo 6 estarán obrigados a comunicar a información que afecte a formación dos prezos nos mercados organizados do Mercado Ibérico de Electricidade.

8. Nos contratos que celebre a Administración xeral do Estado ou os seus organismos ou entes públicos para o control, análise, consultoría ou auditoría nunha actividade do sector eléctrico establecerase un réxime de incompatibilidades para as empresas adjudicatarias, así como para as empresas do grupo a que estas pertencen, durante a execución do contrato antes mencionado e como máximo durante os tres anos seguintes á súa extinción, nas súas relacións contractuais directas ou indirectas con empresas que desempeñen:

- a) A mesma actividade relacionada co obxecto do contrato adjudicado.
- b) Outras actividades do sector eléctrico con retribución regulada nas cales poida ser relevante a información sobre materia retributiva a que tivesen acceso con ocasión do contrato.

Así mesmo, establecerase que as empresas adjudicatarias antes sinaladas serán responsables da calidade do traballo realizado durante a execución do contrato e durante os tres anos posteriores á súa conclusión, sen prexuízo do disposto no texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Non obstante o anterior, de forma motivada poderanse exceptuar ou limitar as incompatibilidades anteriores nos referidos contratos.

En ningún caso as empresas adjudicatarias, así como as restantes empresas do mesmo grupo a que pertencen, poderán intervir en calquera litixio que se substancie contra a Administración xeral do Estado, os seus organismos ou entes públicos ao servizo das restantes partes litigantes, sempre que o litixio garde relación coa mesma actividade que foi obxecto de contratación. Queda a salvo a súa eventual intervención por proposta da propia representación letrada da Administración xeral do Estado, dos seus organismos ou dos seus entes públicos.

Para estes efectos, considerarase que existe grupo de sociedades cando conorra algún dos casos establecidos no artigo 42 do Código de comercio.

9. As sociedades que realizan actividades reguladas non poderán prestar garantías nin avalar préstamos doutras sociedades do grupo ou partes vinculadas que realicen actividades liberalizadas ou outras actividades alleas ao sector eléctrico.

## TÍTULO IV

### Producción de enerxía eléctrica

#### Artigo 21. *Actividades de produción de enerxía eléctrica.*

1. A posta en funcionamento, modificación, feche temporal, transmisión e feche definitivo de cada instalación de produción de enerxía eléctrica estará sometida, con carácter previo, ao réxime de autorizacións establecido no artigo 53 e na súa normativa de desenvolvemento.

2. As instalacións de produción de enerxía eléctrica deberán estar inscritas no rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, onde se reflectirán as condicións da instalación e, en especial, a súa respectiva potencia.

As comunidades autónomas con competencias na materia poderán crear e xestionar os correspondentes rexistros territoriais, nos cales deberán estar inscritas todas as instalacións do seu ámbito territorial.

Regulamentariamente, co informe previo das comunidades autónomas, establecerase a organización, así como o procedemento de inscrición e comunicación de datos ao rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica.

3. A inscrición no rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica será condición necesaria para poder participar no mercado de produción de enerxía eléctrica en calquera das modalidades de contratación con entrega física e para poder participar, se for o caso, no despacho técnico e económico dos sistemas dos territorios non peninsulares. As comunidades autónomas terán acceso á información contida neste rexistro.

4. Os titulares das autorizacións estarán obrigados a manter a capacidade de produción prevista nelas e a proporcionar á Administración a información que se lles requira de cantos datos afecten as condicións que determinaron o seu outorgamento.

O incumprimento das condicións e requisitos establecidos nas autorizacións ou a variación substancial dos orzamentos que determinaron o seu outorgamento poderán dar lugar á súa revogación.

Para estes efectos, o operador do sistema poderá ditar instrucións nos termos que se establezan regulamentariamente.

5. Formarán parte da instalación de produción as súas infraestruturas de evacuación, que inclúen a conexión coa rede de transporte ou de distribución e, se for o caso, a transformación de enerxía eléctrica.

#### Artigo 22. *Aproveitamentos hidráulicos necesarios para a produción de enerxía eléctrica.*

1. Cando o establecemento de unidades de produción eléctrica requira autorización ou concesión administrativa conforme o disposto no Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, observarase o establecido na citada norma.

2. Cando, tanto en materia hidráulica como enerxética, sexa competente o Estado, o outorgamento da autorización de unidades de produción e da concesión para o uso das augas que aquelas vaian utilizar poderá tramitarse mediante un procedemento simplificado que se establecerá regulamentariamente e en virtude do cal existirá un só expediente e resolución única, na cal se recollerá a autorización das unidades de produción e a concesión do uso das augas que aquelas deben utilizar. Na tramitación

contarase coa participación dos departamentos ministeriais ou, se for o caso, organismos de bacía competentes, na forma que regulamentariamente se determine, sen prexuízo das competencias propias de cada departamento.

No que se refire á explotación hidroeléctrica, a autorización deberá axustarse ao previsto no artigo 53.

3. No procedemento de outorgamento de concesións e autorizacións para o uso de auga para a produción de enerxía eléctrica ou necesario para o funcionamento de unidades de produción non hidráulicas instado por particulares será preceptivo o informe previo da Administración pública competente en materia enerxética que deba autorizar, conforme o disposto na presente lei, as citadas unidades de produción.

As autorizacións e concesións para os usos sinalados no parágrafo anterior non poderán ser outorgadas cando sexa desfavorable o informe emitido pola Administración pública competente para autorizar as unidades de produción.

#### Artigo 23. *Sistema de ofertas no mercado diario de produción de enerxía eléctrica.*

1. Os produtores de enerxía eléctrica efectuarán ofertas económicas de venda de enerxía, a través do operador do mercado, por cada unha das unidades de produción de que sexan titulares, ben físicas ou en carteira, cando non se acollesen a sistemas de contratación bilateral ou a prazo que polas súas características queden excluídos do sistema de ofertas, salvo naquelas instalacións para as cales fose autorizado un feche temporal de acordo coa normativa de aplicación.

As unidades de produción de enerxía eléctrica estarán obrigadas a realizar ofertas económicas ao operador do mercado para cada período de programación, nos termos que regulamentariamente se establezan, salvo nos supostos previstos no artigo 25.

Os comercializadores de referencia estarán obrigados a realizar ofertas económicas de adquisición de enerxía eléctrica ao operador do mercado en cada período de programación pola parte de enerxía necesaria para o fornecemento dos seus clientes non cuberta mediante outros sistemas de contratación con entrega física.

2. Así mesmo, regulamentariamente establecerase a anticipación mínima con que deben realizarse as ofertas ao operador do mercado, o horizonte destas, o período de programación e o réxime de operación.

3. A orde de entrada en funcionamento das unidades de produción de enerxía eléctrica determinarase partindo daquela cuxa oferta fose a máis barata até igualar a demanda de enerxía nese período de programación, sen prexuízo das posibles restricións técnicas que poidan existir nas redes de transporte e distribución ou no sistema.

#### Artigo 24. *Demanda e contratación da enerxía producida.*

1. A contratación de enerxía eléctrica poderase realizar libremente, nos termos previstos na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.

2. As ofertas de adquisición de enerxía eléctrica que presenten os suxeitos ao operador do mercado, unha vez aceptadas, constituiranse nun compromiso en firme de fornecemento por parte do sistema.

Reglamentariamente determinaranse os suxeitos e as condicións en que se deban realizar as citadas ofertas de adquisición e os casos en que proceda a petición polo operador do mercado de garantías suficientes do pagamento. Así mesmo, poderanse regular os procedementos necesarios para incorporar a demanda no mecanismo de ofertas.

As ofertas de adquisición realizadas a través do operador do mercado deberán expresar o período temporal para o cal se solicita o fornecemento e a aceptación da liquidación que se realice.

O contrato entenderase perfeccionado e formalizado no momento do emparellamento e executado cando se teña producido o fornecemento de enerxía eléctrica.

3. O operador do mercado coidará de establecer os mecanismos necesarios para que o pagamento das transaccións bilaterais ou a prazo estea garantido.

4. Regulamentariamente estableceranse diferentes modalidades de contratación. En particular, regularase a existencia de contratos de compravenda a prazo de enerxía eléctrica, contratos de carácter financeiro que teñan como subxacente a enerxía eléctrica, así como contratos bilaterais realizados directamente entre os consumidores e os produtores, entre os produtores e os comercializadores e entre os comercializadores entre si. Todos estes contratos estarán exceptuados do sistema de ofertas.

Os contratos bilaterais con entrega física formalizados entre os suxeitos que participen no mercado de produción de enerxía eléctrica conterán, ao menos, o prezo de adquisición da enerxía e o período temporal do fornecemento. Regulamentariamente determinarase que elementos destes contratos deberán ser postos en coñecemento do operador do sistema e da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

5. Regulamentariamente, establecerase a creación, a organización e o funcionamento de mercados organizados que teñan por obxecto a contratación a prazo de enerxía eléctrica, cuxa xestión corresponderá a sociedades xestoras, así como os suxeitos do sector eléctrico que poderán participar nestes mercados, as condicións en que poderán facelo, e a información que as sociedades xestoras deban comunicar ao operador do mercado e ao operador do sistema, para os efectos de asegurar o correcto funcionamento do sistema eléctrico.

#### Artigo 25. *Excepcións ao sistema de ofertas.*

1. O Goberno poderá establecer os procedementos compatibles co mercado de libre competencia en produción para conseguir o funcionamento daquelas unidades de produción de enerxía eléctrica que utilicen fontes de combustión de enerxía primaria autóctonas, até un límite do 15 por cento da cantidade total de enerxía primaria necesaria para producir a electricidade demandada polo mercado nacional, considerada en períodos anuais, adoptando as medidas necesarias dirixidas a evitar a alteración do prezo de mercado.

2. A produción de enerxía eléctrica nos sistemas dos territorios non peninsulares poderá quedar excluída do sistema de ofertas en canto os ditos sistemas non estean efectivamente integrados co sistema peninsular.

Considerarase que os sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares están efectivamente integrados co sistema peninsular cando a capacidade de conexión coa península sexa tal que permita a súa incorporación no mercado de produción peninsular e existan os mecanismos de mercado que permitan integrar a súa enerxía. Esta integración entenderase efectuada cando así se constate por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo.

3. Estarán excluídos do sistema de ofertas os intercambios intracomunitarios ou internacionais que, de acordo co previsto no artigo 11.4, poden ser realizados polo operador do sistema, así como aquelas operacións de venda de enerxía a outros sistemas que se determinen regulamentariamente.

4. De acordo co previsto no artigo 24.4 e 24.5, regulamentariamente poderanse determinar modalidades contractuais que polas súas características deban estar excluídas do sistema de ofertas.

5. Aquelas unidades de produción que, en aplicación do previsto neste artigo, non estean obrigadas a realizar ofertas, poderán percibir unha retribución por venda de enerxía equivalente ao prezo marxinal para cada período de programación de acordo co establecido polo artigo 14, sen prexuízo das especialidades do réxime retributivo que lles sexan aplicables conforme o establecido na presente lei.

Non obstante, todas as unidades de produción a que se refire o presente artigo deberán comunicar ao operador do mercado, nos termos que regulamentariamente se establezan, a produción prevista para cada período de programación.

6. Nos supostos a que se refire o número 2 do artigo 7, o Goberno poderá adoptar medidas que poidan supor, directa ou indirectamente, unha alteración do sistema de ofertas.

Artigo 26. *Dereitos e obrigacións dos produtores de enerxía eléctrica.*

1. Serán dereitos dos produtores de enerxía eléctrica:

a) A utilización nas súas unidades de produción daquelas fontes de enerxía primaria que consideren máis adecuadas respectando, en todo caso, os rendementos, as características técnicas e as condicións de protección ambiental contidas na autorización da instalación, sen prexuízo das limitacións ao cambio de combustible e ás condicións de contratación que se poidan establecer regulamentariamente para aquelas centrais de produción con retribución regulada.

b) Contratar a venda ou adquisición de enerxía eléctrica nos termos previstos na lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.

c) Despachar a súa enerxía a través do operador do sistema nos termos que se establezan regulamentariamente.

d) Ter acceso ás redes de transporte e distribución nos termos que se establezan regulamentariamente.

e) Percibir a retribución que lles corresponda de acordo cos termos previstos na presente lei.

f) Recibir a compensación a que poidan ter dereito polos custos en que incorreron en supostos de alteracións no funcionamento do sistema, nos supostos previstos no artigo 7.2.

2. A enerxía eléctrica procedente de instalacións que utilicen fontes de enerxía renovable e, despois delas, a das instalacións de coxeración de alta eficiencia, terá prioridade de despacho a igualdade de condicións económicas no mercado, sen prexuízo dos requisitos relativos ao mantemento da fiabilidade e á seguranza do sistema, nos termos que regulamentariamente determine o Goberno.

Sen prexuízo da seguranza de fornecemento e do desenvolvemento eficiente do sistema, os produtores de enerxía eléctrica procedente de fontes de enerxía renovables e de coxeracións de alta eficiencia terán prioridade de acceso e de conexión á rede, nos termos que regulamentariamente se determinen, sobre a base de criterios obxectivos, transparentes e non discriminatorios.

3. Serán obrigacións dos produtores de enerxía eléctrica:

a) O desenvolvemento de todas aquelas actividades necesarias para producir enerxía eléctrica nos termos previstos na súa autorización e, en especial, no que se refire a seguranza, dispoñibilidade e mantemento da potencia instalada e ao cumprimento das condicións ambientais exigibles, sen prexuízo do disposto para as instalacións para as cales fose autorizado un feche temporal.

b) Adoptar e aplicar as normas de seguranza, regulamentos técnicos e de homologación ou certificación das instalacións e instrumentos que estableza a Administración competente.

c) Facilitar á Administración pública e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia información sobre produción, consumo, venda de enerxía e outros aspectos que se establezan regulamentariamente.

d) A presentación de ofertas de venda de enerxía eléctrica ao operador do mercado, nos termos previstos no artigo 23, salvo as excepcións do artigo 25.

e) Conectarse e evacuar a súa enerxía a través da rede de transporte ou distribución de acordo coas condicións que poidan establecer o operador do sistema, se for o caso, o xestor da rede de distribución, por razóns de seguranza e aquelas outras que regulamentariamente se establezan.

f) Estar dotados dos equipamentos de medida que permitan determinar, para cada período de programación, a enerxía producida nos termos establecidos regulamentariamente.

g) Adherirse ás condicións de funcionamento do sistema de ofertas, especialmente no que se refire ao procedemento de liquidación e pagamento da enerxía.

h) Aplicar as medidas que, de acordo co artigo 7 desta lei, sexan adoptadas polo Goberno.

i) Contratar e aboar a peaxe que corresponda, xa sexa directamente ou a través do seu representante, á empresa distribuidora ou transportista a que estea conectado por verter a enerxía ás súas redes.

j) Calquera outra obrigaón que poida derivar da aplicación da presente lei e da súa normativa de desenvolvemento.

#### Artigo 27. *Rexistro de réxime retributivo específico.*

1. Para o outorgamento e adecuado seguimento da retribución específica outorgada ás instalacións de produción a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos, no Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo levarase o rexistro de réxime retributivo específico, que incluírá os parámetros retributivos aplicables a tales instalacións.

2. Para ter dereito á percepción dos correspondentes réximes retributivos específicos, as instalacións de produción de enerxía eléctrica ou renovacións das existentes deberán estar inscritas no rexistro de réxime retributivo específico. Aquelas instalacións que non estean inscritas no dito rexistro percibirán exclusivamente o prezo do mercado.

### TÍTULO V

#### **Xestión económica e técnica do sistema eléctrico**

#### Artigo 28. *Xestión económica e técnica.*

Para asegurar o correcto funcionamento do sistema eléctrico dentro do marco que establece esta lei, corresponde, respectivamente, ao operador do mercado e ao operador do sistema asumir as funcións necesarias para realizar a xestión económica referida ao eficaz desenvolvemento do mercado de produción de electricidade e a garantía da xestión técnica do sistema eléctrico, todo isto de acordo co disposto neste título.

#### Artigo 29. *Operador do mercado.*

1. O operador do mercado asumirá a xestión do sistema de ofertas de compra e venda de enerxía eléctrica no mercado diario de enerxía eléctrica nos termos que regulamentariamente se establezan.

O operador do mercado exercerá as súas funcións respectando os principios de transparencia, obxectividade e independencia.

Actuará como operador do mercado unha sociedade mercantil de cuxo accionariado poderá formar parte calquera persoa física ou xurídica, sempre que a suma da súa participación directa ou indirecta no capital desta sociedade non supere o 5 por cento. Así mesmo, a suma de participacións, directas ou indirectas, dos suxeitos que realicen actividades no sector eléctrico non deberá superar o 40 por cento, sen que estas accións se poidan sindicar para ningún efecto.

No caso de que algunha persoa física ou xurídica poña de manifesto á sociedade mercantil que actúa como operador do mercado a súa vontade de participar no capital desa sociedade, a petición elevarase á xunta xeral de accionistas xunto coa certificación do solicitante de realizar ou non actividades no sector eléctrico.

A xunta xeral deberá aceptar a solicitude presentada por unha cifra máxima de participación equivalente á media das participacións existentes no tramo que deba corresponder ao petionario, e farase efectiva a través dalgún ou algúns dos seguintes procedementos:

a) A vontade de venda pola sociedade ou por algún dos seus accionistas das correspondentes accións manifestadas na xunta xeral.

b) A ampliación de capital da sociedade mediante a emisión de novas accións sempre que se respecte o límite do 40 por cento que pode ser subscrito por suxeitos que realicen actividades no sector eléctrico.

Cando os solicitantes de participación no capital do operador do mercado realicen actividades no sector eléctrico, a fin de respectar a porcentaxe mencionada, poderase acordar unha ampliación de capital superior á necesaria, sempre que se manifeste na xunta xeral a vontade de subscrición desas accións por calquera dos accionistas que non exerzan actividades eléctricas.

En todo caso, exclúese o dereito de subscrición preferente dos accionistas sobre as accións que se emitan para atender as novas peticións de participación.

2. Serán funcións do operador do mercado as seguintes:

a) Recibir as ofertas de venda emitidas para cada período de programación polos distintos suxeitos que participan no mercado diario de enerxía eléctrica, para cada un dos períodos de programación.

b) Recibir as ofertas de adquisición de enerxía.

c) Recibir dos suxeitos que participan nos mercados de enerxía eléctrica a información necesaria, a fin de que a súa enerxía contratada sexa tomada en consideración para o emparellamento e para a práctica das liquidacións que sexan competencia do operador do mercado.

d) Recibir as garantías que, se for o caso, procedan. A xestión destas garantías poderá realizala directamente ou a través de terceiros autorizados.

e) Realizar o emparellamento das ofertas de venda e de adquisición partindo da oferta máis barata até igualar a demanda en cada período de programación.

f) Comunicar aos titulares das unidades de produción, así como aos comercializadores, consumidores directos e aos operadores do sistema eléctrico no ámbito do Mercado Ibérico da Electricidade e, se for o caso, do mercado europeo, os resultados do emparellamento das ofertas.

g) Determinar os distintos prezos da enerxía resultantes dos emparellamentos no mercado diario de enerxía eléctrica para cada período de programación e a comunicación a todos os axentes implicados.

h) Liquidar e comunicar os pagamentos e cobramentos que deberán realizarse en virtude dos prezos da enerxía resultantes dos emparellamentos e aqueles outros custos que regulamentariamente se determinen.

i) Comunicar ao operador do sistema as ofertas de venda e de adquisición de enerxía eléctrica, realizadas polos distintos suxeitos que participan nos mercados de enerxía eléctrica da súa competencia, para cada un dos períodos de programación.

j) Informar publicamente sobre a evolución do mercado coa periodicidade que se determine.

k) Remitir ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia calquera información que lles sexa requirida por estes para o exercicio das súas funcións.

l) Realizar calquera outra función que regulamentariamente se lle asigne.

m) Pór á disposición de terceiros interesados a información que se determine.

n) Comunicar á autoridade competente calquera comportamento dos axentes do mercado que poida supor unha alteración do correcto funcionamento deste.

3. Para estes efectos, o operador do mercado terá acceso directo ao Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica a que se refire o artigo 21.3, ao Rexistro Administrativo de Autoconsumo a que se refire o artigo 9.3, así como ao Rexistro Administrativo de Distribuidores a que se refire o artigo 39.4, así como aos rexistros que para eses mesmos fins se poidan crear nas comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, e coordinará as súas actuacións co operador do sistema.

4. Contra as actuacións adoptadas polo operador do mercado no exercicio das súas funcións poderá interporse conflito ante a Comisión Nacional dos Mercados e da

Competencia, quen emitirá unha decisión no prazo dos tres meses seguintes á recepción da correspondente solicitude. As solicitudes de resolución destes conflitos deberanse presentar ante o citado organismo no prazo máximo dun mes contado desde o coñecemento por parte do solicitante do feito que motiva a súa solicitude de resolución de conflito.

Artigo 30. *Operador do sistema.*

1. O operador do sistema terá como función principal garantir a continuidade e a seguranza do fornecemento eléctrico e a correcta coordinación do sistema de produción e transporte. Exercerá as súas funcións en coordinación cos operadores e suxeitos do Mercado Ibérico da Enerxía Eléctrica baixo os principios de transparencia, obxectividade, independencia e eficiencia económica. O operador do sistema será o xestor da rede de transporte.

O operador do sistema a que se refire o parágrafo anterior adoptará a forma de sociedade mercantil e o seu réxime societario axustarase ás condicións seguintes:

a) Ningunha persoa física ou xurídica terá dereito:

1.º A exercer control, de maneira directa ou indirecta, sobre unha empresa que leve a cabo calquera das funcións de xeración ou comercialización e, simultaneamente, exercer control, de maneira directa ou indirecta, ou exercer ningún dereito no operador do sistema, nin

2.º a exercer control, de maneira directa ou indirecta, sobre o operador do sistema eléctrico ou sobre o xestor da rede de transporte de electricidade ou de gas natural e, simultaneamente, exercer control, de maneira directa ou indirecta ou exercer ningún dereito nunha empresa que leve a cabo calquera das funcións de xeración ou comercialización.

b) Ningunha persoa física ou xurídica terá dereito a nomear os membros do órgano de administración do operador do sistema ou xestor da rede de transporte de electricidade ou de gas natural se, directa ou indirectamente, exerce control ou exerce dereitos nunha empresa que realice calquera das actividades de xeración ou comercialización.

c) Ningunha persoa física ou xurídica terá dereito a ser membro do órgano de administración, simultaneamente, nunha empresa que realice calquera das actividades de xeración ou comercialización e no operador do sistema.

d) Os dereitos indicados nas alíneas a) e b) anteriores incluírán, en particular:

1.º A facultade de exercer dereitos de voto en relación cos órganos de administración ou goberno das sociedades;

2.º a facultade de designar membros do órgano de administración ou dos órganos que representen legalmente a empresa, ou

3.º a posesión de participacións accionarias maioritarias conforme se establece no artigo 42.1 do Código de comercio.

Para os efectos do disposto na alínea 1.a) inclúiranse tamén dentro do concepto de empresa que leve a cabo calquera das funcións de xeración ou comercialización aquelas que realicen as actividades de produción e comercialización no sector do gas natural.

2. Serán funcións do operador do sistema as seguintes:

a) Prever indicativamente e controlar o nivel de garantía de abastecemento de electricidade do sistema a curto e medio prazo, tanto no sistema peninsular como nos sistemas non peninsulares. Para estes efectos, realizará unha previsión da capacidade máxima cuxo feche temporal pode ser autorizado e, se for o caso, informará das necesidades de incorporación de potencia con autorización de feche temporal por razóns de garantía de fornecemento.



b) Prever a curto e medio prazo a demanda de enerxía eléctrica, a utilización do equipamento de produción, en especial, do uso das reservas hidroeléctricas, de acordo coa previsión da demanda, coa dispoñibilidade do equipamento eléctrico e cos distintos niveis de pluviometría e eolicidade que se poidan presentar dentro do período de previsión, tanto no sistema peninsular como nos sistemas non peninsulares.

c) Recibir a información necesaria sobre os plans de mantemento das unidades de produción, avarías ou outras circunstancias que poidan levar consigo a excepción da obriga de presentar ofertas, de acordo co previsto no artigo 25 desta lei, a fin de confirmalas co procedemento que regulamentariamente se estableza, o que comunicará ao operador do mercado.

d) Coordinar e modificar, se for o caso, os plans de mantemento das instalacións de transporte, de maneira que se asegure a súa compatibilidade cos plans de mantemento dos grupos de xeración e se asegure un estado de dispoñibilidade adecuado da rede que garanta a seguranza do sistema.

e) Establecer e controlar as medidas de fiabilidade do sistema de produción e transporte, afectando calquera elemento do sistema eléctrico que sexa necesario, así como os plans de manobras para a reposición do servizo en caso de fallos xerais no fornecemento de enerxía eléctrica e coordinar e controlar a súa execución.

f) Impartir as instrucións de operación da rede de transporte para a súa manobra en tempo real.

g) Executar, no ámbito das súas funcións, aquelas decisións que sexan adoptadas polo Goberno en execución do previsto no número 2 do artigo 7.

h) Determinar a capacidade de uso das interconexións internacionais, xestionar os intercambios de enerxía eléctrica e o tránsito de electricidade cos sistemas exteriores que se realicen utilizando as redes do sistema eléctrico español e establecer os programas de intercambio de electricidade cos sistemas eléctricos exteriores, nos termos previstos no artigo 11.4.

i) Recibir do operador do mercado e dos suxeitos que participan en sistemas de contratación bilateral con entrega física a información necesaria, a fin de poder determinar a programación de entrada na rede e para a práctica das liquidacións que sexan competencia do operador do sistema.

j) Recibir as garantías que, se for o caso, procedan. A xestión destas garantías poderá realizala directamente ou a través de terceiros autorizados.

k) Programar o funcionamento das instalacións de produción de enerxía eléctrica de acordo co resultado do emparellamento das ofertas comunicadas polo operador do mercado, coa información recibida dos suxeitos que participan en sistemas de contratación bilateral con entrega física, tendo en consideración as excepcións ao réxime de ofertas que poidan derivar da aplicación do previsto no artigo 25 xestionando os mercados de servizos de axuste do sistema que resulten precisos para garantir os criterios de fiabilidade e seguranza que se establezan.

O operador do sistema fará públicos os resultados dos procesos de operación que sexan da súa competencia co debido cumprimento dos criterios de confidencialidade establecidos legal ou regulamentariamente.

l) Impartir as instrucións necesarias para a correcta operación do sistema eléctrico de acordo cos criterios de fiabilidade e seguranza que se establezan, e xestionar os mercados de servizos de axuste do sistema que sexan necesarios para tal fin.

m) Liquidar e comunicar os pagamentos e cobramentos relacionados coa garantía de fornecemento incluíndo entre eles os servizos de axuste do sistema e a dispoñibilidade de unidades de produción en cada período de programación.

n) Liquidar os pagamentos e cobramentos relacionados cos desvíos efectivos das unidades de produción e de consumo en cada período de programación.

ñ) Colaborar con todos os operadores e suxeitos do Mercado Ibérico da Electricidade e, se for o caso, do mercado europeo, que resulten necesarios para o exercicio das súas funcións.

- o) Desenvolver aquelas outras actividades relacionadas coas anteriores que sexan convenientes para a prestación do servizo.
- p) Colaborar co Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e coas comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla na avaliación e seguimento dos plans de investimento anuais e plurianuais presentados polo titular das instalacións de transporte de enerxía eléctrica a que se refire o número 4 do artigo 34.
- q) Garantir mediante propostas na planificación que a rede de transporte poida satisfacer a medio e longo prazo a demanda de transporte de electricidade ao menor custo para o sistema, así como a fiabilidade daquela.
- r) Proporcionar a todos os xestores das redes información suficiente para garantir o funcionamento seguro e eficiente, o desenvolvemento coordinado e a interoperabilidade da rede interconectada.
- s) Garantir a non discriminación entre usuarios ou categorías de usuarios das redes.
- t) Proporcionar aos usuarios a información que necesiten para acceder eficientemente ás redes.
- u) Xestionar os despachos técnicos e económicos para o fornecemento de enerxía eléctrica nos sistemas eléctricos illados dos territorios non peninsulares, a liquidación e comunicación dos pagamentos e cobramentos relacionados cos ditos despachos, así como a recepción das garantías que, se for o caso, procedan. O réxime de cobramentos, pagamentos e garantías será análogo ao do mercado de produción peninsular.
- v) Remitir ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla calquera información que lles sexa requirida por estes para o exercicio das súas funcións na forma e prazos que se determine.
- w) Aplicar os cargos e peaxes de acceso que, conforme o disposto regulamentariamente, lle correspondan. Así mesmo, deberá comunicar ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo a información que se determine sobre cargos e peaxes de acceso.
- x) A responsabilidade do sistema de medidas do sistema eléctrico nacional, velando polo seu bo funcionamento e correcta xestión e exercendo as funcións de encargado de lectura dos puntos fronteira que regulamentariamente se establezan.
- e) Recadar e xestionar a información sobre a calidade de servizo na rede de transporte, informando as administracións e organismos segundo o establecido regulamentariamente.
- z) Pór á disposición de terceiros interesados a información que se determine.
- aa) Comunicar á autoridade competente calquera comportamento dos axentes que poida supor unha alteración dos procesos e mercados de operación que xestiona o operador do sistema.
- ab) Pór en coñecemento das autoridades públicas competentes e dos suxeitos que se poidan ver afectados, se os houber, as situacións de fraude e outras situacións anómalas.
- ac) Realizar calquera outra función que regulamentariamente se lle asigne.

3. Contra as actuacións do operador do sistema poderanse presentar conflitos ante o organismo responsable da súa resolución, quen emitirá unha decisión no prazo dos tres meses seguintes á recepción da solicitude. As solicitudes de resolución destes conflitos deberanse presentar ante o citado organismo no prazo máximo dun mes contado desde o coñecemento por parte do solicitante do feito que motiva a súa solicitude de resolución de conflito.

#### Artigo 31. *Designación e certificación do xestor da rede de transporte.*

1. A sociedade mercantil que actúe como operador do sistema será autorizada e designada como xestor da rede de transporte polo ministro de Industria, Enerxía e Turismo, por solicitude da interesada. Con carácter previo a esta designación, deberá ser certificada pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia en relación co

cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 30.1, segundo o procedemento establecido neste artigo.

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia controlará que a sociedade designada como xestor da rede de transporte se mantén no cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 30.1 utilizando para isto o procedemento de certificación establecido. Estas certificacións que se realicen en relación co mantemento dos requisitos poderán dar lugar a unha nova designación e autorización do xestor da rede de transporte.

As designacións do xestor de rede de transporte notificaranse á Comisión Europea para efectos da súa publicación no «Diario Oficial de la Unión Europea».

2. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia iniciará un procedemento de certificación após a solicitude ou notificación da empresa interesada, logo dunha solicitude motivada do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo ou da Comisión Europea, ou por iniciativa propia naqueles casos en que teña coñecemento de posibles transaccións que poidan dar ou desen lugar ao incumprimento dos requisitos establecidos en relación coa separación de actividades.

Para estes efectos, a sociedade certificada como xestor da rede de transporte deberá comunicar á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia calquera circunstancia que poida afectar o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 30.1.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, logo de audiencia e de forma motivada, adoptará unha resolución provisoria sobre a certificación no prazo máximo de catro meses desde a presentación da solicitude ou notificación. Transcorrido este prazo sen terse ditado resolución expresa, considerarase concedida a certificación provisoria.

4. En todos os casos a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia deberá comunicar á Comisión Europea a súa resolución provisoria en relación coa certificación da empresa interesada, acompañada da documentación pertinente relativa a ela, co fin de que esta emita o correspondente ditame previo á adopción da resolución definitiva. Así mesmo, remitirá copia do expediente ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Se a Comisión Europea non emitir un ditame no prazo previsto para o efecto na lexislación comunitaria, considerarase que non pon obxeccións á resolución provisoria da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

5. No prazo de dous meses desde a recepción do ditame emitido pola Comisión Europea, ou esgotados os prazos previstos para o efecto na lexislación comunitaria, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia resolverá con carácter definitivo sobre a certificación, dando cumprimento á decisión da Comisión Europea. Esta resolución, xunto co ditame da Comisión Europea, deberá publicarse no «Boletín Oficial del Estado» e no «Diario Oficial de la Unión Europea». A certificación non producirá efectos até a súa publicación.

6. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e a Comisión Europea poderán solicitar aos xestores de rede de transporte e ás empresas que realicen calquera das actividades de xeración ou comercialización calquera información útil para o cumprimento das funcións indicadas no presente artigo. Sen prexuízo do anterior, manterán a confidencialidade da información sensible para efectos comerciais.

#### Artigo 32. *Certificación en relación con países non pertencentes á Unión Europea.*

1. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia notificará á Comisión Europea calquera circunstancia que dea lugar a que o xestor da rede de transporte quede baixo o control dunha ou varias persoas dun ou máis terceiros países. Para estes efectos, o xestor de rede de transporte notificará á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia calquera circunstancia que poida dar lugar a que se produza este feito.

2. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia iniciará o proceso de certificación de acordo co procedemento e prazos previstos no artigo 31. Denegará a certificación se non se demostrou:

- a) Que a entidade en cuestión cumpre os requisitos do artigo 30, e

b) que a concesión da certificación non porá en perigo a seguranza de fornecemento nacional e da Unión Europea, tendo en conta os dereitos e obrigacións de España e da Unión Europea con respecto ao dito terceiro país, e outros datos e circunstancias específicos do caso e do terceiro país de que se trate.

Na notificación da proposta de resolución á Comisión Europea, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia solicitará un ditame específico sobre se a entidade en cuestión cumpre os requisitos de separación de actividades, e se a concesión da certificación non poría en perigo a seguranza do fornecemento na Unión Europea.

3. Unha vez substanciado o trámite de ditame por parte da Comisión Europea, de acordo co procedemento e prazos establecidos na norma comunitaria de aplicación, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia resolverá sobre a certificación, tendo en conta o ditame da Comisión.

Cando a decisión final difira do ditame da Comisión Europea, farase pública a súa motivación.

#### Artigo 33. *Acceso e conexión.*

1. Para os efectos desta lei entenderase por:

a) Dereito de acceso: dereito de uso da rede nunhas condicións legal ou regulamentariamente determinadas.

b) Dereito de conexión a un punto da rede: dereito dun suxeito a conectarse electricamente a un punto concreto da rede de transporte existente ou planificada ou de distribución existente ou incluída nos plans de investimento aprobados pola Administración xeral do Estado nunhas condicións determinadas.

c) Permiso de acceso: aquel que se outorga para o uso da rede a que se conecta a instalación.

d) Permiso de conexión a un punto da rede: aquel que se outorga para poder conectar unha instalación de produción de enerxía eléctrica ou consumo a un punto concreto da rede de transporte ou, se for o caso, de distribución.

2. A concesión dun permiso de acceso basearase no cumprimento dos criterios técnicos de seguranza, regularidade, calidade do fornecemento e de sustentabilidade e eficiencia económica do sistema eléctrico establecidos regulamentariamente polo Goberno. A aplicación destes criterios determinará a existencia ou non de capacidade de acceso. Na avaliación da capacidade de acceso deberanse considerar, ademais do propio nó a que se conecta a instalación, todos os nós con influencia no nó onde se conecta a instalación, tendo en conta as instalacións de produción de enerxía eléctrica e consumo existentes e as xa comprometidas neses nós.

O permiso de acceso será outorgado polo xestor da rede de transporte cando o punto de conexión á rede estea na rede de transporte, ou polo xestor da rede de distribución cando o punto de conexión á rede estea na rede de distribución. Este permiso detallará as condicións concretas de uso da rede de acordo co contido do regulamento antes sinalado.

En todo caso, o permiso de acceso soamente poderá ser denegado pola falta de capacidade de acceso. Esta denegación deberá ser motivada e deberá basearse nos criterios que se sinalan no primeiro parágrafo deste número.

O dereito de acceso poderá ser restrinxido temporalmente. Esta restrición deberá ser motivada e deberá basearse nos criterios do regulamento sinalado no parágrafo primeiro deste número, sen prexuízo do disposto no artigo 7.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia resolverá por petición de calquera das partes afectadas os posibles conflitos que se poidan suscitar en relación co permiso de acceso ás redes de transporte e distribución, así como coas denegacións deste emitidas polo xestor da rede de transporte e o xestor da rede de distribución.

O prazo para a resolución e notificación deste procedemento será de dous meses, que se poderá ampliar a dous meses adicionais se se require información adicional á

solicitude ou se así o manifesta o solicitante. As solicitudes de resolución destes conflitos presentaranse ante a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia no prazo máximo dun mes contado desde o coñecemento por parte do solicitante do feito que motiva a súa solicitude de resolución de conflito.

4. O permiso de conexión a un punto determinado da rede definirá as condicións técnicas, económicas, de seguranza e posta en marcha das instalacións que sexa preciso construír, ampliar e reformar na rede de transporte e distribución para realizar a conexión. Os criterios para a determinación destas condicións serán establecidos regulamentariamente polo Goberno.

O permiso de conexión será outorgado pola empresa transportista ou distribuidora titular da rede en que se encontre o punto para o cal se solicita o permiso de conexión.

Para a concesión dun permiso de conexión nun punto, o titular da rede deberá dispor do espazo físico adecuado para as instalacións necesarias.

En todo caso, o permiso de conexión soamente poderá ser denegado por imposibilidade técnica, por cuestións de seguranza das persoas, por non existir a instalación de rede onde se solicita o punto de conexión e non estar prevista a instalación na planificación vixente da rede de transporte ou nos plans de investimento das empresas distribuidoras aprobados pola Administración xeral do Estado, ou por falta de espazo físico adecuado para as instalacións necesarias. Esta denegación deberá ser motivada e deberá basearse nos criterios que se sinalen na normativa regulamentaria a que fai referencia o primeiro parágrafo deste número 4.

5. As discrepancias que se susciten en relación co outorgamento ou denegación do permiso de conexión ás instalacións de transporte ou distribución de competencia da Administración xeral do Estado serán resoltas pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

As discrepancias que se susciten en relación co outorgamento ou denegación do permiso de conexión ás redes cuxa autorización sexa de competencia autonómica serán resoltas polo órgano competente da comunidade autónoma correspondente, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia. Este informe terá carácter vinculante no relativo ás condicións económicas e ás condicións temporais relativas aos calendarios de execución das instalacións dos titulares de redes recollidas na planificación da rede de transporte e nos plans de investimento das empresas distribuidoras aprobados pola Administración xeral do Estado.

As discrepancias resolveranse de maneira individualizada para cada un dos casos concretos, conforme os criterios sinalados no número 4.

As solicitudes de resolución destes conflitos presentaranse ante o órgano competente correspondente no prazo máximo dun mes contando desde o coñecemento por parte do solicitante do feito que motiva a súa solicitude de resolución de conflito.

6. En ningún caso poderán os suxeitos responsables establecer outros mecanismos diferentes dos previstos nos números 2 e 4 deste artigo para o outorgamento dos permisos de acceso e conexión ou para a priorización no outorgamento deles.

Así mesmo, as administracións públicas non poderán denegar ou restrinxir a concesión de permisos de acceso e conexión ás redes de transporte e distribución, salvo o previsto para o Goberno nos números 2 e 4 do presente artigo.

7. Mediante real decreto do Consello de Ministros estableceranse os criterios obxectivos para a inclusión de límites á capacidade de conexión por nós co obxecto de garantir a seguranza do fornecemento.

8. Os permisos de acceso e conexión caducarán aos cinco anos desde a súa obtención para as instalacións que non obtivesen a acta de posta en servizo nese prazo. Do mesmo modo caducarán os ditos permisos para as instalacións que, estando xa construídas e en servizo, cesen na vertedura de enerxía á rede por un período superior a tres anos por causas imputables ao titular distintas do fecho temporal.

9. Os xestores das redes de transporte e distribución farán públicas as capacidades de acceso para cada nó da súa rede nos termos que se establezan regulamentariamente.

10. O Goberno, no prazo máximo dun ano, establecerá regulamentariamente os criterios baixo os cales un suxeito poderá solicitar aos titulares e xestores das redes a modificación das condicións dos permisos de conexión e acceso, incluídos os seus puntos de conexión. Así mesmo, nesa norma estableceranse os criterios técnicos de seguranza, regularidade, calidade do fornecemento e de sustentabilidade e eficiencia económica do sistema eléctrico que os titulares e xestores das redes deberán empregar para o outorgamento das modificacións.

## TÍTULO VI

### Transporte de enerxía eléctrica

#### Artigo 34. *Rede de transporte de enerxía eléctrica.*

1. A rede de transporte de enerxía eléctrica está constituída pola rede de transporte primario e a rede de transporte secundario.

A rede de transporte primario está constituída polas liñas, parques, transformadores e outros elementos eléctricos con tensións nominais iguais ou superiores a 380 kV e aquelas outras instalacións de interconexión internacional e, se for o caso, as interconexións cos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares.

A rede de transporte secundario está constituída polas liñas, parques, transformadores e outros elementos eléctricos con tensións nominais iguais ou superiores a 220 kV non incluídas no parágrafo anterior e por aquelas outras instalacións de tensións nominais inferiores a 220 kV, que cumpran funcións de transporte.

Nos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares terán consideración de rede de transporte secundario todas aquelas instalacións de tensión igual ou superior a 66 kV, así como as interconexións entre illas que polo seu nivel de tensión non sexan consideradas de transporte primario.

Así mesmo, consideraranse elementos constitutivos da rede de transporte todos aqueles activos de comunicacións, proteccións, control, servizos auxiliares, terreos, edificacións e demais elementos auxiliares, eléctricos ou non, necesarios para o adecuado funcionamento das instalacións específicas da rede de transporte antes definida.

En ningún caso formarán parte da rede de transporte os transformadores de grupos de xeración, os elementos de conexión dos grupos ás redes de transporte, as instalacións de consumidores para o seu uso exclusivo nin as liñas directas.

2. En todo caso a Rede Eléctrica de España, S.A. actuará como transportista único desenvolvendo a actividade en réxime de exclusividade nos termos establecidos na presente lei.

Non obstante o anterior, para a mellor xestión da rede de distribución, habilítase o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo para autorizar expresa e individualizadamente, logo de consulta á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e á comunidade autónoma en que se encontre a instalación, que determinadas instalacións de transporte secundario, polas súas características e funcións, sexan titularidade do distribuidor da zona que se determine. Nestes casos, os distribuidores deberán asumir as obrigacións do transportista único relativas á construción, manobra e mantemento de tales instalacións de transporte.

Para tal efecto, o Goberno establecerá os criterios exclusivamente técnicos que deberán rexer tales excepcións.

3. Estableceranse cantas normas técnicas sexan precisas para garantir a fiabilidade do fornecemento de enerxía eléctrica e das instalacións da rede de transporte e as conectadas a ela. Estas normas ateranse a criterios de xeral aceptación e serán obxectivas e non discriminatorias.

4. O titular da rede de transporte de enerxía eléctrica, antes do 1 de maio de cada ano, deberá someter os seus plans de investimentos anuais e plurianuais á aprobación do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo. O procedemento de aprobación destes plans será establecido regulamentariamente polo Goberno e incluírá a audiencia previa

das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla interesadas. A empresa transportista deberá executar, nos termos que se establezan, o contido dos plans de investimento que resulten aprobados pola Administración xeral do Estado.

No plan de investimento anual figurarán, como mínimo, os datos dos proxectos, as súas principais características técnicas, o orzamento e o calendario de execución, todo isto de acordo coa identificación das instalacións recollida na planificación da rede de transporte.

5. Sen prexuízo dos requisitos establecidos na lexislación xeral das telecomunicacións, as redes de transporte poderanse utilizar para prestar servizos de comunicacións electrónicas, sempre que se respecte o principio de separación xurídica de actividades, garantindo en todo caso a seguranza do sistema de transporte de enerxía eléctrica.

#### Artigo 35. *Autorización de instalacións de transporte de enerxía eléctrica.*

1. A posta en funcionamento, modificación, transmisión e feche definitivo das instalacións de transporte de enerxía eléctrica estará sometida, con carácter previo, ao réxime de autorizacións establecido no artigo 53 e nas súas disposicións de desenvolvemento.

2. No caso de instalacións de transporte cuxa autorización deba ser outorgada polas comunidades autónomas ou polas cidades de Ceuta e Melilla, estas solicitarán un informe previo á Administración xeral do Estado no cal esta consignará as posibles afeccións da instalación proxectada aos plans de desenvolvemento da rede, á xestión técnica do sistema e ao réxime económico regulados nesta lei, que a Administración autorizante deberá ter en conta no outorgamento da autorización.

Se, transcorrido un prazo de tres meses, a Administración xeral do Estado non tiver emitido informe, entenderase que este foi formulado en senso desfavorable.

Para o recoñecemento da retribución das novas instalacións de transporte será requisito indispensable que fosen incluídas na planificación a que se refire o artigo 4 desta lei e que, se for o caso, contén co informe favorable a que se fai referencia no presente número.

#### Artigo 36. *Dereitos e obrigacións do transportista.*

1. O transportista será responsable do desenvolvemento e ampliación da rede de transporte definida neste artigo, de tal maneira que garanta o mantemento e a mellora dunha rede configurada baixo criterios homoxéneos e coherentes.

2. O transportista adoptará a forma de sociedade mercantil e o seu réxime societario axustarase ás condicións establecidas no número 1 do artigo 30 para o operador do sistema.

3. Serán funcións do transportista as seguintes:

a) Executar os plans de mantemento das instalacións de transporte.  
b) Executar as instrucións do operador do sistema para a reposición do servizo en caso de fallos xerais no fornecemento de enerxía eléctrica.

c) Cumprir en todo momento as instrucións do operador do sistema para a operación da rede de transporte, incluídas as interconexións internacionais, para a súa manobra en tempo real.

d) Executar, no ámbito das súas funcións, aquelas decisións que sexan adoptadas pola Administración pública competente en execución do previsto no número 2 do artigo 7.

e) Colaborar co Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo na avaliación e seguimento dos plans de investimentos anuais e plurianuais a que se refire o número 4 do artigo 34.

f) Garantir o desenvolvemento e a ampliación da rede de transporte executando a planificación da rede de transporte aprobada, de tal maneira que se asegure o

mantemento e mellora dunha rede configurada baixo criterios homoxéneos coherentes e de mínimo custo.

g) Garantir a non discriminación entre usuarios ou categorías de usuarios da rede de transporte, proporcionando aos usuarios a información que necesiten para conectarse eficientemente á rede.

h) Fornecer ao operador do sistema toda aquela información necesaria para o cumprimento das súas funcións.

i) Outorgar o permiso de conexión á rede de transporte.

j) Realizar as súas actividades na forma autorizada e conforme as disposicións aplicables, prestando o servizo de transporte de forma regular e continua cos niveis de calidade que determine regulamentariamente o Goberno e mantendo as instalacións nas adecuadas condicións de conservación e idoneidade técnica.

k) Facilitar o uso das súas instalacións para os tránsitos de enerxía e a utilización das súas redes de transporte a todos os suxeitos autorizados, en condicións non discriminatorias, de acordo coas normas técnicas de transporte.

l) Manobrar e manter as instalacións da súa propiedade de acordo coas instrucións e directrices a que fai referencia a alínea l) do artigo 30.2.

m) Fornecer a información requirida pola Administración xeral do Estado para o establecemento da retribución, así como calquera información que se solicite en tempo e forma necesarios para permitir a adecuada supervisión e control da súa actividade por parte das autoridades reguladoras.

n) Realizar calquera outra función que regulamentariamente se lle asigne.

4. O transportista cumprirá en todo momento as instrucións impartidas polo operador do sistema no ámbito das súas funcións.

5. O transportista terá os seguintes dereitos:

a) O recoñecemento por parte da Administración dunha retribución adecuada polo exercicio da súa actividade dentro do sistema eléctrico nos termos establecidos no título III desta lei.

b) Exixir que as instalacións conectadas ás redes de transporte reúnan as condicións técnicas que se determinen por normativa estatal.

#### Artigo 37. *Acceso ás redes de transporte.*

1. As instalacións de transporte poderán ser utilizadas polos suxeitos autorizados de acordo co disposto no artigo 6. O prezo polo uso das redes de transporte determinarase de acordo co disposto no artigo 16.

2. O operador do sistema, como xestor da rede de transporte, deberá outorgar o permiso de acceso á rede de transporte de acordo cos criterios establecidos no artigo 33.

### TÍTULO VII

#### Distribución de enerxía eléctrica

#### Artigo 38. *Regulación da distribución.*

1. A actividade de distribución de enerxía eléctrica é aquela que ten por obxecto a transmisión de enerxía eléctrica desde as redes de transporte ou, se for o caso, desde outras redes de distribución ou desde a xeración conectada á propia rede de distribución, até os puntos de consumo ou outras redes de distribución nas adecuadas condicións de calidade co fin último de fornecela aos consumidores.

Os distribuidores serán os xestores das redes de distribución que operen. Naquelas comunidades autónomas onde exista máis dun xestor da rede de distribución, a comunidade autónoma, no ámbito das súas competencias, poderá realizar funcións de coordinación da actividade que desenvolvan os diferentes xestores.



2. Terán a consideración de instalacións de distribución todas as liñas, parques e elementos de transformación e outros elementos eléctricos de tensión inferior a 220 kV, salvo aquelas que, de acordo co previsto no artigo 34, se consideren integradas na rede de transporte.

Así mesmo, consideraranse elementos constitutivos da rede de distribución todos aqueles activos da rede de comunicacións, proteccións, control, servizos auxiliares, terreos, edificacións e demais elementos auxiliares, eléctricos ou non, necesarios para o adecuado funcionamento das redes de distribución, incluídos os centros de control en todas as partes e elementos que afecten as instalacións de distribución.

Non formarán parte das redes de distribución os transformadores de grupos de xeración, os elementos de conexión deses grupos ás redes de distribución, as instalacións de consumidores para o seu uso exclusivo nin as liñas directas.

3. A distribución de enerxía eléctrica rexerese polo disposto na presente lei e será obxecto de ordenación atendendo á necesaria coordinación do seu funcionamento e á normativa uniforme que se requira.

4. A ordenación da distribución terá por obxecto establecer e aplicar principios comúns que garantan a súa adecuada relación coas restantes actividades eléctricas, determinar as condicións de tránsito da enerxía eléctrica polas ditas redes, establecer a suficiente igualdade entre os que realizan a actividade en todo o territorio e a fixación de condicións comúns equiparables para todos os usuarios da enerxía.

A ordenación consistirá no establecemento da normativa básica, criterios xerais no deseño das redes, na previsión do funcionamento e desenvolvemento coordinado das redes de distribución no territorio español e nas condicións de tránsito da enerxía eléctrica por elas.

5. Os criterios de regulación da distribución de enerxía eléctrica estableceranse atendendo a zonas eléctricas con características comúns e vinculadas coa configuración da rede de transporte e desta coas unidades de produción. Co obxecto de que os criterios sexan homoxéneos en todo o territorio español e exista a adecuada coordinación no desenvolvemento das actividades de distribución, estes serán fixados polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, logo de informe das comunidades autónomas afectadas ou cidades de Ceuta e Melilla.

6. Os distribuidores de enerxía eléctrica deberán estar inscritos no Rexistro Administrativo de Distribuidores a que se refire o artigo 39.4.

7. Sen prexuízo dos requisitos establecidos na lexislación xeral das telecomunicacións, os distribuidores poderán utilizar as súas redes para prestar servizos de comunicacións electrónicas, garantindo en todo caso a seguranza do sistema de distribución de enerxía eléctrica. Neste caso levarán na súa contabilidade, ademais, contas separadas que diferencien ingresos e custos imputables estritamente a estes servizos.

8. Regulamentariamente o Goberno, logo de audiencia das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, determinará as condicións e os procedementos para o establecemento das conexións ao servizo eléctrico e o enganche de novos usuarios ás redes de distribución.

9. Contra as actuacións do xestor de rede de distribución poderanse presentar reclamacións administrativas ante o organismo responsable da súa resolución, quen emitirá unha decisión no prazo dos tres meses seguintes á recepción da reclamación. As solicitudes de resolución destes conflitos deberanse presentar ante o citado organismo no prazo máximo dun mes contado desde o coñecemento por parte do solicitante do feito que motiva a súa solicitude de resolución de conflito.

#### Artigo 39. *Autorización de instalacións de distribución.*

1. A posta en funcionamento, modificación, transmisión e feche definitivo das instalacións de distribución de enerxía eléctrica estará sometida, con carácter previo, ao réxime de autorizacións establecido no artigo 53 e nas súas disposicións de desenvolvemento.

2. A autorización, que non concederá dereitos exclusivos de uso, outorgarase atendendo tanto ao carácter do sistema de rede única e monopolo natural, propio da distribución eléctrica, como ao criterio de menor custo posible para o conxunto do sistema, propio de toda actividade con retribución regulada, e evitando o prexuízo aos titulares de redes xa establecidas obrigadas a atender os novos fornecementos que se soliciten.

3. Todas as instalacións destinadas a máis dun consumidor terán a consideración de rede de distribución e deberán ser cedidas á empresa distribuidora da zona, a cal responderá da seguranza e calidade do fornecemento. Esta infraestrutura quedará aberta ao uso de terceiros.

Cando existan varios distribuidores na zona aos cales poidan ser cedidas as instalacións construídas por un promotor, a Administración pública competente sobre a autorización desas redes determinará a cal dos distribuidores deberán ser cedidas, con carácter previo á súa execución, seguindo criterios de mínimo custo para o conxunto do sistema e aqueles que estableza regulamentariamente a Administración xeral do Estado. A dita infraestrutura quedará aberta ao uso de terceiros.

Cando nunha nova área por electrificar existan varios distribuidores que desexen realizar o desenvolvemento, a Administración pública competente baixo o criterio de rede única e aqueles que estableza regulamentariamente a Administración xeral do Estado, e considerando o carácter de monopolo natural da actividade e co obxectivo de xerar o menor custo de retribución para o conxunto do sistema, determinará con carácter previo á execución das instalacións cal das empresas distribuidoras deberá emprender o desenvolvemento.

4. O rexistro administrativo de distribuidores dependente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo conterá as empresas distribuidoras debidamente autorizadas.

As comunidades autónomas con competencias na materia poderán crear e xestionar os correspondentes rexistros territoriais, nos cales deberán estar inscritas todas as instalacións situadas no ámbito territorial daquelas.

#### Artigo 40. *Obrigacións e dereitos das empresas distribuidoras.*

1. Os distribuidores, como titulares das redes de distribución, terán as seguintes obrigacións:

a) Realizar as súas actividades na forma autorizada e conforme as disposicións aplicables, prestando o servizo de distribución de forma regular e continua, e cos niveis de calidade que o Goberno determine regulamentariamente, logo de audiencia das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla, mantendo as redes de distribución eléctrica nas adecuadas condicións de conservación e idoneidade técnica.

b) Ser responsables da construción, da operación, do mantemento e, en caso necesario, do desenvolvemento da súa rede de distribución, así como, se for o caso, das súas interconexións con outras redes, e de garantir que a súa rede teña capacidade para asumir, a longo prazo, unha demanda razoable de distribución de electricidade de acordo cos criterios establecidos pola Administración xeral do Estado, logo de audiencia das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla.

c) Analizar as solicitudes de conexión ás redes de distribución que xestionen e denegar ou, se for o caso, condicionar, a conexión a elas de acordo cos criterios que se establezan regulamentariamente, logo de audiencia das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla. Para estes efectos, deberán atender todas as solicitudes en condicións de igualdade.

d) Presentar a información requirida pola Administración xeral do Estado para o establecemento da retribución, así como calquera información que se solicite en tempo e forma necesarios para permitir a adecuada supervisión e control da súa actividade por parte das autoridades reguladoras.

e) Proceder á ampliación das instalacións de distribución cando así sexa necesario para atender novas demandas de fornecemento eléctrico nos termos que se establezan regulamentariamente, sen prexuízo do que resulte da aplicación do réxime que se

estableza regulamentariamente para as conexións de servizo eléctricas e das obrigacións que correspondan ao promotor de acordo co artigo 16.1.c) do texto refundido da Lei de solo, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2008, do 20 de xuño.

f) Comunicar ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo as autorizacións de instalación que lles concedan outras administracións, así como as modificacións relevantes da súa actividade, para efectos do recoñecemento dos seus custos na determinación da tarifa e na fixación do seu réxime de retribución.

g) Establecer e executar os plans de mantemento das instalacións da súa rede de distribución.

h) Presentar, antes do 1 de maio de cada ano, os seus plans de investimentos anuais e plurianuais ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e ás respectivas comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla. Nos plans de investimento anuais figurarán, como mínimo, os datos dos proxectos, as súas principais características técnicas, o orzamento e o calendario de execución. Así mesmo, a empresa distribuidora deberá executar, nos termos que se establezan, o contido dos plans de investimento que resulten finalmente aprobados pola Administración xeral do Estado. O procedemento de aprobación deses plans, xunto coas contías máximas de volume de investimento con dereito a retribución a cargo do sistema, establecerao regulamentariamente o Goberno, logo de audiencia das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla. Este procedemento deberá prever a posibilidade de aprobación parcial dos plans de investimento naquelas comunidades e cidades autónomas para as cales o dito plan conte co informe favorable establecido no parágrafo seguinte.

En todo caso, para a aprobación dos plans presentados polas empresas distribuidoras, estes deberán acompañarse dun informe favorable das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla respecto das instalacións previstas no seu territorio cuxa autorización sexa da súa competencia.

O carácter de obrigación anual da presentación de plans de investimento para a súa aprobación pola Administración xeral do Estado poderase modificar regulamentariamente para establecer un período superior ao dun ano para as empresas con menos de 100.000 clientes conectados ás súas redes.

i) Realizar aquelas outras funcións que deriven desta lei e da súa normativa de desenvolvemento.

2. Os distribuidores, como xestores da rede de distribución en que operan, terán as seguintes funcións no ámbito das redes que xestionen:

a) Coordinar cos xestores das redes de distribución estremeiros as actuacións de manobra e mantemento que se leven a cabo no ámbito das redes que xestionen.

b) Realizar o disposto polo operador do sistema e xestor da rede de transporte nos plans de manobra para a reposición de servizo, en caso de fallos xerais no fornecemento de enerxía eléctrica, e controlar a súa execución, para o cal poden afectar calquera elemento das redes de distribución que xestionen.

c) Analizar as solicitudes de acceso ás redes de distribución que xestionen e outorgar, denegar ou, se for o caso, condicionar o acceso a elas de acordo cos criterios que se establezan regulamentariamente. Para estes efectos, deberán atender todas as solicitudes en condicións de igualdade.

d) Pór en coñecemento das autoridades competentes e dos suxeitos eventualmente afectados calquera manipulación ou alteración do estado dos equipamentos de medida.

e) Comunicar ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e á Administración pública competente a información que se determine sobre peaxes de acceso, cargos e prezos, así como calquera información relacionada coa actividade que desenvolvan dentro do sector eléctrico.

f) Proceder á medición e lectura da enerxía que circule polos seus puntos fronteira na forma que regulamentariamente se determine.

g) Facilitar os datos de consumo aos suxeitos nos termos que regulamentariamente se establezan.

- h) Aplicar e recadar dos suxeitos os prezos e cargos conforme o que regulamentariamente se determine.
- i) Contratar as peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución cos consumidores, directamente ou a través do comercializador e, se for o caso, produtores conectados ás súas redes.
- j) Aplicar, facturar e cobrar as peaxes de acceso ás redes de transporte e distribución aos comercializadores ou consumidores, segundo corresponda e se for o caso, produtores conectados ás súas redes realizando a desagregación na facturación ao usuario na forma que regulamentariamente se determine.
- k) Pór en práctica os programas de xestión da demanda aprobados pola Administración.
- l) Aplicar as medidas adecuadas de protección do consumidor de acordo co establecido regulamentariamente.
- m) Manter actualizada a súa base de datos de puntos de fornecemento e facilitar a información de acordo co que se determine regulamentariamente.
- n) Reservar o carácter confidencial da información de que teña coñecemento no desempeño da súa actividade cando da súa divulgación poidan derivar problemas de índole comercial, sen prexuízo da obrigaición de información ás administracións públicas.
- o) Proporcionar ao xestor da rede de transporte e aos xestores das redes de distribución estremeiros información suficiente para garantir o funcionamento seguro e eficiente, o desenvolvemento coordinado e a interoperabilidade da rede interconectada.
- p) Cumprir cos requisitos e obrigaicións que se establezan regulamentariamente para as actuacións que lles corresponden en relación cos cambios de fornecedor e, en concreto, cumprir cos prazos e recibir a información que se determine relativa aos citados cambios de fornecedor.
- q) Exixir garantías aos suxeitos que contraten o acceso ás súas redes de distribución nos termos que se establezan regulamentariamente.
- r) Determinar, no exercicio da función de xestor da súa rede de distribución, os criterios da explotación e mantemento das redes garantindo a súa seguranza, fiabilidade e eficacia, de acordo coa normativa ambiental que lles sexa aplicable.
- s) Pór en coñecemento das autoridades públicas competentes e dos suxeitos que se poidan ver afectados, se os houber, as situacións de fraude e outras situacións anómalas.
- t) Realizar aquelas outras funcións que deriven desta lei e da súa normativa de desenvolvemento.

Reglamentariamente, logo de audiencia ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, determinaranse as condicións e procedementos para o establecemento de conexións de servizo eléctricas e o enganche de novos usuarios ás redes de distribución.

### 3. Serán dereitos das empresas distribuidoras:

- a) O recoñecemento por parte da Administración e a percepción dunha retribución adecuada polo exercicio da súa actividade dentro do sistema eléctrico nos termos establecidos no título III desta lei.
- b) Exixir que as instalacións e aparellos receptores dos usuarios que se conecten ás súas redes reúnan as condicións técnicas e de construción que determine a normativa estatal e internacional que lles sexa de aplicación, así como o bo uso delas e o cumprimento das condicións establecidas para que o fornecemento se produza sen deterioración ou degradación da súa calidade para outros usuarios.
- c) Exixir aos suxeitos obrigados a isto que dispoñan dos equipamentos de medida e control establecidos na normativa de aplicación.
- d) Acceder á información que precisen para o desenvolvemento das súas funcións.

## Artigo 41. *Acceso ás redes de distribución.*

1. As instalacións de distribución poderán ser utilizadas polos suxeitos autorizados de acordo co disposto no artigo 8. O prezo polo uso de redes de distribución determinarase de acordo co disposto no artigo 16.

2. O xestor da rede de distribución deberá outorgar o permiso de acceso á rede de distribución de acordo cos criterios establecidos no artigo 33.

## Artigo 42. *Liñas directas.*

1. Terán a consideración de liñas directas aquelas que teñan por obxecto ligar directamente unha instalación de produción de enerxía eléctrica cun consumidor nas condicións que se establezan regulamentariamente. En todo caso, o titular da instalación de produción e o consumidor deberán ser a mesma empresa ou pertencer ao mesmo grupo empresarial, definido segundo o establecido en artigo 42 do Código de comercio.

2. A posta en funcionamento, modificación, transmisión e feche definitivo de liñas directas estará sometida, con carácter previo, ao réxime de autorizacións establecido no artigo 53 e nas súas disposicións de desenvolvemento.

3. A construción de liñas directas queda excluída da aplicación das disposicións que en materia de expropiación e servidumes se establecen no título IX e sométese ao ordenamento xurídico xeral. Así mesmo, o seu uso queda excluído do réxime retributivo que para as actividades de transporte e distribución se establece na presente lei.

4. As liñas directas soamente poderán ser utilizadas polos suxeitos titulares da autorización administrativa e non se poderá conceder acceso a terceiros.

A apertura a terceiros do uso da rede exixirá a súa venda, cesión ou fornecemento á empresa transportista ou á empresa distribuidora da zona de forma que esa rede quede integrada na rede de transporte ou distribución, respectivamente.

## TÍTULO VIII

### Fornecemento de enerxía eléctrica

#### CAPÍTULO I

#### Fornecemento aos usuarios e xestión da demanda eléctrica

## Artigo 43. *Fornecemento.*

1. O fornecemento de enerxía eléctrica defínese como a entrega de enerxía a través das redes de transporte e distribución mediante contraprestación económica nas condicións de regularidade e calidade que resulten exixibles.

2. Os consumidores que se determine terán dereito a contratar o fornecemento de enerxía eléctrica aos prezos voluntarios para o pequeno consumidor ou tarifa de último recurso establecidos de acordo co artigo 17.

3. Regulamentariamente as administracións públicas competentes establecerán medidas de protección ao consumidor que se deberán recoller nas condicións contractuais para os contratos de fornecemento dos comercializadores con aqueles consumidores que polas súas características de consumo ou condicións de fornecemento requiran un tratamento contractual específico.

Así mesmo, regulamentariamente estableceranse os mecanismos de contratación e as condicións de facturación dos fornecementos, incluíndo os procedementos de cambio de fornecedor, que se realizará nun prazo máximo de 21 días, e de resolución de reclamacións. Para estes efectos, considerarase o establecemento de puntos de contacto únicos segundo o teor do establecido na disposición adicional oitava da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, para ofrecer aos consumidores toda a información necesaria relativa aos seus dereitos, á

lexislación en vigor e aos procedementos de solución de conflitos de que dispoñen en caso de litixio.

4. Sen prexuízo das competencias que correspondan ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla e do establecemento polos prestadores de sistemas propios de tramitación de reclamacións que se axusten ao disposto na Recomendación 2001/310/CE da Comisión, do 4 de abril de 2001, relativa aos principios aplicables aos órganos extraxudiciais de resolución consensual de litixios en materia de consumo, preverase regulamentariamente a posibilidade de acudir ao sistema arbitral de consumo para a resolución de tales reclamacións.

5. Para o suposto de que non se sometan ás entidades de resolución alternativa de litixios en materia de consumo ou que estas non resulten competentes para a resolución do conflito, os usuarios finais que sexan persoas físicas poderán someter a controversia ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, cando tales controversias se refiran aos seus dereitos específicos como usuarios finais, incluídos todos os previstos nesta lei e sen prexuízo das competencias do resto das administracións públicas. Non poderán ser obxecto do procedemento anterior as controversias que se encontren reguladas por normativa distinta da de protección específica dos usuarios finais de enerxía eléctrica.

O procedemento, que se aprobará por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, deberá ser transparente, sinxelo e gratuíto. A resolución que se dite poderá ordenar a devolución de importes indebidamente facturados e, en xeral, dispor cantas medidas tendan a restituír o interesado nos seus dereitos e intereses lexítimos, incluíndo a posibilidade de reembolso e compensación polos gastos e prexuízos que se tivesen podido xerar.

Os suxeitos do sector eléctrico estarán obrigados a someterse ao procedemento, así como a cumprir a resolución que lle poña fin. En calquera caso, o procedemento que se adopte establecerá o prazo máximo en que se deberá notificar a resolución expresa e, transcorrido este, poderase entender desestimada a reclamación por silencio administrativo, sen prexuízo de que a Administración teña a obrigaçión de resolver a reclamación de forma expresa, de acordo co establecido no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A resolución que se dite poderase impugnar ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O disposto neste número será aplicable a todas as modalidades de fornecemento previstas nesta lei para usuarios finais que sexan persoas físicas.

6. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia supervisará a efectividade e a aplicación das medidas de protección aos consumidores e poderá ditar resolucións xuridicamente vinculantes tendentes ao seu cumprimento.

#### Artigo 44. *Dereitos e obrigaçións dos consumidores en relación co fornecemento.*

1. Os consumidores terán os seguintes dereitos, e os que regulamentariamente se determinen, en relación co fornecemento:

a) Ao acceso e conexión ás redes de transporte e distribución de enerxía eléctrica no territorio español, nas condicións que o Goberno estableza regulamentariamente.

Os consumidores non poderán estar conectados directamente a un suxeito produtor salvo a través dunha liña directa e nos casos que regulamentariamente se establezan para a aplicación das modalidades de fornecemento con autoconsumo.

b) Realizar as adquisicións de enerxía eléctrica nos termos previstos na normativa de aplicación.

c) Escoller o seu fornecedor e poder contratar o fornecemento:

1.º Coas correspondentes empresas de comercialización. Neste caso, poderán contratar a enerxía e o acceso a través do comercializador. Con independencia do modo de representación elixido, o comercializador será responsable, en todo caso, do cumprimento das obrigaçións previstas na alínea d) do artigo 46.1 desta lei.

Cando o consumidor contratase a peaxe de acceso a través do comercializador conforme o disposto no parágrafo anterior, o distribuidor non poderá en ningún caso exixir o pagamento da peaxe de acceso directamente ao consumidor.

Os consumidores a que se refire o artigo 43.2 terán dereito, ademais, a contratar o prezo voluntario para o pequeno consumidor ou a tarifa de último recurso, segundo corresponda, con empresas comercializadoras de referencia ao prezo que por orde do ministro de Industria, Enerxía e Turismo se determine.

2.º Con outros suxeitos do mercado de produción. Estes consumidores directos en mercado contratarán a enerxía no mercado de produción e o correspondente contrato de acceso ás redes directamente co distribuidor a que están conectadas as súas instalacións ou co distribuidor da zona en caso de estar conectado á rede de transporte.

d) A formalizar un contrato de acceso coa empresa distribuidora ou un contrato de fornecemento coa empresa fornecedora de electricidade, segundo corresponda, no cal se especifique:

- 1.º A identidade e o enderezo da empresa;
- 2.º a duración do contrato, condicións para a súa renovación e as causas de rescisión e resolución, así como o procedemento para realizar unha ou outras;
- 3.º as cláusulas baixo as cales se poderán revisar as condicións establecidas no contrato;
- 4.º o procedemento de resolución de conflitos de conformidade co establecido nos artigos 43.5 e 46.1.p);
- 5.º a información actualizada sobre prezos e tarifas aplicables e, se for o caso, disposición oficial onde se fixen estes;
- 6.º o nivel de calidade mínimo exixible nos termos que se establezan e as repercusións na facturación que, se for o caso, correspondan;
- 7.º os prazos para a conexión inicial;
- 8.º a información completa e transparente sobre as ofertas comerciais, incluíndo de maneira expresa a duración dos descontos promocionais e os termos ou prezos sobre os cales estes se aplican;
- 9.º a información relativa a outros servizos prestados, incluídos, se for o caso, os servizos de valor engadido e de mantemento que se propoñan, mencionando de maneira explícita o custo de tales servizos adicionais e a súa obrigatoriedade ou non.

As condicións xerais serán equitativas e transparentes e deberanse adecuar ao establecido na normativa vixente en materia de contratos cos consumidores. Explicaranse nunha linguaxe clara e comprensible e non incluírán obstáculos non contractuais ao exercicio dos dereitos dos clientes. Protexeranse os clientes contra os métodos de venda abusivos ou equívocos.

As condicións daranse a coñecer con anticipación. En calquera caso, deberán comunicarse antes da celebración ou confirmación do contrato. Cando os contratos se celebren a través de intermediarios, a información antes mencionada comunicarse tamén antes da celebración do contrato.

e) Ser debidamente avisados de forma transparente e comprensible de calquera intención de modificar as condicións do contrato e informados do seu dereito a rescindir o contrato sen custo ningún cando reciban o aviso. Así mesmo, ser notificados de forma directa polo seu fornecedor sobre calquera revisión dos prezos derivada das condicións previstas no contrato no momento en que esta se produza, e non máis tarde dun período de facturación despois de que entrase en vigor esa revisión, de forma transparente e comprensible.

f) Poder escoller libremente o modo de pagamento, de forma que non se produza ningunha discriminación indebida entre consumidores. Os sistemas de pagamento anticipado reflectirán adecuadamente as condicións de fornecemento e o consumo probable.

g) Ser atendidos en condicións non discriminatorias nas solicitudes de novos fornecementos eléctricos e na ampliación dos existentes.

h) Recibir o servizo cos niveis de seguranza, regularidade e calidade que se determinen regulamentariamente.

i) Ser subministrados a uns prezos fácil e claramente comparables, transparentes e non discriminatorios.

j) Recibir información transparente sobre os prezos e condicións xerais aplicables ao acceso e ao fornecemento de enerxía eléctrica.

Para estes efectos, recibirán as facturacións coa desagregación que se determine regulamentariamente.

k) Realizar o cambio de fornecedor sen custo ningún e nos prazos legal e regulamentariamente establecidos.

l) Dispor de procedementos para tramitar as súas reclamacións de acordo co establecido nesta lei e na demais normativa sobre atención ao consumidor aplicable.

m) Ter á súa disposición os seus datos de consumo e poder, mediante acordo explícito e gratuíto, dar acceso aos datos de medidas aos suxeitos que corresponda e, en concreto, ás comercializadoras que se manteñan no cumprimento dos requisitos e obrigacións, de acordo cos termos e condicións que regulamentariamente se determine, sen se poderen facturar ao consumidor custos por este servizo.

n) Estar informados do consumo real de electricidade e dos custos correspondentes de acordo co que regulamentariamente se estableza, sen custo adicional. Para estes efectos, teranse en conta as características dos equipamentos de medida para garantir unha adecuada facturación e os custos de implantar esta medida.

ñ) Recibir a liquidación da conta despois de calquera cambio de fornecedor de electricidade, no prazo de 42 días como máximo a partir da data en que se produza o cambio de fornecedor.

o) Dispor dun servizo de asistencia telefónica gratuíto facilitado polo distribuidor conectado coas súas instalacións, en funcionamento as vinte e catro horas do día, ao cal poidan dirixirse ante posibles incidencias de seguranza nas instalacións. Este número deberá figurar claramente identificado nas facturas e, en todo caso, será facilitado polo comercializador ou, se for o caso, polo distribuidor ao consumidor.

2. Regulamentariamente estableceranse os límites á aplicación dos dereitos establecidos no número anterior, entre outros, no caso de consumidores que estean en situación de falta de pagamento.

3. Os consumidores terán as seguintes obrigacións, ademais das que regulamentariamente se determinen, en relación co fornecemento:

a) Garantir que as instalacións e aparellos cumpren os requisitos técnicos e de seguranza establecidos na normativa vixente, garantindo o acceso a eles nos termos que se determinen.

b) Contratar e efectuar o pagamento dos fornecementos, de acordo coas condicións establecidas na normativa.

c) Permitir ao persoal autorizado pola empresa distribuidora a entrada no local ou vivenda afectada polo servizo contratado en horas hábiles ou de normal relación co exterior, para realizar as actuacións propias de distribuidor.

#### Artigo 45. *Consumidores vulnerables.*

1. Serán considerados como consumidores vulnerables os consumidores de electricidade que cumpran coas características sociais, de consumo e poder adquisitivo que se determinen. En todo caso, circunscribírase a persoas físicas na súa vivenda habitual.

A definición dos consumidores vulnerables e os requisitos que deben cumprir, así como as medidas que se adoptarán para este colectivo, serán determinadas regulamentariamente polo Goberno.



2. O bono social resultará de aplicación aos consumidores vulnerables que cumpran coas características sociais, de consumo e poder adquisitivo que por real decreto do Consello de Ministros se determinen. Para estes efectos, establecerase un limiar referido a un indicador de renda per cápita familiar. En todo caso, circunscribírase a persoas físicas na súa vivenda habitual.

3. O bono social cubrirá a diferenza entre o valor do prezo voluntario para o pequeno consumidor e un valor base, que se denominará tarifa de último recurso e será aplicado polo correspondente comercializador de referencia nas facturas dos consumidores que poidan quedar acollidos a el.

O ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, fixará a tarifa de último recurso.

4. O bono social será considerado obrigación de servizo público segundo o disposto na Directiva 2009/72/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de xullo de 2009, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e pola que se derroga a Directiva 2003/54/CE, e será asumido polas matrices dos grupos de sociedades ou, se for o caso, sociedades que desenvolvan simultaneamente as actividades de produción, distribución e comercialización de enerxía eléctrica.

A porcentaxe de repartición das cantidades financiáveis calcularase, para cada grupo empresarial, como a relación entre un termo que será a suma das medias anuais do número de fornecementos conectados ás redes de distribución das empresas distribuidoras e do número de clientes das empresas comercializadoras en que participe o grupo, e outro termo que corresponderá á suma de todos os valores medios anuais de fornecementos e clientes de todos os grupos empresariais que deben ser considerados para os efectos desta repartición.

Esta porcentaxe de repartición será calculada anualmente pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, de acordo co procedemento e condicións que se establezan regulamentariamente. Para estes efectos, a referida comisión publicará na súa páxina web, no mes de novembro de cada ano, a información referida ao ano móbil anterior e relativa ás medias anuais do número de fornecementos conectados ás redes de distribución das empresas distribuidoras e do número de clientes das empresas comercializadoras, así como a relación de grupos de sociedades ou, se for o caso, sociedades que cumpran o requisito previsto no primeiro parágrafo do presente número.

A citada comisión remitirá antes do 1 de decembro de cada ano unha proposta de fixación das porcentaxes de financiamento que corresponderán a cada unha das sociedades matrices, e corresponderá ao ministro de Industria, Enerxía e Turismo a súa aprobación por orde que será publicada no «Boletín Oficial del Estado».

En todo caso, as achegas que debe realizar cada unha das sociedades citadas depositaranse nunha conta específica en réxime de depósito creada para o efecto polo organismo liquidador, que será responsable da súa xestión.

#### Artigo 46. *Obrigacións e dereitos das empresas comercializadoras en relación ao fornecemento.*

1. Serán obrigacións das empresas comercializadoras, ademais das que se determinen regulamentariamente, en relación co fornecemento:

a) Comunicar o inicio e o cesamento da súa actividade como comercializadoras de enerxía eléctrica xuntando declaración responsable sobre o cumprimento dos requisitos que se establezan regulamentariamente para o seu exercicio, ante o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Cando a actividade se vaia desenvolver exclusivamente no ámbito territorial dunha soa comunidade autónoma, deberase comunicar ao órgano competente en materia de enerxía da comunidade autónoma correspondente, quen, no prazo máximo dun mes, dará traslado ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, acompañado da declaración responsable e da documentación presentada polo interesado.

b) Manterse no cumprimento dos requisitos de capacidade legal, técnica e económica que se determinen en relación co fornecemento de enerxía eléctrica.

c) Adquirir a enerxía necesaria para o desenvolvemento das súas actividades, realizando o pagamento das súas adquisicións.

d) Contratar e aboar a peaxe de acceso ás redes de transporte e distribución correspondente á empresa distribuidora a partir dos datos de facturación, con independencia do seu cobramento do consumidor final, así como aboar os prezos e cargos conforme o que regulamentariamente se determine, con independencia do seu cobramento do consumidor final.

e) Prestar as garantías que regulamentariamente se establezan.

f) Atender as súas obrigacións de pagamento fronte ao sistema eléctrico nos prazos que se establezan, así como aplicar e recadar dos consumidores os prezos e cargos conforme o que regulamentariamente se determine.

g) Formalizar os contratos de fornecemento cos consumidores de acordo coa normativa en vigor que resulte de aplicación. Así mesmo, realizar as facturacións aos seus consumidores de acordo coas condicións dos contratos que tiver formalizado nos termos que se establezan nas disposicións regulamentarias de desenvolvemento desta lei, e coa desagregación que se determine.

h) Pór en práctica os programas de xestión da demanda aprobados pola Administración.

i) Procurar un uso racional da enerxía.

j) Tomar as medidas adecuadas de protección do consumidor de acordo co establecido regulamentariamente.

k) Preservar o carácter confidencial da información de que teña coñecemento no desempeño da súa actividade, cando da súa divulgación poidan derivar problemas de índole comercial, sen prexuízo da obrigaçión de información ás administracións públicas.

l) Ter á disposición do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, das comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla no ámbito da súa competencia, da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e da Comisión Europea, para efectos do cumprimento das súas funcións respectivas, durante ao menos cinco anos, os datos sobre todas as transaccións dos contratos de fornecemento de electricidade e os derivados relacionados coa electricidade subscritos cos clientes grosistas e os xestores de redes de transporte, de acordo co que regulamentariamente se determine.

O disposto nesta alínea non creará obrigacións adicionais con respecto ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e á Comisión Europea para as entidades que entren no ámbito da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores.

En caso de que os organismos mencionados no primeiro parágrafo desta alínea necesiten acceder a datos conservados por entidades que entren no ámbito de aplicación da Lei 24/1988, do 28 de xullo, do mercado de valores, a Comisión Nacional do Mercado de Valores facilitaralles os datos necesarios.

m) Informar os seus clientes acerca da orixe da enerxía subministrada, así como dos impactos ambientais das distintas fontes de enerxía e da proporción utilizada entre elas.

n) Informar os seus clientes sobre os seus dereitos respecto das vías de solución de conflitos de que dispoñen en caso de litixio. Para estes efectos as empresas comercializadoras deberán ofrecer aos seus consumidores a posibilidade de solucionaren os seus conflitos a través dunha entidade de resolución alternativa de litixios en materia de consumo que cumpra os requisitos establecidos pola Directiva 2013/11/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013, e nas disposicións nacionais de transposición. Estas entidades deberán ser acreditadas como tales pola autoridade competente.

o) Para o fornecemento a consumidores finais deberán dispor dun servizo de atención ás súas queixas, reclamacións e incidencias en relación co servizo contratado ou ofrecido, así como solicitudes de información sobre os aspectos relativos á contratación

e fornecemento ou comunicacións, pondo á súa disposición un enderezo postal, un servizo de atención telefónica e un número de teléfono, ambos gratuítos, e un número de fax ou un enderezo de correo electrónico a que se poidan dirixir directamente. Este sistema de comunicación electrónica deberá emitir de forma automatizada un aviso de recepción con indicación da data, hora e número de solicitude, de maneira que quede constancia da hora e da data en que a solicitude tivo entrada. Os prestadores comunicarán o seu enderezo legal se este non coincide co seu enderezo habitual para a correspondencia.

O servizo de atención aos consumidores que establezan as empresas comercializadoras deberase adecuar, en todo caso, aos parámetros mínimos de calidade establecidos na lexislación de defensa dos consumidores e usuarios.

A empresa comercializadora non poderá desviar chamadas realizadas ao número de teléfono gratuíto mencionado a números que impliquen un custo para os consumidores, xa sexa vía telefónica, mediante mensaxes de texto ou outros análogos para a atención de queixas, reclamacións e incidencias en relación co servizo contratado ou ofrecido, así como solicitudes de información sobre os aspectos relativos á contratación e fornecemento ou comunicacións. O servizo de atención ao consumidor en ningún caso proporcionará ingresos adicionais á empresa á custa do consumidor.

As empresas comercializadoras, xunto cos números de tarificación compartida que publiciten as empresas para que os consumidores e usuarios soliciten información con carácter xeral sobre os servizos ofertados ou publicitados, deberán publicitar números xeográficos de telefonía para proporcionar a mesma información, en todos os soportes de información comercial que manexen, números que deben figurar no mesmo sitio que os números de tarificación compartida e no mesmo tamaño e tipo de letra.

p) Cumprir os prazos que se establezan regulamentariamente para as actuacións que lles corresponden en relación cos cambios de fornecedor.

2. As empresas comercializadoras, ademais do que se determine regulamentariamente, terán dereito a:

- a) Acceder ás redes de transporte e distribución na forma que o Goberno determine regulamentariamente.
- b) Actuar como suxeitos de mercado no mercado de produción de electricidade.
- c) Contratar a adquisición e venda de enerxía eléctrica nos termos previstos na lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.
- d) Facturar e cobrar o fornecemento realizado.
- e) Exixir que os equipamentos de medida dos usuarios reúnan as condicións técnicas e de seguranza que regulamentariamente se determinen, así como o bo uso deles.
- f) Solicitar, en nome dos seus consumidores, a verificación dos equipamentos de medida de fornecementos e, se for o caso, reclamar as contías que procedan.

3. Os consumidores directos en mercado terán as obrigacións e os dereitos regulados nos números 1 e 2 anteriores para os comercializadores que lles sexan de aplicación.

4. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia publicará na súa páxina web unha lista que conterá os comercializadores que, de acordo co presente artigo, comunicasen ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e, se for o caso, á Administración competente, o inicio da súa actividade e que non comunicasen o seu cesamento.

#### Artigo 47. *Incumprimentos das empresas comercializadoras.*

1. A Administración pública competente, así como a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, poderán requirir ás empresas comercializadoras a acreditación do cumprimento das obrigacións establecidas no artigo 46.

2. En caso de que un comercializador incumpra algún dos requisitos exixidos para o exercicio da súa actividade, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá, logo da tramitación dun procedemento en que se garanta a audiencia do interesado, declarar a extinción da habilitación para actuar como comercializador, nos termos que se desenvolvan regulamentariamente.

Nestes casos, o ministro de Industria, Enerxía e Turismo poderá determinar, logo de trámite de audiencia e de forma motivada, obxectiva e transparente, o traspaso dos clientes do comercializador a un comercializador de referencia, e as condicións de fornecemento dos clientes.

3. No marco do citado procedemento e en atención ás circunstancias que en cada caso concorran, poderanse adoptar as medidas provisionais que sexan necesarias para asegurar a eficacia da resolución que puiden recaer, particularmente cando a persistencia durante a tramitación do procedemento no exercicio da actividade de comercialización, ou en certos aspectos dela, poida pór en risco o cumprimento das obrigacións económicas en que se sustenta o sistema eléctrico ou causar prexuízos aos consumidores. Entre estas medidas poderanse incluír as necesarias para evitar o traspaso dos clientes subministrados a un comercializador do grupo empresarial a que pertence a empresa que é obxecto de inhabilitación ou a empresas vinculadas a ela.

4. O incumprimento por un comercializador de calquera das obrigacións que lle son exixibles no exercicio da súa actividade será sancionado de acordo co establecido no título X desta lei. A comisión dunha infracción moi grave poderá levar unida a extinción da habilitación para actuar como comercializador.

#### Artigo 48. *Servizos de recarga enerxética.*

1. O servizo de recarga enerxética terá como función principal a entrega de enerxía a través de servizos de carga de vehículos e de baterías de almacenamento nunhas condicións que permitan a carga de forma eficiente e a mínimo custo para o propio usuario e para o sistema eléctrico.

2. Os servizos de recarga enerxética serán prestados polas correspondentes empresas, que deberán presentar ante o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, con carácter previo ao inicio da súa actividade, comunicación de inicio de actividade acompañada de declaración responsable sobre o cumprimento dos requisitos que se determinen regulamentariamente.

Cando a actividade se vaia desenvolver exclusivamente no ámbito territorial dunha soa comunidade autónoma, a interesada deberá dirixir a comunicación de inicio de actividade ao órgano competente en materia de enerxía da comunidade autónoma correspondente, quen, no prazo máximo dun mes, dará traslado ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, acompañando da declaración responsable e a documentación presentada polo interesado.

3. Os xestores de cargas do sistema, atendendo á definición do artigo 6.h), terán as obrigacións e os dereitos regulados na presente lei no artigo 44. Ademais dos que se determinen regulamentariamente, serán dereitos dos xestores de cargas en relación coa revenda de enerxía eléctrica os recollidos no artigo 46.2, alíneas a), b), c) e d).

Ademais das que se determinen regulamentariamente, serán obrigacións dos xestores de cargas en relación coa revenda de enerxía eléctrica as recollidas no artigo 46.1, alíneas c), d), e), f), h), i), j), k) e m).

#### Artigo 49. *Xestión da demanda.*

1. As empresas eléctricas, os consumidores e o operador do sistema, en coordinación con outros axentes, poderán realizar e aplicar medidas que fomenten unha mellora da xestión da demanda eléctrica e que contribúan a optimizar a curva de carga e/ou a eficiencia e o aforro enerxéticos.

Os consumidores, ben directamente ben a través de comercializadores, poderán participar, se for o caso, nos servizos incluídos no mercado de produción de acordo co que regulamentariamente se determine.

2. Sen prexuízo do anterior, a Administración poderá adoptar medidas que incentiven a mellora do servizo aos usuarios e a eficiencia e o aforro enerxéticos, directamente ou a través de axentes económicos cuxo obxecto sexa o aforro e a introdución da maior eficiencia no uso final da electricidade.

Entre estas medidas incluírase o servizo de interrompibilidade xestionado polo operador do sistema.

O cumprimento dos obxectivos previstos nas ditas medidas poderá dar lugar ao recoñecemento dos custos en que se incorra para a súa posta en práctica, que poderán ter a consideración de custos do sistema. Para os efectos do recoñecemento, as medidas deberán ser aprobadas polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, logo de informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e das comunidades autónomas no seu ámbito territorial.

Entre estas medidas incluírase o servizo de interrompibilidade xestionado polo operador do sistema.

#### Artigo 50. *Plans de aforro e eficiencia enerxética.*

1. A Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, no ámbito das súas respectivas competencias territoriais, poderán, mediante plans de aforro e eficiencia enerxética, establecer as normas e principios básicos para potenciar as accións encamiñadas á consecución dos seguintes fins:

- a) Optimizar os rendementos dos procesos de transformación da enerxía inherentes a sistemas produtivos ou de consumo.
- b) Analizar e controlar o desenvolvemento de proxectos de creación de instalacións industriais de gran consumo de enerxía, segundo criterios de rendibilidade enerxética no ámbito nacional.
- c) Mellorar o rendemento ou substituír o tipo de combustible en empresas ou sectores de alto consumo enerxético, segundo o teor dos intereses no ámbito nacional.
- d) Mellorar a eficiencia enerxética das medianas e grandes empresas de todos os sectores.
- e) Renovar os sistemas enerxéticos do parque de edificios residenciais e comerciais para incrementar o aforro de enerxía eléctrica e mellorar a eficiencia enerxética nas instalacións térmicas, de climatización, ventilación, iluminación, ascensores e outras que utilicen enerxía eléctrica.

2. Cando estes plans de aforro e eficiencia enerxética establezan accións incentivadas con fondos públicos, as citadas administracións públicas poderán exixir ás persoas físicas ou xurídicas participantes a presentación dunha auditoría enerxética dos resultados obtidos.

## CAPÍTULO II

### Calidade do fornecemento eléctrico

#### Artigo 51. *Calidade do fornecemento eléctrico.*

1. A calidade do fornecemento eléctrico é o conxunto de características, técnicas e de atención e relación cos consumidores e, se for o caso, produtores, exhibibles ao fornecemento de electricidade das empresas que realicen actividades destinadas ao fornecemento eléctrico.

No relativo ás características técnicas, a calidade do fornecemento eléctrico refírese á continuidade, ao número e á duración das interrupcións, así como á calidade do produto.

No relativo ás características da atención e relación cos consumidores e, se for o caso, produtores, refírese ao que atinxe ao conxunto de actuacións de información, asesoramento, estudos de acceso, conexión, medida, contratación, facturación, comunicación e reclamación.

Mediante real decreto do Consello de Ministros estableceranse indicadores individuais e colectivos e valores albo para estes indicadores.

2. O fornecemento de enerxía eléctrica deberá ser realizado polas empresas coas características e continuidade que o Goberno regulamentariamente determine para o territorio español, tendo en conta a diferenciación por zonas a que se refire o número seguinte.

As empresas de enerxía eléctrica contarán coa capacidade técnica necesaria para garantir a calidade do servizo exixida regulamentariamente pola Administración xeral do Estado.

As empresas eléctricas e, en particular, as distribuidoras promoverán a incorporación de tecnoloxías avanzadas na medición e para o control da calidade do fornecemento eléctrico.

3. A Administración xeral do Estado establecerá as liñas de actuación en materia de calidade do servizo tendentes á consecución dos obxectivos de calidade, tanto en consumo final como nas zonas que, polas súas características demográficas e tipoloxía do consumo, se poidan considerar idóneas para a determinación de obxectivos diferenciados.

A Administración xeral do Estado determinará os índices obxectivos de calidade do servizo, así como uns valores entre os cales estes índices poidan oscilar, que se deben cumprir tanto para cada usuario individual como para cada zona xeográfica atendida por un único distribuidor. Estes índices deberán ter en consideración a continuidade do fornecemento, relativa ao número e duración das interrupcións, e a calidade do produto, relativa ás características da tensión. As empresas eléctricas estarán obrigadas a facilitar á Administración a información, convenientemente auditada, necesaria para a determinación obxectiva da calidade do servizo. Os datos dos índices antes citados serán feitos públicos cunha periodicidade anual. A metodoloxía retributiva da actividade de distribución elaborada pola Administración xeral do Estado incorporará incentivos e penalizacións en función da calidade de servizo obtida.

4. Se a baixa calidade da distribución dunha zona é continua, ou pode producir consecuencias graves para os usuarios, ou concorren circunstancias especiais que poidan pór en perigo a seguranza no servizo eléctrico, a Administración xeral do Estado requirirá que os plans de investimentos presentados polas ditas empresas presenten actuacións que impulsen a mellora da calidade de servizo nesas zonas.

5. Regulamentariamente o Goberno establecerá o procedemento para determinar as reducións que se deban aplicar na facturación que aboarán os usuarios se se constatar que a calidade do servizo individual prestado pola empresa é inferior á regulamentariamente exixible.

#### Artigo 52. *Suspensión do fornecemento.*

1. O fornecemento de enerxía eléctrica aos consumidores poderase suspender cando conste esta posibilidade no contrato de fornecemento ou de acceso, que nunca poderá invocar problemas de orde técnica ou económica que o dificulten, nas condicións que regulamentariamente se establezan.

2. Tamén poderá suspenderse temporalmente cando isto sexa imprescindible para o mantemento, reparación de instalacións ou mellora do servizo ou por razóns de seguranza do fornecemento. En todos estes supostos a suspensión requirirá autorización administrativa previa e comunicación aos usuarios na forma que regulamentariamente se determine.

Quedarán exceptuadas desta autorización aquelas actuacións do operador do sistema tendentes a garantir a seguranza do fornecemento. En todo caso, estas

actuacións deberán ser xustificadas con posterioridade na forma que regulamentariamente se determine.

3. Nas condicións que regulamentariamente se determinen poderá ser suspendido o fornecemento de enerxía eléctrica aos consumidores acollidos a prezos voluntarios para o pequeno consumidor ou tarifas de último recurso cando transcorresen ao menos dous meses desde que lles fose requirido fidedignamente o pagamento sen que este se fixese efectivo. Para estes efectos, o requirimento practicarase por calquera medio que permita ter constancia da recepción polo interesado ou polo seu representante, así como da data, a identidade e o seu contido.

No caso das administracións públicas acollidas a prezos voluntarios para o pequeno consumidor ou tarifas de último recurso, se, transcorridos catro meses desde o primeiro requirimento, o pagamento non se fixo efectivo, poderase interromper o fornecemento.

4. Poderanse considerar fornecementos esenciais aqueles fornecementos que cumpran algún dos seguintes criterios:

a) Iluminación pública a cargo das administracións públicas. Non se inclúen as iluminacións ornamentais de prazas, monumentos, fontes ou de calquera outro edificio ou sitio de interese.

b) Fornecemento de augas para o consumo humano a través de rede.

c) Acuartelamentos e institucións directamente vinculadas á defensa nacional, ás forzas e corpos de seguranza, aos bombeiros, á protección civil e á policía municipal, salvo as construcións dedicadas a vivendas, economato e zonas de lecer do seu persoal.

d) Centros penitenciarios, pero non así os seus anexos dedicados á poboación non reclusa, así como sedes de xulgados e tribunais.

e) Transportes de servizo público e os seus equipamentos e as instalacións dedicadas directamente á seguranza do tráfico terrestre, marítimo ou aéreo.

f) Centros sanitarios en que existan quirófanos, salas de curas e aparellos de alimentación eléctrica acoplables aos pacientes.

g) Hospitais.

h) Servizos funerarios.

i) Aqueles fornecementos de ámbito doméstico en que exista constancia documental formalizada por persoal médico de que o fornecemento de enerxía eléctrica é imprescindible para a alimentación dun equipamento médico que resulte indispensable para manter con vida unha persoa. En todo caso, estes fornecementos circunscribíranse a persoas físicas na súa vivenda habitual.

En ningún caso poderá suspenderse o fornecemento de enerxía eléctrica a aquelas instalacións cuxos servizos fosen declarados como esenciais de conformidade con esta lei.

As empresas distribuidoras ou comercializadoras poderán aplicar recargas ou afectar os pagamentos que perciban daqueles dos seus clientes que teñan fornecementos vinculados a servizos declarados como esenciais en situación de morosidade ao aboamento das facturas correspondentes a estes servizos, con independencia da asignación que o cliente, público ou privado, atribuíse a estes pagamentos.

5. Unha vez realizado o pagamento do debido polo consumidor ao cal se suspendeu o fornecemento, seralle repostado este no prazo de 24 horas.

6. As empresas distribuidoras poderán proceder á desconexión de determinadas instalacións de forma inmediata no caso de enganches directos en situacións que supoñan risco para as persoas ou cousas e nos casos que se determinen regulamentariamente.

## TÍTULO IX

**Autorizacións, expropiación e servidumes**

Artigo 53. *Autorización de instalacións de transporte, distribución, produción e liñas directas.*

1. Para a posta en funcionamento de novas instalacións de transporte, distribución, produción e liñas directas contidas na presente lei ou modificación das existentes requiriranse as seguintes autorizacións administrativas:

a) Autorización administrativa previa, que se tramitará co anteproxecto da instalación como documento técnico e, se for o caso, conxuntamente coa avaliación de impacto ambiental, segundo o disposto no texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2008, e outorgará á empresa autorizada o dereito a realizar unha instalación concreta en determinadas condicións.

A autorización administrativa de instalacións de xeración non poderá ser outorgada se o seu titular non obtivo previamente os permisos de acceso e conexión ás redes de transporte ou distribución correspondentes.

b) Autorización administrativa de construción, que permite ao titular realizar a construción da instalación cumprindo os requisitos técnicos exixibles.

Para solicitala, o titular presentará un proxecto de execución xunto cunha declaración responsable que acredite o cumprimento da normativa que lle sexa de aplicación.

Para a súa resolución deberanse analizar os condicionados exclusivamente técnicos daquelas administracións públicas, organismos ou empresas que presten servizos públicos ou de interese económico xeral, unicamente no relativo a bens e dereitos da súa propiedade que se encontren afectados pola instalación.

A tramitación e resolución de autorizacións definidas nas alíneas a) e b) do número 1 do presente artigo poderán efectuarse de maneira consecutiva, coetánea ou conxunta.

c) Autorización de explotación, que permite, unha vez executado o proxecto, pór en tensión as instalacións e proceder á súa explotación.

As conexións de servizo poderán requirir as autorizacións administrativas previstas neste número nos termos que regulamentariamente establezan as administracións públicas no ámbito das súas respectivas competencias.

2. A Administración pública competente poderá establecer que determinados tipos de modificacións non substanciais das instalacións de transporte, distribución e produción e liñas directas non queden sometidas ás autorizacións administrativas previas previstas nas alíneas 1.a) e b).

Reglamentariamente estableceranse, para estes efectos, que criterios se utilizarán para considerar unha determinada modificación como non substancial, e que se deberán fundamentar nas características técnicas da modificación proxectada.

En todo caso, as modificacións consideradas como non substanciais deberán obter a autorización de explotación a que se refire a alínea 1.c), logo de acreditación do cumprimento das condicións de seguranza das instalacións e do equipamento asociado.

3. Regulamentariamente poderanse eximir determinadas instalacións de produción de pequena potencia do réxime de autorizacións previsto nas alíneas 1.a) e 1.b) do presente artigo.

4. Para a autorización de instalacións de transporte, distribución, produción e liñas directas de enerxía eléctrica, o seu promotor deberá acreditar suficientemente os seguintes puntos:

a) As condicións técnicas e de seguranza das instalacións e do equipamento asociado.

b) O adecuado cumprimento das condicións de protección do ambiente.

c) As características da localización da instalación.



d) A súa capacidade legal, técnica e económico-financeira para a realización do proxecto.

5. A transmisión e o feche definitivo das instalacións de transporte, distribución, produción e liñas directas, así como o feche temporal das instalacións de produción, requirirán autorización administrativa previa nos termos establecidos nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento. O titular da instalación terá a obrigaçión de proceder ao seu desmantelamento após o feche definitivo, salvo que a autorización administrativa de feche definitivo permita o contrario.

En todo caso, o feche definitivo de instalacións de xeración requirirá o informe do operador do sistema en que se consignarán as posibles afeccións do feche á seguranza de fornecemento e no cal se deberá pronunciar motivadamente se este resulta posible sen pór en risco a seguranza de fornecemento.

A Administración autorizante deberá ditar e notificar a resolución sobre as solicitudes de autorización no prazo de seis meses. Se, transcorrido este prazo, a Administración non se pronunciou e simultaneamente se cumpriron ao menos tres meses desde a emisión por parte do operador do sistema de informe favorable ao feche da instalación, o solicitante poderá proceder ao feche. O anterior farase sen prexuízo das obrigaçións de desmantelamento que posteriormente poida impor a Administración competente para a autorización.

6. Os procedementos administrativos de autorización terán carácter regrado e respectarán os principios de obxectividade, proporcionalidade, transparencia, igualdade e non discriminación, sen que, en ningún caso, se poida subordinar o outorgamento da autorización ao pagamento de custos ou ao cumprimento de requisitos non vinculados ao desenvolvemento de cada actividade.

As autorizacións administrativas a que se refire este artigo serán outorgadas pola Administración competente, sen prexuízo das concesións e autorizacións que sexan necesarias de acordo con outras disposicións que resulten aplicables e, en especial, as relativas á ordenación do territorio e ao ambiente.

7. A Administración pública competente unicamente poderá denegar a autorización cando non se cumpran os requisitos previstos na normativa aplicable ou cando teña unha incidencia negativa no funcionamento do sistema.

8. Non obstante o previsto no parágrafo terceiro do número 5 do presente artigo, nas instalacións cuxa autorización sexa competencia da Administración xeral do Estado, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución sobre as solicitudes de autorización será dun ano.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificado resolución expresa lexitimará o interesado para entendela desestimada por silencio administrativo, de acordo co artigo 43.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

9. As instalacións de produción, transporte, distribución de enerxía eléctrica e liñas directas, as destinadas á súa recepción polos usuarios, os equipamentos de consumo, así como os elementos técnicos e materiais para as instalacións eléctricas, deberán axustarse ás correspondentes normas técnicas de seguranza e calidade industriais, de conformidade co previsto na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e demais normativa que resulte de aplicación.

10. O incumprimento das condicións e requisitos establecidos nas autorizacións ou a variación substancial dos presupostos que determinaron o seu outorgamento poderán dar lugar á súa revogación, logo de audiencia do interesado.

#### Artigo 54. *Utilidade pública.*

1. Decláranse de utilidade pública as instalacións eléctricas de xeración, transporte e distribución de enerxía eléctrica, para os efectos de expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios para o seu establecemento e da imposición e exercicio da servidume de paso.

2. A declaración de utilidade pública esténdese para os efectos da expropiación forzosa de instalacións eléctricas e dos seus terreos cando, por razóns de eficiencia enerxética, tecnolóxicas ou ambientais, sexa oportuna a súa substitución por novas instalacións ou a realización de modificacións substanciais nelas.

*Artigo 55. Solicitude da declaración de utilidade pública.*

1. Para o recoñecemento, en concreto, da utilidade pública das instalacións aludidas no artigo anterior será necesario que a empresa interesada o solicite, incluíndo o proxecto de execución da instalación e unha relación concreta e individualizada dos bens ou dereitos que o solicitante considere de necesaria expropiación.

2. A petición someterase a información pública e pedirase informe aos organismos afectados.

3. Concluída a tramitación, o recoñecemento da utilidade pública será acordado polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, se a autorización da instalación corresponde ao Estado, sen prexuízo da competencia do Consello de Ministros en caso de oposición de organismos ou outras entidades de dereito público, ou polo organismo competente das comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla nos demais casos.

*Artigo 56. Efectos da declaración de utilidade pública.*

1. A declaración de utilidade pública levará implícita en todo caso a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.

2. Igualmente, suporá o dereito a que lle sexa outorgada a oportuna autorización, nos termos que na declaración de utilidade pública se determinen, para o establecemento, paso ou ocupación da instalación eléctrica sobre terreos de dominio, uso ou servizo público ou patrimoniais do Estado ou das comunidades autónomas, ou de uso público, propios ou comunais da provincia ou municipio, obras e servizos deles e zonas de servidume pública.

*Artigo 57. Servidume de paso.*

1. A servidume de paso de enerxía eléctrica terá a consideración de servidume legal, gravará os bens alleos na forma e co alcance que se determinan na presente lei e rexerá polo disposto nela, nas súas disposicións de desenvolvemento e na lexislación mencionada no artigo anterior, así como na lexislación especial aplicable.

2. A servidume de paso aéreo comprende, ademais do voo sobre o predio servente, o establecemento de postes, torres ou apoios fixos para a sustentación de cables condutores de enerxía, todo isto incrementado nas distancias de seguranza que regulamentariamente se establezan.

3. A servidume de paso subterráneo comprende a ocupación do subsolo polos cables condutores, á profundidade e coas demais características que sinale a lexislación urbanística aplicable, todo isto incrementado nas distancias de seguranza que regulamentariamente se establezan.

4. Unha e outra forma de servidume comprenderán, igualmente, o dereito de paso ou acceso e a ocupación temporal de terreos ou doutros bens necesarios para construción, vixilancia, conservación, reparación das correspondentes instalacións, así como a corta de árbores, se for preciso.

*Artigo 58. Limitacións á constitución de servidume de paso.*

Non se poderá impor servidume de paso para as liñas de alta tensión:

a) Sobre edificios, os seus patios, currais, centros escolares, campos deportivos e xardíns e hortas, mesmo choídos, anexos a vivendas que xa existan ao tempo de se

decretar a servidume, sempre que a extensión das hortas e xardíns sexa inferior a media hectárea.

b) Sobre calquera xénero de propiedades particulares, se a liña pode tecnicamente instalarse sen variación de trazado superior á que regulamentariamente se determine, sobre terreos de dominio, uso ou servizo público ou patrimoniais do Estado, das comunidades autónomas, das provincias ou os municipios, ou seguindo estremas de predios de propiedade privada.

#### Artigo 59. *Relacións civís.*

1. A servidume de paso de enerxía eléctrica non impide ao dono do predio servente cercalo ou edificar sobre el deixando a salvo a servidume, sempre que sexa autorizado pola Administración pública competente, que tomará en especial consideración a normativa vixente en materia de seguranza.

Así mesmo, o dono poderá solicitar o cambio de trazado da liña se non existen dificultades técnicas e os gastos da variación serán á súa custa.

2. A variación da localización ou trazado dunha instalación de transporte ou distribución de enerxía eléctrica como consecuencia de proxectos ou plans aprobados pola Administración comportará o pagamento do custo desa variación por parte da Administración competente sobre o proxecto ou plan.

#### Artigo 60. *Dereito supletorio.*

No relativo á regulación contida nos artigos 54 a 56 deste título, será de aplicación supletoria o disposto na lexislación sobre expropiación forzosa, e nas materias previstas nos artigos 57 e seguintes será de aplicación supletoria o disposto no Código civil.

## TÍTULO X

### Réxime de inspeccións, infraccións e sancións

#### CAPÍTULO I

#### Inspeccións

#### Artigo 61. *Facultades de inspección.*

1. Os funcionarios públicos do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, debidamente autorizados polo director xeral correspondente, terán a condición de axentes da autoridade e poderán realizar cantas inspeccións sexan necesarias para a debida aplicación desta lei. Non obstante, poderase encomendar a empregados públicos destinados nese órgano a realización de tarefas ou actividades auxiliares ou de apoio administrativo ás anteriores.

Así mesmo, poderán solicitar, a través da autoridade gobernativa correspondente, o apoio necesario dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado.

2. O persoal habilitado para tal fin terá as seguintes facultades de inspección:

a) Acceder a calquera local, instalación, terreo e medio de transporte das empresas, asociacións de empresas e persoas físicas que desempeñen algunha actividade das previstas nesta lei, así como ao domicilio particular dos empresarios, administradores e outros membros do persoal das empresas. Así mesmo, poderán controlar os elementos afectos aos servizos ou actividades que os suxeitos ou os que realicen as actividades a que se refire esta lei, das redes que instalen ou exploten e de cantos documentos están obrigados a posuír ou conservar.

b) Verificar os libros, rexistros e outros documentos relativos á actividade de que se trate, calquera que sexa o seu soporte material, incluídos os programas informáticos e os arquivos magnéticos, ópticos ou de calquera outra clase.

c) Facer ou obter copias ou extractos, en calquera formato, deses libros ou documentos.

d) Reter por un prazo máximo de 10 días os libros ou documentos mencionados na alínea b).

e) Precintar todos os locais, libros ou documentos e demais bens da empresa, asociación de empresas ou persoas físicas que desempeñen algunha actividade das previstas nesta lei, durante o tempo e na medida en que sexa necesario para a inspección.

f) Solicitar a calquera persoa física que desempeñe algunha actividade das previstas nesta lei, representante ou membro do persoal da empresa ou da asociación de empresas explicacións sobre feitos ou documentos relacionados co obxecto e a finalidade da inspección e deixar constancia das súas respostas.

O exercicio das facultades descritas nas alíneas a) e e) requirirá o previo consentimento expreso do afectado ou, na súa falta, a correspondente autorización xudicial.

3. As actuacións de comprobación ou investigación levadas a cabo polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo no ámbito das súas competencias poderán desenvolverse:

a) En calquera despacho, oficina ou dependencia da persoa ou entidade inspeccionada ou de quen as represente.

b) Nos propios locais do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

Cando as actuacións de comprobación ou investigación se desenvolvan nos lugares sinalados na alínea a) anterior, observarase a súa xornada laboral, sen prexuízo de que se poida actuar de común acordo noutras horas ou días.

4. Se a empresa, asociación de empresas ou persoa física se opuxeren a unha inspección ou existir o risco de tal oposición, o órgano competente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo deberá solicitar a correspondente autorización xudicial, cando aquela implique restrición de dereitos fundamentais, ao xulgado do contencioso-administrativo. As autoridades públicas prestarán a protección e o auxilio necesario ao persoal do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo para o exercicio das funcións de inspección.

5. O persoal funcionario encargado da inspección labrará acta das súas actuacións. Os feitos constatados polos funcionarios públicos aos cales se recoñece a condición de autoridade e que se formalicen en documento público observando os requisitos legais pertinentes terán valor probatorio, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou presentar os propios administrados.

6. Os datos e informacións obtidos soamente poderán ser utilizados polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo para as finalidades previstas nesta lei.

7. A aplicación do réxime sancionador corresponderá ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo ou á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia de conformidade co establecido no artigo 73 desta lei.

#### Artigo 62. *Prazo de inspección.*

As actuacións de inspección deberán concluír no prazo de doce meses contado desde a data de notificación do seu inicio ao interesado. Entenderase que as actuacións finalizan na data en que se notifique a acta en que se documente a súa conclusión e resultado. Regulamentariamente poderán determinarse os supostos de suspensión do indicado prazo.

## CAPÍTULO II

### Infraccións e sancións

Artigo 63. *Concepto e clases de infraccións.*

1. Constitúen infraccións administrativas as accións e omisións tipificadas nesta lei.
2. As infraccións administrativas poderán ser moi graves, graves ou leves.
3. Soamente poderán ser sancionadas as persoas físicas ou xurídicas que resulten responsables dos feitos constitutivos de infracción aínda a título de simple inobservancia.

Artigo 64. *Infraccións moi graves.*

Son infraccións moi graves:

1. A realización de actividades incompatibles infrinxindo os requisitos de separación xurídica, funcional e de xestión, así como o incumprimento polos suxeitos obrigados a isto dos criterios de separación, todo isto de acordo co establecido nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

2. O incumprimento das obrigacións de contabilidade exigibles de acordo coa presente lei. Entenderase comprendido nesta infracción o incumprimento, por parte dos suxeitos obrigados a isto, da obrigación de levar contas separadas conforme o disposto no artigo 20 e nas súas normas de desenvolvemento.

3. A aplicación irregular de prezos, cargos, tarifas ou peaxes dos regulados na presente lei ou nas súas disposicións de desenvolvemento, de maneira que se produza unha alteración no prezo que sexa superior ao 15 por cento e que, ao mesmo tempo, exceda 300.000 euros.

4. O incumprimento das obrigacións resultantes do sistema de cargos, prezos, tarifas, tarifas de último recurso e peaxes, ou dos criterios de recadación, cando supoña un prexuízo grave para o sistema eléctrico. En particular, entenderase como incumprimento desas obrigacións a falta de aboamento da peaxe de acceso ás redes de transporte e distribución, así como dos prezos ou cargos conforme o que regulamentariamente se determine, por parte do comercializador nos termos da alínea d) do artigo 46.1 desta lei. En todo caso entenderase como incumprimento desas obrigacións a falta ou atraso no pagamento das cantidades a que dea lugar o procedemento das liquidacións dos artigos 18 e 19 desta lei e a súa normativa de desenvolvemento, e a declaración indebida de ingresos e custos, todo isto cando supoña un prexuízo grave para o sistema eléctrico.

5. A falta de comunicación ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo ou o incumprimento das condicións ou obrigacións establecidas, no suposto da toma de participacións en sociedades, nos termos previstos na disposición adicional novena da Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

6. O incumprimento das restricións impostas no artigo 34.1 do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos.

7. O incumprimento das limitacións que se establezan canto á participación no accionariado de Rede Eléctrica de España, S.A. ou do Operador do Mercado Ibérico da Enerxía-Polo Español, así como a falta de comunicación definida no artigo 31.2 de calquera circunstancia que poida afectar o cumprimento dos requisitos establecidos para a sociedade certificada como xestor da rede de transporte.

8. O incumprimento de resolucións xuridicamente vinculantes ou de requirimentos impartidos pola Administración competente, incluída a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, ou polo operador do sistema no ámbito das súas funcións, cando disto resulte un prexuízo relevante para o funcionamento do sistema.

9. O incumprimento reiterado das obrigacións de información establecidas no número 6 do artigo 65.

10. A inexactitude ou falsidade en calquera dato, manifestación ou documento que se presente á Administración, así como a falta de presentación en forma e prazo, co obxecto da determinación ou percepción do réxime retributivo das actividades con retribución regulada, sempre que isto supoña un impacto nos custos do sistema que exceda o 5 por cento da retribución regulada anual do suxeito.

11. A resistencia, obstrución, escusa ou negativa ás actuacións inspectoras que fosen acordadas en cada caso pola Administración pública competente, incluída a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

12. As accións ou omisións que supoñan incumprimento das medidas establecidas en aplicación do previsto no artigo 7 polos que realizan algunha das actividades nela reguladas.

13. O incumprimento por parte dos obrigados a isto pola normativa vixente das obrigacións de preservar e xestionar o acceso á información que teña carácter de confidencial.

14. O incumprimento dos requisitos establecidos na normativa de aplicación para ter dereito á percepción do réxime retributivo das actividades con retribución regulada, a menos que expresamente se tipificase como grave.

15. A realización de actividades incluídas no ámbito de aplicación da presente lei ou a construción, posta en funcionamento, modificación, transmisión, feche temporal ou feche definitivo de instalacións afectas a elas sen a necesaria concesión, autorización administrativa, declaración responsable, comunicación ou inscrición no rexistro correspondente cando proceda, así como o incumprimento do contido, prescricións e condicións delas cando se poña en risco a garantía de fornecemento ou se xere un perigo ou dano grave para as persoas, os bens ou o ambiente.

16. O incumprimento, por parte do titular das instalacións, da súa obrigación de mantelas en adecuadas condicións de conservación e idoneidade técnica, seguindo, se for o caso, as instrucións impartidas pola Administración pública competente, polo operador do sistema e polo xestor da rede de transporte ou polos xestores das redes de distribución, ou encargados da lectura segundo corresponda, en virtude do establecido na normativa de aplicación, cando o incumprimento poña en risco a garantía de fornecemento ou se xere un perigo ou dano grave para as persoas, os bens ou o ambiente.

17. A utilización de instrumentos, aparellos ou elementos que poñan en risco a seguranza sen cumprir as normas e as obrigacións técnicas que deban reunir os aparellos e instalacións afectos ás actividades obxecto da presente lei cando comporten perigo ou dano grave para persoas, bens ou para o ambiente.

18. O incumprimento por parte dos responsables do punto de medida da obrigación de dispor dos equipamentos de medida e control e demais dispositivos que regulamentariamente se establecesen, de forma que se impida ou altere a correcta medición e facturación, ou cando o incumprimento comporte perigo ou dano grave para persoas, bens ou para o ambiente; así como a negativa ou obstrución ao acceso dos encargados da lectura, verificadores ou organismos autorizados pola Administración competente para a realización da lectura, ou verificación dos equipamentos.

19. O incumprimento por parte dos obrigados a isto da normativa vixente relativa á instalación dos equipamentos de medida, concentradores e demais dispositivos de tratamento da información e comunicación necesarios para o correcto funcionamento do sistema de medidas, así como o incumprimento dos criterios de seguranza e de privacidade que se establezan regulamentariamente.

20. O incumprimento reiterado por parte dos obrigados a isto pola normativa vixente da realización dos procesos de alta ou modificación de fronteiras, lectura e tratamento das medidas e intercambios da información, así como da remisión da información ou, se for o caso, a súa posta á disposición aos destinatarios a que están obrigados a remitirla nos termos, no prazo e forma establecidos regulamentariamente.

21. A inexactitude ou falseamento da información relativa á medida remitida por parte dos obrigados a isto pola normativa vixente, cando disto derive un incremento significativo dos custos do sistema ou unha minoración significativa dos seus ingresos.

22. O incumprimento continuado, por parte dos obrigados a isto de conformidade coa normativa vixente, da súa obrigación de xestionar as verificacións dos equipamentos de medida.

23. Calquera manipulación dos equipamentos de medida ou das instalacións ou a non disposición dos dispositivos necesarios, tendentes a alterar a medición das cantidades fornecidas ou consumidas ou de calquera dos conceptos que serven de base para a facturación da enerxía fornecida ou consumida.

24. O incumprimento por parte do operador do mercado das funcións a que se refiren as alíneas e) e f) do artigo 29.2, nos termos previstos na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento, cando deste feito derive prexuízo para o sistema ou os demais suxeitos.

25. O incumprimento por parte do operador do sistema das funcións a que se refiren as alíneas k), l), r) e u) do artigo 30.2, nos termos previstos na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento, cando deste feito derive prexuízo para o sistema ou os demais suxeitos.

26. A denegación ou alteración inxustificadas do permiso de conexión a un punto da rede. Considerarase que a denegación é inxustificada cando non obedeza ao previsto na presente lei e nas normas de desenvolvemento aprobadas polo Goberno.

27. A denegación ou alteración inxustificadas do permiso de acceso a un punto da rede. Considerarase que a denegación é inxustificada cando non obedeza ao previsto na presente lei e nas normas de desenvolvemento aprobadas polo Goberno.

28. O establecemento doutros mecanismos diferentes dos previstos no artigo 33 para o outorgamento dos permisos de conexión e acceso ou para a priorización no seu outorgamento.

29. O outorgamento de permisos de acceso ou de permisos de conexión cando non se dispoña da capacidade necesaria de acordo coas condicións e criterios establecidos regulamentariamente polo Goberno.

30. O incumprimento reiterado dos índices obxectivos de calidade do servizo e a non elaboración das actuacións que impulsen a mellora da calidade do servizo establecidas no artigo 51.

31. A interrupción ou suspensión do fornecemento sen que medien os requisitos legal ou regulamentariamente establecidos ou fóra dos supostos previstos legal ou regulamentariamente.

32. A negativa a fornecer enerxía eléctrica a novos usuarios sen que existan razóns que o xustifiquen de acordo co previsto na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.

33. O incumprimento por parte das empresas distribuidoras ou transportistas da súa obrigación de realizar as conexións de servizo e a conexión de novos fornecementos ou ampliación dos existentes que se lles soliciten nas zonas en que operan, cando así resulte exixible de conformidade coa normativa de aplicación.

34. O incumprimento por parte das empresas distribuidoras da función que lles asigna a alínea l) do artigo 40.2, nos termos previstos na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento, cando deste feito derive un prexuízo económico para os suxeitos afectados.

35. O incumprimento por parte dos distribuidores, dos comercializadores ou dos xestores de cargas dos requisitos de capacidade legal, técnica e económica establecidos na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento.

36. A non formalización dos contratos de fornecemento e acceso a redes por parte dos suxeitos obrigados a isto de acordo coa normativa en vigor.

37. A redución, sen autorización, da capacidade de produción ou de fornecemento de enerxía eléctrica, incluíndo o incumprimento reiterado das obrigacións de dispoñibilidade polas unidades de produción.

38. Calquera manipulación tendente a alterar o prezo da enerxía eléctrica por parte de calquera suxeito, así como a inexactitude ou falsidade de carácter esencial, en

calquera dato, manifestación ou documento que supoña unha alteración do mercado de produción ou, se for o caso, despacho de produción.

39. A falta de presentación de ofertas de compra ou venda, de maneira reiterada, polos suxeitos obrigados a isto no mercado de produción.

40. Calquera outra actuación no fornecemento ou consumo de enerxía eléctrica que supoña unha alteración porcentual da realidade do fornecido ou do consumido superior ao 15 por cento e que, asemade, exceda 300.000 euros.

41. Calquera actuación tendente á alteración ou falseamento do resultado das probas ou inspeccións realizadas sobre as instalacións de produción.

42. O incumprimento por parte dos axentes que actúen como representantes da prohibición de actuar simultaneamente por conta propia e por conta allea.

43. En relación co autoconsumo, o incumprimento da obrigaçión de rexistro así como a aplicación de modalidades ou de réximes económicos non establecidos expresamente nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, así como o incumprimento dalgún dos requisitos técnicos de aplicación ás distintas modalidades de autoconsumo cando se producen perturbacións que afecten a calidade de fornecemento no ámbito da rede a que están conectados.

44. O incumprimento da prohibición establecida no artigo 20.8.

45. O incumprimento por parte dos xestores da rede de distribución das obrigaçións establecidas no exercicio da súa función, a menos que expresamente se tipifícase como grave.

46. O incumprimento por parte dos operadores dominantes das restricións impostas na normativa vixente.

#### Artigo 65. *Infraccións graves.*

Son infraccións graves:

1. O incumprimento por parte dos suxeitos obrigados de conformidade co disposto nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento da súa obrigaçión de realizar auditorías externas nos supostos en que así veña exixido.

2. A aplicación irregular de prezos, cargos, tarifas ou peaxes dos regulados na presente lei ou nas disposicións de desenvolvemento dela, de maneira que se produza unha alteración no prezo que sexa superior ao 10 por cento e que, asemade, exceda 30.000 euros. En particular, considerarase infracción grave o incumprimento por parte do distribuidor do disposto na alínea c) do artigo 44.1 cando se superen esas cantidades.

3. O incumprimento das obrigaçións resultantes da aplicación do sistema de cargos, prezos, tarifas, tarifas de último recurso e peaxes, ou dos criterios de recadación, cando non supoña un prexuízo grave para o sistema eléctrico. En particular, entenderase como incumprimento desas obrigaçións a falta de aboamento da peaxe de acceso ás redes de transporte e distribución, así como dos prezos ou cargos conforme o que regulamentariamente se determine, por parte do comercializador ao distribuidor nos termos da alínea d) do artigo 46.1 desta lei. En todo caso, entenderase como incumprimento desas obrigaçións a falta ou atraso no pagamento das cantidades a que dea lugar o procedemento de liquidacións referido nos artigos 18 e 19 e na súa normativa de desenvolvemento, a declaración indebida de ingresos e custos e as declaracións efectuadas fóra do prazo establecido, todo isto cando non supoña un prexuízo grave para o sistema eléctrico.

4. O incumprimento de resolucións xuridicamente vinculantes ou de requirimentos impartidos pola Administración pública competente, incluída a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, ou polo operador do sistema no ámbito das súas funcións, cando non resulte prexuízo relevante para o funcionamento do sistema.

5. O incumprimento das disposicións contidas nos regulamentos da Unión Europea que afecten o sector eléctrico, salvo que expresamente estean tipificadas como moi graves.



6. O incumprimento de cantas obrigacións de remisión de información deriven da aplicación da normativa vixente ou resulten do requirimento previo por parte da Administración pública, incluída a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, ou do operador do sistema ou do operador do mercado, no ámbito das súas funcións. Así mesmo, considerarase infracción grave o incumprimento por parte dos suxeitos do sistema das súas obrigacións de información ou comunicación a outros suxeitos do sistema. Tamén se considerará infracción grave a falta de remisión da información na forma e prazo que resulte exigible. Todo isto cando non fose expresamente tipificado como moi grave.

7. A inexactitude ou falsidade en calquera dato, manifestación ou documento que se presente á Administración, así como a falta de presentación en forma e prazo, co obxecto da determinación ou percepción do réxime retributivo das actividades con retribución regulada, que supoña un impacto nos custos do sistema que se encontre entre o 1 e o 5 por cento da retribución regulada anual do suxeito.

8. Os incumprimentos tipificados nos números 15, 16 e 17 do artigo 64 cando non concorran as circunstancias de risco de garantía do fornecemento ou perigo ou dano grave para as persoas, bens ou ambiente.

9. O incumprimento das medidas de seguranza, mesmo que non supoñan perigo manifesto para os bens.

10. O incumprimento por parte dos responsables do punto de medida da obrigación de dispor dos equipamentos de medida e control e demais dispositivos que regulamentariamente se establecesen cando non se impida a correcta facturación das enerxías fornecidas ou consumidas, ou cando o incumprimento non comporte perigo ou dano grave para persoas, bens ou para o ambiente.

11. O incumprimento por parte dos obrigados a isto pola normativa vixente da realización dos procesos de alta ou modificación de fronteiras, lectura e tratamento das medidas e intercambios da información, así como da remisión da información ou, se for o caso, a súa posta á disposición aos destinatarios a que están obrigados a remitirla nos termos, no prazo e na forma establecidos regulamentariamente.

12. O incumprimento, por parte dos obrigados a isto de conformidade coa normativa vixente, da súa obrigación de xestionar as verificacións dos equipamentos de medida, cando non fose tipificado como infracción moi grave.

13. O incumprimento por parte do operador do mercado das funcións e obrigacións que lle corresponden de acordo co establecido no artigo 29.2 e na súa normativa de desenvolvemento, a menos que expresamente se tipificase como moi grave.

14. O incumprimento por parte do operador do sistema, do transportista, dos distribuidores e dos xestores da rede de distribución das funcións e obrigacións que lles corresponden de acordo co establecido na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento, a menos que expresamente se tipificase como moi grave.

15. O incumprimento por parte do operador do sistema da obrigación de remisión de información que resulte necesaria para a determinación da retribución doutros axentes, ou a existencia de erros de carácter esencial nesa información.

16. A falta de comunicación da información necesaria ou, se for o caso, de parámetros non autorizados previamente, ao operador do sistema por parte dos suxeitos obrigados a isto para a correcta xestión do despacho de xeración nos sistemas illados.

17. O incumprimento por parte dos suxeitos obrigados a isto de conformidade coa normativa vixente dos índices de calidade do servizo a que se refire o artigo 51.2 ou das condicións de calidade e continuidade do servizo.

18. O incumprimento reiterado por parte da empresa fornecedora de aplicar os descontos correspondentes aos consumidores afectados por interrupcións nas condicións previstas na normativa de aplicación.

19. O atraso inxustificable no comezo da prestación do servizo a novos usuarios.

20. Calquera outra actuación no fornecemento ou consumo de enerxía eléctrica que supoña unha alteración porcentual da realidade do fornecido ou consumido superior ao 10 por cento e que, asemade, exceda 30.000 euros.

21. O incumprimento, por parte dos distribuidores ou comercializadores, das obrigacións de manter unha base de datos de todos os puntos de fornecemento conectados ás súas redes e ás redes de transporte da súa zona, de permitiren o acceso a ela, así como de dotarse dos sistemas informáticos necesarios que permitan a consulta dos datos do rexistro de puntos de fornecemento e a recepción e validación informática de solicitudes e comunicacións cos consumidores e comercializadores de enerxía.

22. O incumprimento reiterado e inxustificado dos prazos e contidos establecidos para as comunicacións con calquera dos suxeitos que deben intervir no cambio de fornecedor ou na realización de modificacións das condicións dos contratos.

23. O incumprimento reiterado por parte dos comercializadores dos requisitos establecidos para a formalización de contratos de fornecemento de enerxía eléctrica, así como das condicións de contratación e de apoderamento cos clientes.

24. A creación de confusión na información e na presentación da marca e imaxe de marca das empresas distribuidoras e as empresas comercializadoras de referencia que formen parte dun grupo de sociedades que desenvolva actividades reguladas e libres nos termos previstos na presente lei, respecto á identidade propia das filiais do seu mesmo grupo que realicen actividades de comercialización.

25. O incumprimento por parte das empresas distribuidoras e comercializadoras de electricidade das obrigacións de mantemento e correcto funcionamento dun servizo de atención ás queixas, reclamacións, incidencias en relación co servizo contratado ou ofrecido, solicitudes de información sobre os aspectos relativos á contratación e fornecemento ou comunicacións, que inclúa un servizo de atención telefónica e número de teléfono, ambos gratuítos, así como da aplicación de calquera das medidas de protección do consumidor de acordo co establecido na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento, en especial as relativas aos consumidores vulnerables.

26. O incumprimento por parte dos distribuidores, ou dos comercializadores ou dos xestores de cargas, das súas obrigacións e dos requisitos que a normativa en vigor determine para exercer a actividade, a menos que expresamente se tipificase como moi grave ou como leve.

27. O incumprimento das obrigacións de dispoñibilidade de unidades de produción en cada período de programación.

28. A falta de presentación de ofertas de compra ou venda polos suxeitos obrigados a isto no mercado de produción.

29. O incumprimento por parte dos axentes que actúen como representantes das obrigacións establecidas nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, a menos que expresamente se tipificase como moi grave.

30. O incumprimento por parte dos xestores de cargas das obrigacións reguladas na presente lei e na súa normativa de desenvolvemento en relación coa revenda de enerxía eléctrica.

31. Calquera infracción por manipulación de mercado tamén en fase de tentativa, uso de información privilexiada ou falta de difusión de información privilexiada, conforme o establecido no Regulamento (UE) n.º 1227/2011, do 25 de outubro de 2011, sobre a integridade e a transparencia do mercado grosista da enerxía ou na súa normativa de desenvolvemento.

32. O incumprimento por parte dos suxeitos cualificados e participantes dos requisitos establecidos para as poxas reguladas de enerxía eléctrica previstas na normativa correspondente.

33. A manipulación do prezo dos servizos de axuste por parte dun axente do mercado mediante a realización de ofertas a prezos excesivos que resulten dispares de forma non xustificada dos prezos ofertados por el mesmo noutros segmentos do mercado de produción.

34. A presentación de ofertas con valores anormais ou desproporcionados co obxecto de alterar indebidamente o despacho das unidades de xeración ou o emparellamento do mercado.

35. En relación co autoconsumo, o incumprimento dos requisitos e obrigacións establecidos, cando non estiver tipificado como moi grave; así como a aplicación incorrecta das modalidades e dos seus réximes económicos asociados establecidos nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento.

36. O incumprimento por parte dos distribuidores ou dos comercializadores da súa obrigación de pór en práctica os programas de xestión da demanda aprobados pola Administración.

#### Artigo 66. *Infraccións leves.*

Son infraccións leves:

1. O incumprimento por parte dos suxeitos obrigados a isto das súas obrigacións en relación coa formalización dos contratos de fornecemento cando non teña consideración de infracción grave ou moi grave.

2. O incumprimento das obrigacións derivadas das regras do mercado ou dos procedementos de operación que non teñan a consideración de infracción moi grave ou grave de conformidade cos artigos 64 ou 65, cando de tal incumprimento non derive prexuízo para o funcionamento do mercado ou do sistema eléctrico.

3. O incumprimento inxustificable dos prazos establecidos para as comunicacións cos comercializadores e clientes e para levar a cabo o cambio de fornecedor, así como para realizar calquera modificación das condicións dos contratos.

4. O incumprimento por parte dos comercializadores dos requisitos de contratación e apoderamento cos clientes.

5. O incumprimento por parte dos comercializadores e distribuidores de calquera requisito de información exigible nas súas facturas.

6. A aplicación irregular de prezos, cargos, tarifas ou peaxes dos regulados na presente lei ou nas súas disposicións de desenvolvemento, de maneira que se produza unha alteración no prezo, cando non teña consideración de infracción grave ou moi grave.

7. A inexactitude ou falsidade en calquera dato, manifestación ou documento que se presente á Administración pública, así como a falta de presentación en forma e prazo, co obxecto da determinación ou percepción do réxime retributivo das actividades con retribución regulada que supoña un impacto nos custos do sistema que non exceda o 1 por cento da retribución regulada anual do suxeito.

#### Artigo 67. *Sancións.*

1. As infraccións establecidas no capítulo I deste título serán sancionadas do modo seguinte:

a) Pola comisión das infraccións moi graves imporase ao infractor multa por importe non inferior a 6.000.001 euros nin superior a 60.000.000 de euros.

b) Pola comisión de infraccións graves imporase ao infractor multa por importe non inferior a 600.001 euros nin superior a 6.000.000 euros.

c) Pola comisión de infraccións leves imporase ao infractor unha multa por importe de até 600.000 euros.

2. En calquera caso a contía da sanción non poderá superar o 10 por cento do importe neto anual da cifra de negocios do suxeito infractor, ou o 10 por cento do importe neto anual da cifra de negocios consolidada da sociedade matriz do grupo a que pertenza a empresa, segundo os casos.

3. Se, en razón das circunstancias concorrentes, se apreciar unha cualificada diminución da culpabilidade do infractor ou da antixuridicidade do feito ou se, atendida a situación económica do infractor en razón do seu patrimonio, dos seus ingresos, das súas cargas familiares e das demais circunstancias persoais que resulten acreditadas, a sanción resultar manifestamente desproporcionada, o órgano sancionador poderá determinar a contía da sanción aplicando a escala correspondente á clase ou clases de

infraccións que precedan en gravidade aquela en que se integra a considerada no caso de que se trate.

4. En todo caso, a contía da sanción que se impoña, dentro dos límites indicados, graduarase tendo en conta os seguintes criterios:

- a) O perigo resultante da infracción para a vida e a saúde das persoas, a seguranza das cousas e o ambiente.
- b) A importancia do dano ou deterioración causados.
- c) Os prexuízos producidos na continuidade e regularidade do fornecemento.
- d) O grao de participación na acción ou omisión tipificada como infracción e o beneficio obtido dela.
- e) A intencionalidade e a reiteración na comisión da infracción.
- f) A reincidencia por comisión no termo dun ano de máis dunha infracción da mesma entidade cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa.
- g) O impacto na sustentabilidade económica e financeira do sistema eléctrico.
- h) Calquera outra circunstancia que poida incidir no maior ou menor grao de probabilidade da infracción.

5. Para os efectos desta lei considerarase que un incumprimento é reiterado cando dentro do ano inmediatamente anterior á súa comisión o suxeito fose sancionado mediante resolución firme en vía administrativa consoante a mesma infracción.

#### Artigo 68. Sancións accesorias.

1. As infraccións moi graves poderán ser sancionadas, ademais de coa multa correspondente, cunha ou varias das seguintes sancións accesorias en función das circunstancias concorrentes:

- a) Inhabilitación para o exercicio ou desenvolvemento de actividades no ámbito do sector eléctrico durante un período non superior a tres anos.
- b) Suspensión, revogación ou non renovación das autorizacións durante un período non superior a tres anos, se for o caso.
- c) Perda da posibilidade de obter subvencións, axudas públicas ou calquera réxime económico adicional conforme esta lei e as súas normas de desenvolvemento durante un período non superior a tres anos.

2. As infraccións graves, ademais de coa multa correspondente, poderán ser sancionadas cunha ou varias das seguintes sancións accesorias en función das circunstancias concorrentes:

- a) Inhabilitación para o exercicio ou desenvolvemento de actividades no ámbito do sector eléctrico durante un período non superior a un ano.
- b) Suspensión ou non renovación das autorizacións para o exercicio ou desenvolvemento de actividades no ámbito do sector eléctrico durante un período non superior a un ano.
- c) Revogación das autorizacións para o exercicio ou desenvolvemento de actividades no ámbito do sector eléctrico.
- d) Perda da posibilidade de obter subvencións, axudas públicas ou calquera réxime económico adicional conforme esta lei e as súas normas de desenvolvemento durante un período superior a un ano.

#### Artigo 69. Outras medidas.

1. Ademais de impor as sancións que en cada caso correspondan, a resolución do procedemento sancionador declarará a obrigação de:

- a) Restituír as cousas ou repolas ao seu estado natural anterior ao inicio da actuación infractora no prazo que se fixe.

b) Cando non sexa posible a restitución das cousas nin repolas ao seu estado natural, indemnizar os danos irreparables por contía igual ao valor dos bens destruídos ou a deterioración causada, así como os prexuízos ocasionados, no prazo que se fixe.

c) Reintegrar as cantidades indebidamente percibidas naqueles casos en que a comisión da infracción supuxese a percepción dunha retribución regulada que non debería terlle sido de aplicación.

2. Exixirase a indemnización por danos e perdas cando non sexa posible a restitución ou reposición e, en todo caso, se se produciron danos e perdas aos intereses públicos.

Cando os danos foren de imposible ou difícil avaliación, para fixar a indemnización teranse en conta o custo da restitución e reposición e o valor dos bens danados, e debe aplicarse o que proporcione o maior valor.

#### Artigo 70. *Natureza das sancións e indemnizacións.*

O importe das sancións e indemnizacións, así como o contido económico dos demais actos de execución forzosa que se establezan en aplicación dos preceptos desta lei e das súas disposicións de desenvolvemento, terán natureza de crédito de dereito público e poderá ser exixido polo procedemento administrativo de constrinximento regulado no Regulamento xeral de recadación aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

#### Artigo 71. *Concorrenza de responsabilidades.*

1. A responsabilidade administrativa polas infraccións tipificadas nesta lei non exclúe as doutra orde a que houber lugar.

2. As sancións que se impoñan a distintos suxeitos como consecuencia dunha mesma infracción terán entre si carácter independente.

3. Non poderán sancionarse os feitos que fosen sancionados penal ou administrativamente nos casos en que se aprecie identidade de suxeito, feito e fundamento.

4. Cando a infracción poida ser constitutiva de delito ou falta, iniciado o procedemento sancionador, darase traslado do tanto de culpa ao Ministerio Fiscal, e suspenderase a súa tramitación até se ditar resolución xudicial firme que poña termo á causa ou sexan devoltas as actuacións polo Ministerio Fiscal.

5. Se non se apreciou a existencia de delito ou falta, o órgano administrativo competente continuará o expediente sancionador. Os feitos declarados probados na resolución xudicial firme vincularán o dito órgano.

#### Artigo 72. *Extinción da responsabilidade.*

A responsabilidade administrativa derivada das infraccións reguladas nesta lei extínguese polo pagamento ou cumprimento da sanción e das medidas impostas en aplicación do establecido no artigo 69, e por prescrición.

#### Artigo 73. *Competencia para impor sancións.*

1. No ámbito da Administración xeral do Estado a competencia para impor as sancións correspondentes ás infraccións en materia do sector eléctrico corresponderá:

a) Ao Consello de Ministros para a imposición de sancións pola comisión de infraccións moi graves que inclúan algunha das sancións accesorias previstas no artigo 68.

b) Ao ministro de Industria, Enerxía e Turismo para impor sancións pola comisión de infraccións moi graves que non inclúan algunha das sancións accesorias previstas no artigo 68.

c) Ao secretario de Estado de Enerxía para impor sancións pola comisión de infraccións graves.

d) Ao director xeral correspondente da Secretaría de Estado de Enerxía para impor sancións pola comisión de infraccións leves.

2. No ámbito das comunidades autónomas observarase o previsto na súa propia normativa.

3. A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, no ámbito das súas competencias, poderá impor sancións pola comisión das infraccións administrativas seguintes:

a) As tipificadas como moi graves nos números 1, 2, 5, 6, 7, 8, 9, 11, 12, 15, 24, 25, 26, 27, 28, 29, 30, 32, 33, 34, 35, 36, 37, 38, 39, 40, 42, 45 e 46 do artigo 64.

b) As tipificadas como graves a que se fai referencia no parágrafo anterior cando, polas circunstancias concorrentes, non se poidan cualificar de moi graves e, en particular, as tipificadas nos números 1, 4, 5, 6, 13, 14, 15, 18, 19, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 30, 31, 32, 33 e 34 do artigo 65.

c) As tipificadas como leves nos números 1, 2, 3, 4 e 5 do artigo 66.

4. A Administración xeral do Estado será competente para impor sancións cando se produzan infraccións moi graves que comprometan a seguranza de fornecemento.

#### Artigo 74. *Prescripción de infraccións e sancións.*

1. As infraccións administrativas previstas na presente lei prescribirán no prazo de catro anos as moi graves, no de tres anos as graves e no de dous anos as leves.

2. As sancións impostas pola comisión de infraccións moi graves prescribirán aos catro anos, as impostas por graves aos tres anos e as impostas por leves farano aos dous anos.

3. Para o cómputo dos prazos de prescripción de infraccións e sancións observarase o disposto no artigo 132.2 e 3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Nos supostos de infraccións continuadas o prazo de prescripción comezará a contar desde o momento da finalización da actividade ou do último acto con que a infracción se consuma. No caso de que os feitos ou actividades constitutivos de infracción sexan descoñecidos por careceren de signos externos, o prazo computarase desde que estes se manifesten.

### CAPÍTULO III

#### Procedemento sancionador

#### Artigo 75. *Réxime xurídico aplicable.*

O procedemento para a imposición das sancións previstas nesta lei, cuxas fases de instrución e resolución estarán debidamente separadas, axustarase ao disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, e na súa normativa regulamentaria de desenvolvemento, coas particularidades que se establecen nos demais artigos deste capítulo.

#### Artigo 76. *Iniciación.*

Os procedementos sancionadores polas infraccións administrativas tipificadas nesta lei iniciaranse de oficio por acordo do director xeral correspondente da Secretaría de Estado de Enerxía, ou do órgano da citada dirección que teña expresamente atribuída a competencia, ben por propia iniciativa ben como consecuencia de orde superior, petición razoada doutros órganos administrativos ou por denuncia.

Isto non obstante, nos procedementos sancionadores polas infraccións administrativas que están dentro do ámbito de actuación e das funcións que ten encomendadas a

Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, a instrución e a resolución serán realizadas polos órganos establecidos na Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, e no estatuto orgánico da citada comisión.

**Artigo 77. Medidas provisionais.**

1. En calquera momento do procedemento sancionador, o director xeral correspondente da Secretaría de Estado de Enerxía ou o órgano competente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá adoptar, logo de audiencia do interesado e mediante resolución motivada, calquera medida que, atendendo ás circunstancias do caso, sexa necesaria para asegurar a efectividade da resolución que se puiden ditar no procedemento ou o seu bo fin, así como para evitar o mantemento dos efectos da infracción, se existiren elementos de xuízo suficientes para isto.

A notificación destas medidas acompañarase, se for o caso, de emprazamento para que se emende a deficiencia ou irregularidade constitutiva da infracción de que se trate.

2. Así mesmo, nos casos de urxencia e cando poida existir un risco certo para a seguranza do fornecemento eléctrico, o director xeral correspondente da Secretaría de Estado de Enerxía ou o órgano competente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderán adoptar, con carácter previo á iniciación do procedemento sancionador e de oficio ou por instancia de parte, as medidas que sexan necesarias para garantir a seguranza e o fornecemento ditos, nos termos previstos no artigo 72.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

3. Os gastos orixinados polas medidas previstas neste artigo sufragaranse a cargo das persoas físicas e entidades responsables dos incumprimentos, deficiencias ou irregularidades que as xustificasen.

**Artigo 78. Instrución.**

A instrución dos procedementos sancionadores derivados das infraccións administrativas tipificadas nesta lei así como o arquivamento, após a súa resolución, das actuacións realizadas corresponderá ao órgano da dirección xeral correspondente da Secretaría de Estado de Enerxía ou, cando así proceda, ao órgano da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia que teña atribuída esa competencia.

**Artigo 79. Prazo para resolver e notificar.**

O prazo para resolver e notificar nos procedementos sancionadores polas infraccións administrativas tipificadas nesta lei será de dezoito meses nos expedientes por infraccións moi graves e graves e de nove meses cando se incoen por infraccións leves.

Transcorrido este prazo sen resolución expresa, o director xeral correspondente da Secretaría de Estado de Enerxía ou, cando así proceda, o órgano da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia que teña atribuída esa competencia, declarará a caducidade do procedemento e ordenará o arquivamento das actuacións, cos efectos previstos no artigo 92 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

**Artigo 80. Efectos da resolución.**

1. A resolución será executiva cando poña fin á vía administrativa.
2. Na resolución adoptaranse, se for o caso, as medidas cautelares precisas para garantir a súa eficacia en canto non sexa executiva.

**Disposición adicional primeira. Multas coercitivas.**

Para asegurar o cumprimento das resolucións ou requirimentos de información que diten, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo ou a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderán impor multas coercitivas polo importe diario de entre 100 e

10.000 euros, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O importe das multas fixarase atendendo aos seguintes criterios:

- a) O perigo resultante da infracción para a vida e saúde das persoas, a seguranza das cousas e o ambiente.
- b) A importancia do dano ou deterioración causados.
- c) Os prexuízos producidos na continuidade e regularidade do fornecemento.
- d) Os prexuízos económicos causados.

As multas coercitivas serán independentes das sancións que se poidan impor e compatibles con elas.

O importe das multas coercitivas previstas nesta disposición ingresarase no Tesouro público.

Disposición adicional segunda. *Ocupación do dominio público marítimo-terrestre para liñas aéreas de alta tensión.*

Para os efectos a que se refire no artigo 32 da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, excepcionalmente e por razóns de utilidade pública debidamente acreditadas, o Consello de Ministros, por proposta conxunta dos ministerios de Fomento, de Agricultura, Alimentación e Ambiente e de Industria, Enerxía e Turismo, tomando en consideración os valores ambientais e paisaxísticos, poderá autorizar o tendido aéreo de liñas eléctricas de alta tensión no dominio público marítimo-terrestre, sempre que non se localicen en tramos de costa que constitúan praia ou outros ámbitos de especial protección.

Disposición adicional terceira. *Efectos desestimatorios da falta de notificación de resolución expresa.*

As solicitudes de resolucións administrativas que se deban ditar conforme o disposto na presente lei e na lexislación específica en materia nuclear poderanse entender desestimadas se non se notifica resolución expresa no prazo que para o efecto se estableza nas súas disposicións de desenvolvemento.

Disposición adicional cuarta. *Servidumes de paso.*

A servidume de paso de enerxía eléctrica, tanto aéreo como subterráneo, a que se refire o artigo 57, constituída a favor da rede de transporte, distribución e fornecemento, inclúe aquelas liñas e equipamentos de telecomunicación que por elas poidan transcorrer, tanto se o son para o servizo de autoprestación da explotación eléctrica como para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público, e sen prexuízo do prezo xusto que, se for o caso, poida corresponder se se agravar esta servidume.

Igualmente, as autorizacións existentes a que se refire o artigo 56.2 inclúen aquelas liñas e equipamentos de telecomunicación que por elas poidan transcorrer, co mesmo alcance obxectivo e autonomía que resultan do parágrafo anterior.

Disposición adicional quinta. *Capacidade xurídica dos suxeitos do Mercado Ibérico da Electricidade.*

Recoñécese aos suxeitos do sector eléctrico portugués capacidade para actuaren nos mercados de enerxía eléctrica previstos no Convenio internacional relativo á constitución dun mercado ibérico da enerxía eléctrica entre o Reino de España e a República Portuguesa, do 1 de outubro de 2004, sempre que se encontren comprendidos dentro do seu artigo 3 e de acordo coa normativa vixente en España.



Disposición adicional sexta. *Financiamento dos desaxustes do sistema eléctrico.*

1. A obrigación de financiamento dos desaxustes e desviacións producidos por déficit de ingresos e os límites establecidos no artigo 19 serán de aplicación ás liquidacións que corresponda realizar a partir do exercicio 2014 e para a débeda acumulada desde o 1 de xaneiro de 2014.

2. Os titulares de dereitos de cobramento correspondentes a déficits ou desaxustes das liquidacións de actividades con retribución regulada que se producisen até o exercicio 2013 incluído non se verán afectados por esta obrigación de financiamento no que se refire ás cantidades concretas correspondentes a eses dereitos.

3. Os dereitos de cobramento correspondentes a déficits de ingresos do sistema de liquidacións xerados desde 1 de xaneiro de 2013 non poderán ser cedidos polos seus titulares ao Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico.

Disposición adicional sétima. *Prescrición dos dereitos e obrigacións do sistema eléctrico.*

1. Prescribirán aos quince anos:

a) O dereito a recoñecer ou liquidar créditos a favor do sistema eléctrico.

b) O dereito ao cobramento dos créditos recoñecidos ou liquidados, contando desde a notificación do acto que os declare con carácter definitivo.

c) O dereito ao recoñecemento ou liquidación polo sistema das obrigacións con cargo a el.

d) O dereito a exixir o pagamento das obrigacións xa recoñecidas ou liquidadas, contando desde a notificación do acto que as declare con carácter definitivo.

e) O dereito á modificación ou revogación da retribución regulada que perciban os suxeitos definidos no artigo 6 desta lei, contando desde que se produza a actuación que poida determinar aquela.

2. A prescrición dos dereitos e obrigacións do sistema eléctrico interromperase conforme o establecido nas disposicións do Código civil e aplicarase de oficio.

3. Non obstante o anterior, o Goberno poderá regular os termos do cómputo e os supostos de interrupción dos citados prazos.

Disposición adicional oitava. *Informes do mercado de produción de enerxía eléctrica. Mecanismos de mercado que fomenten a contratación a prazo.*

1. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, en virtude do disposto no artigo 5.2 da Lei 3/2013, do 4 de xuño, poderá solicitar á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a realización de análises relacionadas co mercado de produción e o fornecemento de enerxía eléctrica cando concorran razóns de interese xeral ou ben se aprecien indicios de falta de competencia efectiva.

2. Habilítase a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para realizar proposta ao Goberno para que estableza por vía regulamentaria mecanismos de mercado que fomenten a contratación a prazo de enerxía eléctrica. Estes mecanismos tomarán a forma dunha emisión primaria de certa cantidade de enerxía eléctrica, equivalente a unha potencia determinada, nas condicións e durante o período de tempo que se especifiquen na emisión, ou outras formas que permitan incrementar a competencia no sistema eléctrico e a liquidez dos seus mercados.

Disposición adicional novena. *Lexislación especial en materia de enerxía nuclear.*

As instalacións de produción de enerxía eléctrica a que sexa de aplicación a lexislación especial en materia de enerxía nuclear rexeranse por ela ademais de polo disposto na presente lei.

Disposición adicional décima. *Primeiro período regulatorio.*

1. Para os efectos previstos no número 4 do artigo 14 desta lei, e con independencia da data de inicio en cada unha das actividades, o primeiro período regulatorio finalizará o 31 de decembro de 2019. A partir do 1 de xaneiro de 2020 sucederanse os seguintes períodos regulatorios de forma consecutiva.

2. Para as actividades de produción a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos con réxime retributivo específico, o primeiro período regulatorio iniciarase na data de entrada en vigor do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo.

Neste período, o valor sobre o cal xirará a rendibilidade dos proxectos tipo de referencia para os procedementos de concorrencia competitiva previstos no artigo 14.7, antes de impostos, será o rendemento medio no mercado secundario dos tres meses anteriores á entrada en vigor do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, das obrigacións do Estado a dez anos incrementado en 300 puntos básicos.

3. Para as actividades de transporte e distribución o primeiro período regulatorio iniciarase desde que resulten de aplicación os reais decretos sinalados nos artigos 5 e 6 do Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo, que desenvolven a metodoloxía de retribución das actividades de transporte e distribución respectivamente.

Sen prexuízo do previsto no Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, para o cálculo da retribución que se percibirá no segundo período de 2013 e para o cálculo da retribución que se percibirá a partir do 1 de xaneiro do ano 2014 e anos sucesivos en que sexan de aplicación os artigos 4.2 e 5.2 do dito real decreto lei, a taxa de retribución do activo con dereito a retribución a cargo do sistema eléctrico de distribución e transporte de enerxía eléctrica para o primeiro período regulatorio será a media do rendemento das obrigacións do Estado a dez anos no mercado secundario dos tres meses anteriores á entrada en vigor do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, incrementada en 200 puntos básicos.

4. Para as actividades de produción nos sistemas eléctricos non peninsulares o primeiro período regulatorio iniciarase desde que resulte de aplicación o real decreto que desenvolva a revisión do seu marco retributivo.

O réxime retributivo que se estableza axustarase ao previsto no artigo 7 do Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo, no artigo 37 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, na presente lei e na Lei para a garantía do fornecemento e incremento da competencia nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.

Neste primeiro período regulatorio, a taxa de retribución para o cálculo da retribución financeira do investimento de cada grupo con réxime retributivo adicional será a media do rendemento das obrigacións do Estado a dez anos no mercado secundario dos tres meses anteriores á entrada en vigor do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, incrementada en 200 puntos básicos.

Todo o anterior debe entenderse sen prexuízo da aplicación desde o 1 de xaneiro de 2012 das disposicións que correspondan en aplicación do previsto no artigo 7 do Real decreto lei 13/2012, do 30 de marzo, e no artigo 37 do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo.

Disposición adicional décimo primeira. *Referencias ao réxime retributivo específico.*

Para as instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración de alta eficiencia e residuos, as alusións ao réxime retributivo específico realizadas na alínea e) do artigo 14.7 entenderanse realizadas a calquera dos réximes económicos primados que existisen con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

Disposición adicional décimo segunda. *Consumidores autorizados para verter enerxía á rede.*

1. O Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo poderá autorizar, nos termos que se establezan regulamentariamente e con carácter excepcional, determinados consumidores de enerxía eléctrica conectados en alta tensión que, debido á implantación dun sistema

de aforro e eficiencia enerxética, dispoñan en determinados momentos de enerxía eléctrica recuperada que non poida ser consumida na súa propia instalación, para verter enerxía á rede.

2. Estes consumidores deberán facer fronte, pola enerxía vertida, ao mesmo réxime económico que resulte da aplicación do disposto no artigo 9.3.

Disposición adicional décimo terceira. *Mecanismos de cooperación internacional para o cumprimento dos compromisos derivados da directiva de enerxías renovables.*

1. A Administración xeral do Estado habilitará o marco que permita a posta en marcha dos mecanismos de cooperación previstos na normativa comunitaria para o fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables.

A aplicación destes mecanismos garantirá en todo momento a seguranza do sistema eléctrico e non poderá supor en ningún caso unha diminución ou perda da enerxía de orixe renovable producida en España.

2. A posta en marcha dos correspondentes proxectos ou actuacións singulares estará suxeita á súa aprobación polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo que, para tal fin, terá en conta a afección ás estruturas de transporte de enerxía e a planificación enerxética no seu conxunto.

Disposición adicional décimo cuarta. *Tecnoloxías de produción que non alcanzasen os obxectivos.*

1. Poderase establecer regulamentariamente un réxime retributivo axustado ao previsto no artigo 14.7 para instalacións das tecnoloxías para as cales os obxectivos de potencia previstos no Real decreto 661/2007, do 25 de maio, non fosen alcanzados.

Este réxime outorgarase a un máximo de 120 MW.

2. Para poder ser adxudicatario deste réxime, as instalacións deberán non ter sido inscritas no Rexistro de preasignación de retribución e encontrarse nunha das seguintes situacións:

a) Que presentasen solicitude de inscrición no rexistro de preasignación de retribución, ao abeiro do previsto no artigo 4 do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social, que a solicitude tivese entrada no Rexistro Administrativo do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, e que cumprisen os requisitos do artigo 4.3 do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, todo isto antes da data de entrada en vigor do Real decreto lei 1/2012.

b) Que dispoñan de acta de posta en servizo, con carácter definitivo, para a totalidade da potencia nos trinta días naturais posteriores ao de entrada en vigor da presente lei.

3. O réxime retributivo específico de aplicación e o seu procedemento de asignación estableceranse regulamentariamente e non lles será de aplicación a obriga de outorgamento do réxime retributivo mediante un procedemento de concorrencia competitiva prevista nas alíneas a) e c) do artigo 14.7.

4. Para os efectos de asignación do réxime retributivo específico, as instalacións ordenaranse por prioridade en función dos seguintes criterios até alcanzar a cota prevista:

1.º O cumprimento da alínea 2.a) anterior.

2.º O cumprimento da alínea 2.a), salvo os requisitos do artigo 4.3 do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, e o cumprimento da alínea 2.b).

3.º O cumprimento da alínea 2.b) anterior.

5. En caso de superarse a cota prevista, establecerase, dentro de cada un dos criterios do número 4, unha prelación segundo a data de autorización administrativa, no primeiro caso, e de acta de posta en servizo para o segundo e terceiro caso.

Disposición adicional décimo quinta. *Financiamento do extracusto da actividade de produción nos sistemas eléctricos nos territorios non peninsulares.*

Desde o 1 de xaneiro de 2014, os extracustos derivados da actividade de produción de enerxía eléctrica, cando se desenvolvan nos sistemas eléctricos illados dos territorios non peninsulares de acordo co disposto na Lei do sector eléctrico, serán financiados nun 50 por cento con cargo aos orzamentos xerais do Estado. Para estes efectos, a Lei de orzamentos xerais do Estado correspondente a cada ano incorporará un crédito orzamentario destinado a cubrir a estimación provisoria dos extracustos que se deben financiar do exercicio así como, se for o caso, o saldo resultante da liquidación definitiva da compensación orzamentaria correspondente a exercicios anteriores.

As compensacións orzamentarias non terán a consideración de custos do sistema eléctrico. Regulamentariamente, coa participación da Intervención Xeral da Administración do Estado, determinarase un mecanismo de control e recoñecemento das compensacións orzamentarias, así como o procedemento da súa liquidación, tanto provisoria como definitiva.

En todo caso, o sistema de liquidacións do sistema eléctrico xestionado polo órgano encargado da liquidación actuará como mecanismo de financiamento subsidiario, tendo, soamente para estes efectos, a natureza de custos do sistema eléctrico.

Disposición adicional décimo sexta. *Modificación da disposición adicional quinta da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013.*

A disposición adicional quinta da Lei 17/2012, do 27 de decembro, queda redactada como segue:

«Disposición adicional quinta. *Achegas para o financiamento do sector eléctrico.*

1. Nas leis de orzamentos xerais do Estado de cada ano destinarase a financiar os custos do sistema eléctrico previstos na Lei do sector eléctrico, referidos a fomento de enerxías renovables, un importe equivalente á suma dos seguintes:

a) A estimación da recadación anual derivada dos tributos incluídos na Lei de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética.

b) O 90 por cento do ingreso estimado pola poxa dos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, cun máximo de 450 millóns de euros.

2. O 10 por cento do ingreso estimado pola poxa dos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, cun máximo de 50 millóns de euros, se afecta a política de loita contra o cambio climático.

3. As ditas achegas realizaranse mediante libramentos mensuais por un importe máximo da cifra de recadación efectiva polos ditos tributos, canons e ingresos por poxa de dereitos de emisión no mes inmediato anterior, segundo certificación dos órganos competentes do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e sempre que non se supere a cifra indicada no caso dos dereitos de emisión.

A achega que se deba realizar en función da recadación do mes de decembro efectuarase con cargo ao orzamento do exercicio seguinte.

4. Dos fondos destinados á política de loita contra o cambio climático só se poder dispor, igualmente, na medida en que se producen previamente os ingresos derivados das poxas de dereitos de emisión e cos límites indicados no número 2.»

Disposición adicional décimo sétima. *Modificación da disposición adicional segunda da Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética.*

A disposición adicional segunda da Lei 15/2012, do 27 de decembro, queda redactada como segue:

«Disposición adicional segunda. *Custos do sistema eléctrico.*

Nas leis de orzamentos xerais do Estado de cada ano destinarase a financiar os custos do sistema eléctrico previstos no artigo 13 da Lei do sector eléctrico un importe equivalente á suma dos seguintes:

- a) A estimación da recadación anual derivada dos tributos e canons incluídos na presente lei.
- b) O ingreso estimado pola poxa dos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, cun máximo de 500 millóns de euros.»

Disposición adicional décimo oitava. *Déficit para o ano 2013.*

Para o ano 2013 recoñécese a existencia dun déficit de ingresos de liquidacións do sistema eléctrico polo importe máximo de 3.600 millóns de euros, sen prexuízo dos desaxustes temporais que se poidan producir no sistema de liquidacións eléctrico para ese ano.

Este déficit xerará dereitos de cobramento consistentes no dereito a percibir un importe da facturación mensual polos ingresos do sistema previstos nas alíneas a), b), c), e e) do número 2 do artigo 13 desta lei, dos quince anos sucesivos contados desde o 1 de xaneiro de 2014 até a súa satisfacción. As cantidades achegadas por este concepto serán devoltas con recoñecemento dun tipo de xuro en condicións equivalentes ás do mercado que se fixará na orde pola cal se revisen as peaxes e os cargos.

Para o financiamento dos ditos déficits, os dereitos de cobramento correspondentes poderanse ceder de acordo co procedemento que determine regulamentariamente o Goberno.

Disposición adicional décimo novena. *Instalacións de xeración a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración de alta eficiencia e residuos, situadas nos sistemas eléctricos non peninsulares.*

As instalacións de xeración a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración de alta eficiencia e residuos, situadas nos sistemas eléctricos non peninsulares que na data de entrada en vigor da Lei 17/2013, do 29 de outubro, para a garantía do fornecemento e incremento da competencia nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares, dispuxesen de autorización administrativa, quedarán exceptuadas da aplicación do disposto no artigo 2 da citada lei.

Disposición adicional vixésima. *Plan Renove de instalacións de coxeración e residuos.*

No marco normativo que determine o sistema de obrigacións de eficiencia enerxética derivado da aplicación da Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de outubro de 2012, e coa finalidade de contribuír ao obxectivo nacional de eficiencia enerxética do artigo 3.1, desenvolveranse programas de renovación de instalacións de coxeración e residuos.

Disposición transitoria primeira. *Aplicación de disposicións anteriores e referencias á Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.*

1. En canto non se diten as normas de desenvolvemento da presente lei que sexan necesarias para a aplicación dalgún dos seus preceptos, continuarán aplicándose as correspondentes disposicións en vigor en materia de enerxía eléctrica.

2. As referencias realizadas na normativa á Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, entenderanse realizadas aos conceptos equivalentes regulados na presente lei. En particular:

a) As referencias existentes na normativa sectorial aos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares entenderanse realizadas aos sistemas eléctricos dos territorios non peninsulares.

b) As referencias existentes na normativa do sector eléctrico a custos permanentes e custos de diversificación e seguranza de abastecemento entenderanse feitas a custos do sistema.

3. Non obstante o anterior, as referencias que na normativa sectorial se fan ao réxime ordinario e ao réxime especial entenderanse realizadas á definición deses réximes vixente con anterioridade á entrada en vigor desta lei.

Disposición transitoria segunda. *Expedientes de instalacións eléctricas en tramitación.*

1. Os procedementos de autorización de instalacións eléctricas iniciados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei tramitaranse até a súa resolución conforme a lexislación anterior.

2. Os procedementos referidos no número precedente seguirán sendo tramitados até a súa resolución pola Administración ou organismo regulador que sexa competente consoante a lexislación anterior, ao cal corresponderá igualmente a resolución dos recursos que, se for o caso, se poidan interpor.

Disposición transitoria terceira. *Oficina de cambios de fornecedor.*

A oficina de cambios de fornecedor seguirá desempeñando até o 30 de xuño de 2014 as funcións que tiña atribuídas conforme o disposto no artigo 47 bis da Lei 54/1997, do 27 de novembro, no artigo 83 bis da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e na súa normativa de desenvolvemento.

A partir desta data, as ditas funcións serán desempeñadas pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, que terá acceso ás bases de datos de consumidores e puntos de fornecemento de gas e de electricidade.

Disposición transitoria cuarta. *Separación xurídica de actividades.*

As empresas distribuidoras con menos de 100.000 clientes conectados ás súas redes que á entrada en vigor da presente lei non cumpran co disposto no artigo 12 que lles sexa de aplicación disporán dun período de tres anos desde a entrada en vigor da presente lei para o cumprimento deses requisitos.

Disposición transitoria quinta. *Particularidades de determinadas obrigacións de ingreso correspondentes a liquidacións do réxime retributivo específico.*

1. Aquelas obrigacións de ingreso correspondentes ás liquidacións á conta realizadas ao abeiro do número 2 da disposición transitoria terceira do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, polo que se adoptan medidas urxentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico, así como aquelas outras liquidacións que deriven de modificacións ou cancelacións de inscricións no rexistro de réxime retributivo específico

realizadas ao abeiro do segundo parágrafo da disposición transitoria sexta desta lei, presentarán as seguintes particularidades:

a) No suposto de incumprimento dunha obrigaón de ingreso por parte dos representantes indirectos dos suxeitos do sistema eléctrico aos cales corresponda efectuar pagamentos por liquidacións de conformidade co artigo 18 desta lei, esta obrigaón de ingreso poderá ser compensada cos dereitos de cobramento correspondentes ao mesmo suxeito representado, aínda que correspondan a distintas liquidacións e aínda que no momento de levar a cabo a compensación teña outro representante. Non procederá a compensación naqueles casos en que o suxeito representado pagase ao representante a contía correspondente á obrigaón de ingreso.

En todo caso, a compensación do dereito de cobramento deixará a salvo as cantidades que corresponda percibir ao representante en concepto de representación do suxeito.

b) No suposto de incumprimento dunha obrigaón de ingreso por parte dos suxeitos do sistema eléctrico aos cales corresponda efectuar pagamentos por liquidacións, esta obrigaón de ingreso poderá ser compensada cos dereitos de cobramento correspondentes ao mesmo suxeito, aínda que estas correspondan a distintas liquidacións.

2. Naqueles casos en que o incumprimento da obrigaón de ingreso que corresponda a un suxeito produtor ou ao seu representante indirecto non fose satisfeita na súa totalidade de acordo co previsto no parágrafo anterior, poderá ser compensada coas contías correspondentes á participación no mercado da enerxía proveniente das instalacións de produción da titularidade do primeiro.

3. Regulamentariamente estableceranse os termos e as limitacións das compensacións das obrigaóns de ingreso establecidas nesta disposición.

*Disposición transitoria sexta. Inscripción das instalacións no Rexistro de Réxime Retributivo Específico.*

Non obstante o establecido no artigo 27 desta lei, as instalacións que á entrada en vigor desta lei teñan dereito á percepción do réxime económico primado, continuarán percibíndoo con carácter de pagamento á conta, nos termos previstos na disposición transitoria terceira do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, polo que se adoptan medidas urxentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico.

Sen prexuízo do previsto no artigo 27 desta lei, regulamentariamente establecerase o procedemento polo cal as instalacións que á entrada en vigor desta lei teñan dereito á percepción do réxime económico primado quedarán inscritas no rexistro de réxime retributivo específico e serán obxecto de liquidación do réxime retributivo específico correspondente. Do mesmo modo establecerase o procedemento para a revisión e corrección dos datos de inscrición e, se for o caso, a cancelación da inscrición se se acreditar que a instalación non ten dereito á percepción dese réxime retributivo.

Este procedemento garantizará, en todo caso, a audiencia ao interesado, e o prazo máximo para ditar e notificar a súa resolución será dun ano.

*Disposición transitoria sétima. Aplicación transitoria dos artigos 38 e 42 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.*

Non obstante o establecido na disposición derogatoria única.1.a, o previsto nos números 2 e 3 do artigo 38 e nos números 2, 3 e 4 do artigo 42 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, manterase vixente até que o artigo 33 desta lei sexa de aplicación.

Disposición transitoria oitava. *Caducidades dos dereitos de acceso e conexión concedidos.*

Os dereitos de acceso e conexión a un punto da rede determinado xa concedidos con anterioridade á entrada en vigor da presente lei caducarán se concorre algunha das seguintes circunstancias:

a) Non ter obtido autorización de explotación da instalación de xeración asociada no maior dos seguintes prazos:

- 1.º Cinco anos desde a entrada en vigor da presente lei.
- 2.º Cinco anos desde a obtención do dereito de acceso e conexión nun punto da rede.

b) Para aquelas instalacións de xeración que, tendo obtido autorización de explotación, cesen na vertedura de enerxía á rede durante un período superior a tres anos por causas imputables ao titular distintas ao feche temporal.

Disposición transitoria novena. *Exención da obrigação establecida no artigo 9.3 da presente lei até o 31 de decembro de 2019 para as instalacións de coxeración e para as instalacións acollidas á disposición adicional décimo segunda do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, fornecemento e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica.*

1. As instalacións de produción de enerxía eléctrica con coxeración que á entrada en vigor desta lei se encontren inscritas con carácter definitivo no Rexistro administrativo de instalacións de produción de enerxía eléctrica dependente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo cumprindo os requisitos de rendemento recollidos no Real decreto 661/2007, do 25 de maio, polo que se regula a actividade de produción de enerxía eléctrica e se manteñan no cumprimento deles, quedarán exentas da obrigação disposta no artigo 9.3 até o 31 de decembro de 2019.

2. Os consumidores de enerxía eléctrica, que á entrada en vigor desta lei fosen obxecto da autorización a que fai referencia a disposición adicional décimo segunda do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, fornecemento e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica con anterioridade ao 1 de xuño de 2013, quedarán exentos da obrigação disposta no número 2 da disposición adicional décimo primeira até o 31 de decembro de 2019.

Disposición transitoria décima. *Consumidor vulnerable e bono social.*

1. Até que se desenvolva o previsto no artigo 45.1 terán dereito ao bono social os fornecementos dos consumidores que, sendo persoas físicas, teñan unha potencia contratada inferior a 3 kW na súa vivenda habitual.

Tamén terán dereito os consumidores con 60 ou máis anos de idade que acrediten ser pensionistas do sistema da Seguridade Social por xubilación, incapacidade permanente e viuvez e que perciban as contías mínimas vixentes en cada momento para esas clases de pensión con respecto aos titulares con cónxuxe a cargo ou aos titulares sen cónxuxe que viven nunha unidade económica unipersonal, así como os beneficiarios de pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez e de pensións non contributivas de xubilación e invalidez maiores de 60 anos.

Así mesmo, terán dereito os consumidores que acrediten ser familias numerosas e os consumidores que acrediten formar parte dunha unidade familiar que teña todos os seus membros en situación de desemprego.

2. O procedemento para acreditar as condicións que dan dereito á bonificación rexerese polo disposto na Resolución do 26 de xuño de 2009, da Secretaría de Estado de Enerxía, pola que se determina o procedemento de posta en marcha do bono social.



3. De conformidade coa disposición transitoria primeira do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, polo que se adoptan medidas urxentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico, e até que se aprobe a orde prevista no artigo 45.4 desta lei, a repartición do custo do bono social realizarase de conformidade coa disposición adicional cuarta da Orde IET/843/2012, do 25 de abril, pola que se establecen as peaxes de acceso a partir do 1 de abril de 2012 e determinadas tarifas e primas das instalacións do réxime especial. Así mesmo, até que se fixe a tarifa de último recurso prevista no artigo 45.3 resultará de aplicación o disposto na disposición adicional quinta da citada Orde IET/843/2012, do 25 de abril.

Disposición transitoria décimo primeira. *Aplicabilidade do artigo 33.*

O disposto no artigo 33 será de aplicación unha vez que entre en vigor o real decreto polo que se aproben os criterios para a concesión dos permisos de acceso e conexión tal como se prevé no dito artigo.

Disposición transitoria décimo segunda. *Mecanismo de outorgamento de réxime retributivo específico para instalacións renovables nos sistemas eléctricos non peninsulares.*

Con carácter extraordinario e até o 31 de decembro de 2014, o Goberno poderá exceptuar a aplicación do procedemento de concorrencia competitiva previsto no artigo 14.7.a) e c) de outorgamento de réxime retributivo específico para determinadas tecnoloxías de xeración renovable nos sistemas eléctricos non peninsulares, cando a súa introdución supoña unha redución significativa dos custos de xeración do sistema eléctrico e sempre que a súa posta en servizo se produza con anterioridade ao 31 de decembro de 2016.

Disposición transitoria décimo terceira. *Procedemento de liquidacións.*

Até o desenvolvemento regulamentario do procedemento xeral de liquidacións de acordo co disposto no artigo 18.2 da presente lei, resultará de aplicación o procedemento regulado no Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e se regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización á tarifa dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguranza de abastecemento, coas seguintes particularidades:

a) Observarase o disposto no artigo 19.3 da presente lei para efectos do financiamento de posibles desaxustes ou desviacións entre ingresos e custos.

b) Con carácter xeral, nas actividades con retribución regulada que correspondan a unha partida de custos do sistema eléctrico, o cobramento desa retribución realizarase con cargo ás liquidacións provisorias de cada exercicio para o cal se establecesen, aplicándose a todas as actividades igual distribución no cobramento, de acordo co artigo 18.2 da presente lei.

Disposición transitoria décimo cuarta. *Aplicación de cargos.*

Até o desenvolvemento da metodoloxía de cálculo dos cargos de acordo co disposto no artigo 16 da presente lei, as cantidades que deberán satisfacer os consumidores para cubrir os custos do sistema serán fixadas polo ministro de Industria, Enerxía e Turismo, logo de acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Disposición transitoria décimo quinta. *Aplicación do réxime de incompatibilidades contido no artigo 20.8 desta lei.*

Os contratos a que se refire o artigo 20.8 que se adxudicasen con anterioridade á entrada en vigor desta lei, así como as súas ampliacións, revisións, modificacións e calquera outra relación contractual que derive ou estea prevista en tales contratos e que

se adxudique con posterioridade á entrada en vigor desta lei, rexerese pola normativa vixente no momento da celebración dos primeiros e non lles será de aplicación o réxime de incompatibilidades previsto neste artigo 20.8.

Disposición transitoria décimo sexta. *Financiamento do extracusto de xeración nos territorios insulares e extrapeninsulares.*

Os extracustos derivados das actividades de produción de enerxía eléctrica no ano 2013 cando se desenvolvan en territorios insulares e extrapeninsulares de acordo co disposto na Lei do sector eléctrico serán financiados con cargo ao sistema de liquidacións do sector eléctrico e consideraranse para estes efectos como custo do sistema eléctrico do exercicio 2013.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Quedan derogados expresamente:

a) A Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, salvo as disposicións adicionais sexta, sétima, vixésimo primeira e vixésimo terceira, e sen prexuízo do previsto na disposición derradeira terceira da presente lei.

b) O artigo 24 do Real decreto lei 6/2010, do 9 de abril, de medidas para o impulso da recuperación económica e o emprego.

c) A disposición adicional primeira do Real decreto lei 14/2010, do 23 de decembro, polo que se establecen medidas urxentes para a corrección do déficit tarifario do sector eléctrico.

d) A disposición adicional décimo quinta do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.

e) Os artigos 3 e 4 do Real decreto lei 2/2013, do 1 de febreiro, de medidas urxentes no sistema eléctrico e no sector financeiro.

f) Con efectos desde o 19 de outubro de 2013, a Lei 15/2013, do 17 de outubro, pola que se establece o financiamento con cargo aos orzamentos xerais do Estado de determinados custos do sistema eléctrico, ocasionados polos incentivos económicos para o fomento da produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxías renovables e se concede un crédito extraordinario polo importe de 2.200.000.000 de euros no orzamento do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo.

g) A disposición adicional cuarta do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, polo que se adoptan medidas urxentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico.

h) O artigo 83 bis da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

2. Así mesmo, quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango en canto contradigan ou se opoñan ao disposto na presente lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.*

Modifícase a disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, que mantén a súa vixencia e queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición adicional vixésimo primeira. *Suficiencia das peaxes de acceso e desaxustes de ingresos das actividades reguladas do sector eléctrico.*

1. Cando pola aparición de desaxustes temporais durante o ano 2013 o fondo acumulado na conta específica a que se refire o Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e se regula o procedemento de liquidación dos custos de transporte, distribución e comercialización á tarifa, dos custos permanentes do sistema e dos custos de diversificación e seguranza de abastecemento, aberta en réxime de depósito, deite un saldo negativo, este será

liquidado pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ou, se for o caso, o órgano liquidador a que corresponda, nas liquidacións mensuais aplicando as seguintes porcentaxes de repartición:

- «Iberdrola, S. A.»: 35,01 por 100.
- «Hidroeléctrica del Cantábrico, S. A.»: 6,08 por 100.
- «Endesa, S. A.»: 44,16 por 100.
- «EON España, S. L.»: 1,00 por 100.
- «GAS Natural S.D.G., S. A.»: 13,75 por 100.

As empresas terán dereito a recuperar as achegas por este concepto nas liquidacións correspondentes aos quince anos seguintes ao exercicio en que se tiveren producido. As cantidades achegadas por este concepto serán devoltas con recoñecemento dun tipo de xuro en condicións equivalentes ás do mercado que se fixará na orde pola cal se revisen as peaxes e cargos.

Con anterioridade ao 1 de decembro de 2014 realizarase unha liquidación complementaria da liquidación provisoria 14 do exercicio 2013, incluíndo as cantidades que até esa data se incorporasen provenientes das correspondentes partidas de ingresos.

O desaxuste de ingresos do sistema eléctrico do exercicio 2013 determinarase a partir desta liquidación complementaria do dito exercicio.

2. Até o 1 de xaneiro de 2013, as disposicións polas cales se aproben as peaxes de acceso recoñecerán de forma expresa os déficits de ingresos que, se for o caso, se considere que poidan producirse nas liquidacións das actividades reguladas no sector eléctrico.

Así mesmo, entenderase que se producen desaxustes temporais se, como resultado das liquidacións das actividades reguladas en cada período, resultar un déficit de ingresos superior ao previsto na disposición pola cal se aprobaron as peaxes de acceso correspondentes. Este desaxuste temporal recoñecerase de forma expresa nas disposicións de aprobación das peaxes de acceso do período seguinte.

Cando, pola aparición de desaxustes temporais, o fondo acumulado na conta específica a que se refire o Real decreto 2017/1997, do 26 de decembro, aberta en réxime de depósito, deite un saldo negativo, este será liquidado pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia nas liquidacións mensuais aplicando as seguintes porcentaxes de repartición:

- «Iberdrola, S. A.»: 35,01 por 100.
- «Hidroeléctrica del Cantábrico, S. A.»: 6,08 por 100.
- «Endesa, S. A.»: 44,16 por 100.
- «EON España, S. L.»: 1,00 por 100.
- «GAS Natural S.D.G., S. A.»: 13,75 por 100.

Estas porcentaxes de repartición poderán ser modificadas por real decreto cando se produzan desinvestimentos significativos que afecten as empresas na actividade de distribución, cando se produzan cambios estruturais substanciais na actividade de xeración que así o xustifiquen ou como consecuencia de investimentos ou desinvestimentos significativos en activos de xeración.

As empresas terán dereito a recuperar as achegas por este concepto nas 14 liquidacións correspondentes ao período en que se modifiquen as tarifas de acceso para o recoñecemento dese desaxuste temporal. As cantidades achegadas por este concepto serán devoltas con recoñecemento dun tipo de xuro en condicións equivalentes ás do mercado, que se fixará na orde pola cal se aproban as peaxes.

3. Se o importe do desaxuste temporal definido nos números 1 e 2 non for coñecido no momento da aprobación da disposición pola que se aproban as peaxes de acceso do período seguinte, na dita disposición recoñecerase de forma expresa,

incluíndo os xuros que puideren producir, os importes que, se for o caso, se considere que vaian ser financiados.

Habíltase a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas para modificar os ditos importes polos realmente financiados por cada unha das empresas, cando se dispoña da información da liquidación 14 do exercicio correspondente. Para o ano 2013 terase en conta a información da liquidación complementaria da liquidación 14 do dito exercicio.

A diferenza entre os importes recoñecidos coa información da liquidación 14 e os resultantes da liquidación definitiva do correspondente exercicio, terán a consideración de custo ou ingreso liquidable do sistema do exercicio en que se produza. Para o ano 2013 terase en conta a información da liquidación complementaria da liquidación 14.

4. Non obstante, para os anos 2009, 2010, 2011 e 2012, o déficit de ingresos previsto na disposición pola cal se aprobaron as peaxes de acceso correspondentes non será superior a 3.500 millóns de euros, 3.000 millóns de euros, 3.000 millóns de euros e 1.500 millóns de euros, respectivamente.

Así mesmo, os desaxustes temporais de liquidacións do sistema eléctrico que se produzan en 2010, até unha contía máxima de 2.500 millóns de euros, e en 2012, no importe de 4.109.213 miles de euros, terán a consideración de déficit de ingresos do sistema de liquidacións eléctrico para 2010 e 2012, respectivamente, que xerará dereitos de cobramento que poderán ser cedidos polos seus titulares ao Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico, considerándose o importe para o ano 2012 como definitivo para efectos da cesión.

5. Os déficits do sistema de liquidacións eléctrico xerarán dereitos de cobramento consistentes no dereito a percibir un importe da facturación mensual por peaxes de acceso ou cargos dos anos sucesivos até a súa satisfacción. As cantidades achegadas por este concepto serán devoltas con recoñecemento dun tipo de xuro en condicións equivalentes ás do mercado, que se fixará na orde pola que se aproban as peaxes.

Os pagamentos que realice a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia ou, se for o caso, o órgano encargado das liquidacións, necesarios para satisfacer os dereitos de cobramento terán consideración de custos do sistema e recadaranse a través dos cargos establecidos de acordo co disposto na presente lei até a súa satisfacción total.

Para o financiamento dos ditos déficits, os dereitos de cobramento correspondentes poderanse ceder a un fondo de titulización que se constituirá para estes efectos e denominarase Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico, segundo o establecido na disposición adicional quinta da Lei 3/1994, do 14 de abril, pola que se adapta a lexislación española en materia de entidades de crédito á Segunda directiva de coordinación bancaria e se introducen outras modificacións relativas ao sistema financeiro, sendo de aplicación o disposto no Real decreto 926/1998, do 14 maio, polo que se regulan os fondos de titulización de activos e as sociedades xestoras de fondos de titulización. A constitución do Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico requirirá o informe previo favorable do Ministerio de Economía e Competitividade.

O activo do fondo de titulización estará constituído por:

a) Dereitos de cobramento xerados e non cedidos a terceiros polos titulares iniciais do dereito até 10.000 millóns de euros en data do 31 de decembro de 2008. O prezo de cesión dos ditos dereitos e as condicións da súa cesión determinaranse por real decreto, por proposta conxunta dos titulares dos ministerios de Industria, Enerxía e Turismo e de Economía e Competitividade.

b) Os dereitos de cobramento a que dea lugar o financiamento dos déficits xerados desde o 1 de xaneiro de 2009 até o 31 de decembro de 2012, cuxas características, así como prezo e condicións de cesión, se establecerán por real

decreto, por proposta conxunta dos titulares dos ministerios de Industria, Enerxía e Turismo e de Economía e Competitividade.

6. O pasivo do fondo de titulización estará constituído polos instrumentos financeiros que se emitan a través dun procedemento competitivo que se regulará por real decreto, por proposta conxunta dos titulares dos ministerios de Industria, Enerxía e Turismo e de Economía e Competitividade.

7. A sociedade xestora do fondo de titulización será designada pola comisión que para estes efectos se cree, dependente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, que a presidirá. Esta comisión estará composta por representantes do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e do Ministerio de Economía e Competitividade. En atención á natureza da función asignada á comisión, esta poderá contar co asesoramento técnico da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia e da Comisión Nacional do Mercado de Valores polas especiais condicións de experiencia e coñecementos que concorren en tales organismos.

A designación, pola comisión, da sociedade xestora deberase realizar de acordo cos principios de obxectividade, transparencia e publicidade, e entre sociedades xestoras que contén con profesionais de recoñecida e probada experiencia na materia.

Na súa organización e funcionamento, a comisión rexerá polo establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, e regulamentariamente establecerase a súa composición canto a número de membros e rango xerárquico.

A extinción desta comisión producirase automaticamente unha vez alcanzado o fin para que foi creada.

8. Así mesmo, para cubrir eventuais desfases de tesouraría entre ingresos e pagamentos do fondo de titulización, por acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos poderase constituír unha liña de crédito en condicións de mercado.

9. Ao abeiro do establecido no artigo 114 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, autorízase a Administración xeral do Estado, até o 31 de decembro de 2013, para outorgar avais en garantía das obrigacións económicas exixibles ao Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico, derivadas das emisións de instrumentos financeiros que realice o dito fondo con cargo aos dereitos de cobramento que constitúan o seu activo:

Os importes máximos para o outorgamento dos avais a que se refire o este número serán os que determinen as correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado.

O outorgamento dos avais deberá ser acordado polo titular do ministerio competente para o outorgamento dos avais en garantía das obrigacións económicas exixibles ao Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico, de acordo co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e soamente poderá efectuarse unha vez constituído o fondo.

Se se producir a execución do aval contra a Administración xeral do Estado, esta subrogarase, respecto dos importes executados por calquera concepto, en todos os dereitos e accións que teñan recoñecidos os acredores fronte ao Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico.

No caso de execución dos avais a que se refire este número, autorízase a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira para que poida efectuar os pagamentos correspondentes á execución dos avais mediante operacións de tesouraría con cargo ao concepto específico que se fixe para tal fin. Con posterioridade á realización dos pagamentos, a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira procederá á aplicación definitiva ao orzamento de gastos dos pagamentos realizados no exercicio, salvo os efectuados no mes de decembro, que se aplicarán ao orzamento de gastos no primeiro trimestre do ano seguinte.»

Disposición derradeira segunda. *Carácter básico e título competencial.*

1. A presente lei ten carácter básico, de acordo co establecido no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 25.<sup>a</sup> da Constitución.

2. Exclúense deste carácter básico as referencias aos procedementos administrativos, que serán regulados pola Administración pública competente e axustaranse, en todo caso, ao establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. En todo caso, ten carácter básico o disposto sobre os efectos da falta de notificación de resolución expresa na disposición adicional terceira.

3. Os preceptos do título IX, relativos a expropiación forzosa e servidumes, son de aplicación xeral ao abeiro do previsto no artigo 149.1.8.<sup>a</sup> e 18.<sup>a</sup> da Constitución.

4. As instalacións a que se refire o artigo 149.1.22.<sup>a</sup> da Constitución rexeranse polo disposto nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento.

Disposición derradeira terceira. *Novo réxime xurídico e económico da actividade de produción a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos con réxime económico primado.*

1. De acordo co establecido na disposición derradeira segunda do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, polo que se adoptan medidas urxentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico, o Goberno, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, aprobará un real decreto de regulación do réxime xurídico e económico para as instalacións de produción de enerxía eléctrica a partir de fontes de enerxía renovables, coxeración e residuos que teñan recoñecida retribución primada á entrada en vigor do citado real decreto lei.

2. Tal e como alí se dispón, este novo modelo axustarase aos criterios previstos no artigo 30 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, na redacción que lle foi dada polo citado real decreto lei, e será de aplicación desde a súa entrada en vigor.

Non obstante o anterior, o réxime retributivo específico que se estableza para as instalacións de tecnoloxía solar termoeléctrica adxudicatarias do réxime previsto na disposición adicional terceira do Real decreto 1565/2010, do 19 de novembro, polo que se regulan e modifican determinados aspectos relativos á actividade de produción de enerxía eléctrica en réxime especial, estará composto por un único termo á operación cuxo valor será o resultante da oferta económica para as que resultaren adxudicatarias.

3. Nos termos previstos no Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, polo que se adoptan medidas urxentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico, para o establecemento dese novo réxime retributivo a rendibilidade razoable ao longo de toda a vida regulatoria da instalación xirará, antes de impostos, sobre o rendemento medio no mercado secundario dos dez anos anteriores á entrada en vigor do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, das obrigacións do Estado a dez anos incrementada en 300 puntos básicos, todo isto sen prexuízo da súa ulterior revisión nos termos legalmente previstos.

4. En ningún caso poderá resultar do dito novo modelo retributivo a reclamación das retribucións percibidas pola enerxía producida con anterioridade ao 14 de xullo de 2013, mesmo se se constatar que nesa data pode terse superado a citada rendibilidade.

5. A revisión dos parámetros de retribución realizarase, en todo caso, conforme o disposto no artigo 14.4 desta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación normativa.*

1. Habilitase o Goberno para que, no ámbito das súas competencias, dite as disposicións regulamentarias necesarias para o desenvolvemento e a aplicación desta lei.

2. En particular, autorízase o Goberno para modificar a indexación da retribución das diferentes actividades reguladas do sector eléctrico.

Disposición derradeira quinta. *Modificación do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, polo que se adoptan medidas urxentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico.*

A disposición transitoria terceira.2 do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, queda redactada como segue:

«2. O organismo encargado da liquidación aboará, con carácter de pagamento á conta, os conceptos liquidables xerados polas instalacións de réxime especial e aquelas de réxime ordinario con réxime retributivo primado ao abeiro de Real decreto 661/2007, do 25 de maio, en aplicación do previsto nos referidos reais decretos.

Os dereitos de cobramento ou obrigacións de pagamento resultantes da aplicación da metodoloxía que se estableza en virtude do previsto na disposición derradeira segunda á enerxía producida desde a entrada en vigor do presente real decreto lei até a entrada en vigor das disposicións necesarias para a plena aplicación do novo réxime retributivo serán liquidados polo organismo encargado delas nas nove liquidacións a partir da data que regulamentariamente se estableza, sen prexuízo do establecido no parágrafo seguinte.

Non obstante o anterior, regulamentariamente poderase establecer un límite máximo ás obrigacións de ingreso que deriven da aplicación deste número. A aplicación do límite anteriormente citado poderá dar lugar a que o axuste se realice en máis de nove liquidacións.

Estas cantidades terán a consideración de custo ou ingreso liquidable do sistema, segundo proceda, para os efectos previstos no procedemento de liquidación dos custos do sistema eléctrico.»

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto, mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 26 de decembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY